

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5**

### **SESION ORDINARIA DO 21 DE MARZO DE 2011**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Veloso Ríos, Iolanda

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martiño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota  
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinte e un de marzo do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da

Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. .... Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o pleno do Concello en sesión ordinaria, convocado para o día de hoxe ás 9:00 neste salón, por orde do día do 17 de marzo que obra en poder das señora e señores concelleiros. Constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.- (49).- ACTAS ANTERIORES.** (SESIÓNS EXT. 17.01.11 E ORD. 31.01/07.02.11)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións plenarias extraordinaria do 17 de xaneiro e ordinaria do 31 de xaneiro e máis a súa continuación do día 7 de febreiro de 2011.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se formularon.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

##### **XESTIÓN MUNICIPAL**

#### **3.1.- (50).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO**

CONCELLO PREVISTOS NA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO. EXPTE. 7154/540 (144/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 1 de marzo de 2011, o tesoureiro municipal presenta informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pagamento das obrigas do Concello de Vigo previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, co seguinte contido:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.

1. Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público.

ANTECEDENTES.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os tesoureiros das corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do sector público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que *“A Administración terá a obrigación de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde devandita data de recepción ou prestación.”*

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se

refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Por outra parte, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200, será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, a Lei aplicarase a todos os contratos realizados con posterioridade á súa entrada en vigor, polo que, en aplicación da normativa transcrita, o presente informe avalía os prazos de pagamento das facturas presentadas no último trimestre do exercicio 2010, isto é, dende o 1 de outubro ata o 31 de decembro do ano 2010, que supuxeron o recoñecemento dunha obrigación a cargo do Concello de Vigo así como a correlativa ordenación do pagamento correspondente.

Non avalía, polo tanto, o presente informe, a tramitación e pagamento daquelas facturas rexistradas no citado trimestre das que non se tramitaran polos órganos xestores, xustificadamente ou non, os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, con independencia do seu estado de tramitación.

Baixo as premisas anteriores, os datos necesarios para a realización do presente informe foron obtidos da base de datos de xestión de expedientes, seleccionando os expedientes tipo *facturas* rexistrados no rexistro xeral dende o día 1 de outubro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010 nos que conste o trámite *orde de pagamento*. A información sobre os prazos de pagamento é a que consta nas bases de datos municipais a 1 de marzo do ano 2011, data de emisión do presente informe.

Tendo en conta o exposto con anterioridade, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

## **INFORME:**

### 1. Obrigas recoñecidas.

No derradeiro trimestre do ano 2010 téñense rexistrado un total de 3.729 facturas respecto das que consta a súa aprobación e posterior ordenación do pagamento, ascendendo o importe global das obrigas recoñecidas a 62.315.815,70 euros. Das

ditas facturas, 3.712 foron pagadas con anterioridade ao 1 de marzo do ano 2011, e 17 atopábanse pendentes de pago en dita data.

## 2. Obrigacións pagadas en prazo.

Polo que respecta ás facturas aboadas, un total de 2.618 facturas (70,53% do total), cuxo importe total ascende a 53.491.733,10 euros (que representa o 86,93% do importe total) foron pagadas dentro do prazo legal de 55 días establecido na Lei de Contratos do sector público.

## 3. Obrigacións pagadas fora de prazo.

Pola contra, en 1.094 ocasións (29,47%) por un importe total de 8.042.071,26 euros (13,07% do importe total), o pagamento realizouse nun prazo superior a 55 días desde a data na que tivo entrada a correspondente factura no rexistro xeral, incumpríndose deste xeito a obriga de aboar o prezo no prazo establecido na Lei de Contratos do sector público.

## 4. Información sobre os prazos de pagamento.

Con respecto ós prazos de pagamento das obrigas satisfeitas, poden observarse resumidamente no cadro seguinte:

<b>PRAZOS PAGO DAS OBRIGAS</b>	<b>Nº FACTS.</b>	<b>%</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>%</b>
IGUAL OU INFERIOR A 30 DÍAS	588	15,84%	23.812.361,93 €	38,70%
ENTRE 31 E 40 DÍAS	584	15,73%	8.050.838,08 €	13,08%
ENTRE 41 E 50 DÍAS	917	24,70%	16.834.175,56 €	27,36%
ENTRE 51 E 55 DÍAS	529	14,25%	4.794.357,53 €	7,79%
ENTRE 56 E 65 DÍAS	819	22,06%	5.305.191,23 €	8,62%
SUPERIOR A 65 DÍAS	275	7,41%	2.736.880,03 €	4,45%
TOTAIS	3.712	100,00%	61.533.804,36 €	100,00%

OBRIGAS PAGADAS EN PRAZO	2.618	70,53%	53.491.733,10 €	86,93%
OBRIGAS PAGADAS FÓRA PRAZO	1.094	29,47%	8.042.071,26 €	13,07%

## 5. Prazo medio de pagamento.

O prazo medio de pagamento, calculado dende a data de rexistro da factura no rexistro xeral do Concello ata a data do pagamento, foi de 46,95 días.

## 6. Obrigas pendentes de pagamento nas que se está incumprindo o prazo.

Con respecto ás obrigas pendentes de pagamento, a 1 de marzo do ano 2011 nun total de 17 obrigas (que supoñen o 0,46% do número total de facturas aprobadas) por un importe global de 782.011,34 euros (que supoñen o 1,25% do importe total das obrigas recoñecidas) estase incumprindo o prazo de 55 días establecido na DT 8ª Lei de Contratos do sector público para o aboamento efectivo do prezo

correspondente.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe deberá remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda así como á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.”

Visto o anterior, na mesma data do 1 de marzo a concelleira delegada de Economía e Facenda a remisión do presente informe ao Pleno para o seu coñecemento.

A comisión informativa da Xestión Municipal, en sesión do 14 de marzo, tomou coñecemento do anterior informe.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.*

### 3.2.- (51).- MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2010. EXPTE. 152/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de marzo de 2011 o presidente do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo presenta a memoria do devandito Tribunal correspondente ao ano 2010 co seguinte contido:

"Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario do 14 de xuño de 2004, elabórase a presente memoria correspondente ó ano 2010, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

A actividade do Tribunal no ano 2010 veu condicionada polo feito da súa paralización durante un período de oito meses motivada pola xubilación do seu anterior presidente e as dificultades para o nomeamento dos novos membros, de tal xeito que tiveron que ser nomeados accidentalmente o presidente e o secretario do mesmo, cargo accidental que seguen desenvolvendo en tanto non se produza a modificación do Regulamento precisa.

Despois de varios anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, en tanto que contribuíntes,

coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflitividade fiscal.

No ano 2010 tense consolidado o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedemental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos.

Ó longo do dito exercicio tiveron lugar as sesións que se citan, no seguinte cadro, que reflicte o número da sesión, a súa data e os asuntos tratados:

SESIÓN	DATA REUNIÓN	ASUNTOS
2010/01	vinteito de xaneiro de dous mil dez	26
2010/02	un de febreiro de dous mil dez	25
2010/03	oito de febreiro de dous mil dez	21
2010/04	cinco de novembro de dous mil dez	30
2010/05	doce de novembro de dous mil dez	30
2010/06	dezanove de novembro de dous mil dez	30
2010/07	vintecinco de novembro de dous mil dez	26
2010/08	trece de decembro de dous mil dez	14
2010/09	vintenoventa de decembro de dous mil dez	25
		227

Ao igual que nos exercizos económicos anteriores, o Tribunal, de conformidade co disposto nos artigos 137-1-b da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e 2º-b do Regulamento orgánico do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, emitiu o seu preceptivo ditame sobre os proxectos de modificación das ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2011.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 14 de marzo, tomou coñecemento da anterior memoria.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

3.3.- (52).- RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE FORMULADA POR D. CARLOS BARROS CORREA DE CORRECCIÓN DE ERRO GRÁFICO NO INVENTARIO DO RAMAL DO CAMIÑO DO POMBAL-BEADE. EXPTE. 18729/240 (137/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 16 de febreiro de 2011 polo xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- II. L 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- III. L 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio de las administracions públicas (LPAAPP).
- IV. L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracions públicas e do procedemento administrativo común. (LRXAP e PAC).
- V. RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- VI. L 4/1994 do 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- VII. RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de bens das entidades locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Carlos Barros Correa solicita mediante escrito con entrada no rexistro xeral en data 7 de setembro de 2009 a descatalogación do tramo de camiño na Baixada ao Pombal nº 8-Beadé, reflectido na folla cartográfica 19-36/20-36 que achega, ao considerar que é unha finca particular.

SEGUNDO.- Na instrución do expediente emitíronse os seguintes informes por parte dos técnicos e servizos municipais:

- Arquitecto da Unidade de Patrimonio, de data 17.12.2009.
- Topógrafo Municipal da Xerencia de Urbanismo, en data 07.02.2011.

TERCEIRO.- Así mesmo, déuselle trámite de audiencia á Asociación de Veciños de Beade e á propiedade lindeira Herdeiros Eugenio Correa Barros, na súa condición de interesados no expediente para a formulación de aquelas alegacións que tivesen por conveniente, non constando a presentación de alegación ningunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión, no epígrafe I de vías públicas, do tramo do camiño en cuestión, en atención ao seu uso público, ou pola contra, a pertinencia da rectificación inventarial interesada, e sen



que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan presentarse, ao seren competencia para seu coñecemento e resolución os tribunais da orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC.

SEGUNDO.- Na instrución do procedemento resulta que o arquitecto de Patrimonio informa que o tramo obxecto de solicitude pola propiedade interesada, se trata dunha propiedade privada con "*vestigios de su actual configuración desde hace mas de veinte años*", que non figura contemplado nas fichas de características técnicas do inventario municipal de viais como ningún ramal do chamado camiño do Pombal na parroquia de Beade, e si grafiado este acceso interior á vivenda, na cartografía do Inventario de viais no seu primeiro tramo recto de 22 mts, chegando á conclusión de que procede a eliminación da grafía na cartografía.

Así mesmo, o topógrafo municipal da Xerencia de Urbanismo, sinala que se trata dun acceso á vivenda, que non consta no catastro nin na cartografía.

TERCEIRO.- A teor do exposto, pódese deducir no presente caso a existencia dun erro na grafía da planimetría municipal de viais (folia topográfica 20-36) ao figurar grafiado dito tramo do camiño de Baixada ao Pombal, non concordando a súa consideración como vía pública cos datos reflectidos nas fichas de características técnicas do Inventario ,municipal nin coa realidade física resultante dos informes emitidos que o configuran como unha entrada ou acceso privado á vivenda, procedendo a necesaria corrección da planimetría municipal anulando a súa grafía.

CUARTO.- O Inventario patrimonial das AAPP configúrase como un rexistro administrativo interno de obrigada formación para as AAPP, que non ten a consideración de rexistro xurídico nin público, resultando unha ferramenta de información e axuda para a xestión interna da propia administración. As administracións públicas veñen obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto e prace do presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

QUINTO.- Así mesmo, o art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC dispón a facultade das administracións públicas para poder rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 14 de marzo de 2011, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a corrección material dun erro gráfico existente na planimetría de viais públicos do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a grafía, na folla cartográfica 20-36, do ramal do camiño do Pombal-Beade que discorre pola propiedade nº 8 do mesmo, de acordo cos informes técnicos emitidos que figuran no expediente.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.4.- (53).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR D<sup>a</sup> ÁUREA SOTO LAGO CONTRA ACORDO PLENARIO DO 29.11.10 DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO NO RAMAL DO CAMIÑO IGREXA, Á ALTURA NÚM. 31 EN VALLADARES. EXPTE. 17494/240 (72/1101)

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 10 de febreiro de 2011 polo xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das administracións públicas (LPAAPP)
- L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local (TRRL)
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de bens das entidades locais. (RBEL).

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- O Pleno Municipal en sesión do 29.11.2010 acordou: Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D<sup>a</sup> Áurea Soto Lago mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 30.11.2006, ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do tramo do ramal do camiño Igrexa (á altura do nº 31), na parroquia de Valladares, reflectido na folla topográfica 16-37 do Inventario municipal de bens e dereitos.

Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 21 de decembro do 2010.

2<sup>o</sup>.- D<sup>a</sup> Áurea Soto Lago, mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de data 20-01-2011 formula recurso de reposición contra dito acordo solicitando a desafectación e rectificación inventarial do camiño nos termos interesados.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1<sup>o</sup>.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

A interesada no seu recurso manifesta que se trata dun ben de natureza privada, resultando acreditado no expediente que non é un ben público ou demanial ao carecer dos elementos básicos para configuralo como tal (pavimento, falta de mantemento, servizos públicos...), e non afectado por aliñacións do PXOU, reiterando a solicitude de desafectación e rectificación inventarial.

2<sup>o</sup>.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.

No acordo, agora recorrido, resólvese sobre a solicitude principal do interesado, para a descatalogación do camiño ao uso publico ao que ven sendo destinado e tal como se reflicte no inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, sen que o alegado por este desvirtúen os razoamentos xurídicos nos que se basea dita resolución.

Neste senso, nos fundamentos xurídicos do acordo adoptado, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación ao solicitado polo interesado, sinalándose, en relación aos dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que a controversia deberase centrar na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ao uso público en xeral, e polo tanto da posesión pública e pacífica por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan presentarse, ao seren competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de

propiedade, á xurisdición civil de acordo co art. 5 da LEC.

3º.- Tal e como sinala o art. 339 do CC: *son bens de dominio público, os destinados ao uso público, coma os camiños, canais, torrentes...*, concretando así mesmo no seu art. 344 que teñen esta consideración de bens de uso público, nas provincias e pobos, os camiños provinciais e veciñais.

Como quedou constatado no expediente dito camiño é unha vía pública integrada na rede viaria municipal, de comunicación doutras vías municipais, atopándose reflectido como tal nos planos do catastro e na planimetría antiga do Concello, vinculada ao uso común e xeral de todos os veciños indistintamente, sen que o uso duns imposibilite o dos demais (art. 75.1 RBEL). Dito carácter público do camiño contraponse ao uso privativo ou exclusivo, alegado pola recorrente, sen que se poida atender a criterios como os da existencia de servizos ou as súas características físicas para determinar a natureza demanial ou privativa do camiño. O contrario sería negar a realidade da súa existencia, xa que nalgúns casos os camiños son de carácter rudimentario, carentes de firme ou servizos públicos, que non semellan das mesmas características que as vías urbanas, aínda que sexan igualmente públicos.

Finalmente sinalar que, como consta na resolución ditada e resulta do informado polos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo o 07.01.2009, dito camiño si ten fixada aliñación no PXOU vixente.

4º.- A teor do exposto, estimándose correcto o acordo adoptado, procede a desestimación do recurso formulado.

5º.- Corresponde ao Pleno Municipal a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo do 29.11.2010, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.”

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 14 de marzo de 2011, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup>. Áurea Soto Lago contra o acordo do Pleno Municipal do 29.11.2010 ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

3.5.- (54).- EXECUCIÓN DE SENTENZA RCA 4065/2002 QUE ANULOU NOVACIÓN DO CONTRATO CON “FUNERARIA VIGUESA, S.A.” PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS MORTUORIOS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE EMPRESA MIXTA. EXPTE. 783/440 (125/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de marzo de 2011, o técnico de administración xeral Sr. Rodríguez García, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, emite o seguinte informe-proposta:

“O Pleno da Corporación Municipal en sesión realizada o día 28 de febreiro de 2011 adoptou acordo no expediente enriba referenciado, do seguinte tenor literal:

*“Primeiro.- Cumprir nos seus propios termos a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no RC-A Nº 4065/2002 que conta coa seguinte parte dispositiva:*

*“ESTIMAMOS EL RECURSO contencioso-administrativo interpuesto (...) en relación con el acuerdo del AYUNTAMIENTO DE VIGO de fecha 27 de septiembre de 2001 por el que se acordó suprimir los servicios mortuorios como servicios de competencia municipal, novar de mutuo acuerdo el contrato suscrito por el Ayuntamiento con “ Funeraria Viguesa, S.A.” con fecha 11 de septiembre, facultar a los representantes municipales en la Junta General de EMORVISA convocada al efecto para aprobar la modificación total de los Estatutos de la Sociedad y la aprobación de unos nuevos y facultar al Alcalde-Presidente del Ayuntamiento para que en ejecución del acuerdo pueda transferir a “Funeraria Viguesa, S.A.” 1.230 acciones de las 1.530 que le pertenecen y DECLARAMOS EL ACTO RECURRIDO ES CONFORME -evidentemente es una errata ya que del contenido de la Resolución se desprende claramente que el Tribunal considera que no es conforme a Derecho- A DERECHO Y LO ANULAMOS TOTALMENTE; sin imposición de las costas”.*

*Segundo.- Conservar aqueles actos e trámites cuxo contido se tivera mantido do mesmo xeito de non se ter cometido a infracción, polas razóns que figuran nos antecedentes deste acordo.*

*Terceiro.- Darlle traslado do acordo á Xunta de Goberno Local para que no uso das súas atribucións inicie o expediente para a liquidación do contrato e a recuperación das accións transmitidas a “ Funeraria Viguesa, S.A. ”, previo o seu alleamento segundo contempla o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 2 de febreiro de 2011, con arranxo ás previsións da Lei 33/2003, de 3 de novembro , de Patrimonio das Administracións Públicas.”*

O apartado segundo refírese a “polas razóns que figuran nos antecedentes do

acordo”, que son as que se inclúen no apartado segundo do informe proposta que lle serve de fundamento e que son as seguintes:

*“Segundo.- Se se examinan os fundamentos xurídicos da sentenza e o seu fallo resulta que o único motivo para a estimación do recurso como xa se dixo, é que os títulos sociais cedéronse directamente polo Concello a “Funeraria Viguera, S.A.”, socios ambos os dous en EMORVISA, prescindindo totalmente do procedemento legalmente establecido que era o de poxa. Por isto de conformidade co previsto no artigo 62.2.e) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o acordo é nulo sen prexuízo de que segundo dispón o artigo 66 seguinte: “o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se tivera mantido do mesmo xeito de non terse cometido a infracción”.*

Por isto debemos examinar o acordo do 27 de setembro de 2001 anulado pola referida sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para concretar que actos dos que contén son susceptibles da súa conservación por non estar afectados pola infracción que motivou á anulación -terse transmitido as accións por poxa, ó marxe do procedemento legalmente establecido- e os que non.

Do referido exame resulta o seguinte:

Que é evidente que a supresión dos servizos mortuorios como servizos de competencia municipal por mor de que coa entrada en vigor do Real Decreto Lei 7/1996, do 7 de xuño deixaron de figurar entre os que o artigo 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local reservaba aos municipios, é unha decisión municipal que para nada está afectada pola infracción que serviu de fundamento á sentenza para estimar o recurso.

Tampouco ningunha relación garda coa referida infracción -coa salvidade que se fará no seguinte parágrafo- a decisión de modificar os estatutos de EMORVISA para transformala nunha sociedade anónima de mercado, nas condicións establecidas no acordo, facultando aos representantes municipais na Xunta Xeral para aprobala, novando para isto o contrato suscrito con “Funeraria Viguera, S.A.” con data 11 de setembro de 1987, pois se trata dunha consecuencia lóxica da anterior decisión.

Polo contrario si ten relación coa infracción apreciada polo Tribunal a decisión de transferir a “Funeraria Viguera, S.A.” 1.230 accións de titularidade municipal, a cambio de determinadas contraprestacións, obviando a adxudicación a través de poxa e, así mesmo, que a participación do Concello na sociedade quede reducida a un 10% do seu capital, que polo tanto non poden ser conservadas.

Por isto e en aplicación do artigo 62.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administración Común, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o técnico de administración xeral informante emite a proposta que se

contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 14 de marzo ditamina favorablemente a devandita proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

**ACÓRDASE:**

Manter e conservar os seguintes actos administrativos contidos no acordo da Corporación Municipal de data 27 de setembro de 2001:

Primeiro.- Suprimir os servizos mortuorios como servizos de competencia municipal.

Segundo.- Novar de mutuo acordo o contrato suscrito polo Concello de Vigo e “Funeraria Viguesa, S.A.” con data 11 de setembro de 1987 para xestionar en forma de empresa mixta en réxime de monopolio os servizos mortuorios municipais a través de EMORVISA, co obxecto de transformala, a través da modificación dos seus estatutos, nunha sociedade anónima de mercado.

Terceiro.- Facultar aos representantes municipais na Xunta Xeral de EMORVISA convocada ao efecto, para aprobar a modificación total dos estatutos da sociedade e a aprobación duns novos co contido que estimen conveniente, coa condición de que cumpran a Lei de Sociedades Anónimas e se suprima calquera limitación imposta pola lexislación de réxime local, contemplándose entre outros aspectos os seguintes: unificar nunha soa serie das accións emitidas, atribuíndolle ás mesmas o carácter nominativo, suprimindo a intransferibilidade que afecta neste intre ás de titularidade municipal; modificación do obxecto social suprimindo toda referencia á xestión de servizos municipais en réxime de empresa mixta (mesmo da súa denominación); modificación da súa duración e atribuíndolle á mesma a de carácter

indefinido; recoñecéndose a exclusión do Concello de participar nas eventuais perdas que poda sufrir a sociedade; modificar a constitución do consello e a representación nas xuntas xerais.

3.6.- (55).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 13/11, CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA COMPRA DE LOCAL PARA SERVICIOS SOCIAIS. EXPTE. 60113/301 (138/1101)

ANTECEDENTES.- O xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira delegada, con data 18 de febreiro de 2011 emite o seguinte informe-proposta:

“Seguindo instrucións da concelleira delegada da Área de Benestar Social, emítase o seguinte informe-memoria coa finalidade de xerar un crédito extraordinario, motivado na necesidade de crear novas partidas orzamentarias destinadas a cubrir gastos urxentes e inaprazables.

Tendo en conta a imposibilidade da execución dos créditos previstos no vixente orzamento da area de Benestar Social para a execución das obras de construción dun centro de servizo sociais en San Roque, e de cara a poder dar cobertura a desaxustes orzamentarios vinculados por actuacións necesarias, as cales carecen actualmente de cobertura económica no orzamento, faise necesario a tramitación dunha transferencia de crédito por créditos extraordinarios para afrontar estas actuacións.

Esta actuación está vinculada á dotación dunha Unidade Básica de Acción Social na zona de Lavadores, cuxa carencia se ten detectado no Plan director de servizos sociais elaborado pola área de benestar social.

En base aos aspectos expostos, especificácase a continuación o crédito extraordinario necesario para afrontar a actuación descrita. Este incremento establécese como unha acción puntual referida unicamente ao exercicio 2011, correspondente a necesidades urxentes e inaprazables que non consolidan compromiso de gasto para o exercicio 2012, o cal, unido a inexistencia de crédito no actual orzamento, obriga á tramitación deste expediente de modificación de crédito en base os seguintes créditos:

Deste xeito, realízase a seguinte proposta de modificación orzamentaria:

Partida	Concepto	Crédito a minorar
2310.622.00.01	Construción centro servizos sociais	350.000,00 €.



Total orixe para financiamento do crédito extraordinario 350.000,00 €.

Partida	Concepto	Crédito a habilitar
2310.6320001	Compra local UBAS e obras de reforma	350.000,00 €
Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario		350.000,00 €

Polas razóns expostas no anterior informe a Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 21 de febreiro, resolve a incoación do expediente de modificación presupostaria, crédito extraordinario, polo importe citado de 350.000 euros.

Visto o anterior, con data 24 de febreiro a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura escrito do interventor xeral da mesma data do 24 de febreiro, informando favorablemente a modificación presupostaria solicitada por se axustar o seu contido ao previsto no TRLRFL, ao Real decreto 1463/2007 e RDL 2/2007.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 14 de marzo, ditamina favorablemente a proposta citada.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 13/11 por un importe de 350.000 euros, có desglose e aplicación que figura na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 21 de febreiro e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto dos recursos que financian a presente modificación é a seguinte:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a minorar</u>
2310.622.00.01	Construción centro servizos sociais	350.000,00 €.

Total orixe para financiamento do crédito extraordinario 350.000,00 €.

A aplicación á que se destinará o crédito minorado, de conformidade co anterior, é a seguinte:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a habilitar</u>
2310.6320001	Compra local UBAS e obras de reforma	350.000,00 €
Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario		350.000,00 €

Terceiro.- En cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 13/11) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Explicación de voto da voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

Esta modificación de crédito tráese aquí precisamente porque viamos a necesidade de que os cartos do Capítulo VI para o centro de emerxencia social se volvesen utilizar, posto que á alternativa do centro de emerxencia social váiselle dar outra solución que será o albergue que parece ser que vai estar na Escola de Hostalería. Polo tanto e para que non se perderan eses 350.000 euros, pensamos que o mellor era reinvestilos en investimentos sociais coma é a compra dun local no barrio de Lavadores-Barreiro para facer alí un centro de servizos sociais municipais, como o que existe actualmente en Coia, que lles dará servizos ós veciños de Candeán, de San Xoán Poulo e ós de Cabral, así coma ós propios veciños de Lavadores que agora mesmo se teñen que desprazar ata Rivera-Atienza con malas comunicacións para ir ás unidades de traballo social alí existentes.

Pensamos que esta é unha boa solución para os veciños e unha magnífica oportunidade do que sempre dixemos como BNG e como Concellería de Benestar

Social de achegar os servizos sociais á xente. Iso é polo que vimos loitando e o que pretendemos: benestar e calidade para a xente.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil:

Non nos opoñemos ó fondo, ó feito de que se faga un centro social para os veciños de Lavadores. Ó que si nos opoñemos, Sra. Méndez, é a que se faga electoralismo cos servizos sociais como están a facer vostedes.

O 1 de xaneiro do ano 2011 entrou en vigor un orzamento municipal e vostedes non se lembraron deste centro social de Lavadores, lémbrense xusto a dous meses das eleccións. Anteriormente e vostedes presumen diso, houbo outros catro orzamentos e tampouco se lembraron deste centro social. Lémbrense a dous meses das eleccións. Houbo un Plan E, 90 millóns de euros investidos nesta cidade e vostedes non se lembraron deste centro social.

Creemos que este é un tema coa suficiente envergadura e importancia como para que non se faga electoralismo con el.

A maiores, o único que ven demostrar isto é un novo fracaso do goberno de seu, dun goberno que se atopa dividido, enfrontado e que non foi capaz tampouco de sacar adiante o centro de emerxencia social, o albergue. Mesmo hai pouco asistimos a unha reprimenda de vostede a un asesor do goberno por non se poñer de acordo nisto.

Non se poñen de acordo e cambian unha partida destinada a ese centro de emerxencia por unha partida para facer puro electoralismo e unha maqueta.

Non nos parece de recibo e por iso votamos en contra, non por estaren en contra de que se faga un centro social, pero é que se puideron lembrar vostedes no 2008, no 2009 ou no 2010 e máis recente, puidéronse lembrar no orzamento de 2011 que como dicía antes aprobouse en decembro e entrou en vigor o 1 de xaneiro. Pero vostedes están a facer electoralismo porque as cousas vanlles moi mal.

3.7.- (56).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 16/11, CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA ALUGUER INMOBLES PARA ENTIDADES SOCIO CULTURAIS. EXPTE. 5125/320 (156/1101).

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 2 de marzo, resolve a incoación do expediente de modificación presupostaria, crédito extraordinario, polo importe de 100.000 euros, ante a necesidade de non poder demorar ata o exercicio seguinte gastos en actuacións a favor de asociacións.

O xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda e máis do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, emite o seguinte informe:

“Seguindo instrucións do Alcalde-Presidente do Concello de Vigo de data 2 de marzo de 2011, no que ordena iniciar o expediente, emítase o seguinte informe-proposta coa finalidade de xerar un crédito extraordinario motivado na necesidade de crear unha nova aplicación orzamentaria destinada a cubrir gastos urxentes e inaprazables.

Á área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, segundo a resolución de Alcaldía do 5 de xullo de 2007, correspóndenlle entre outras, atribución de “Dirixir e impulsar a política municipal referida ao asociacionismo e a participación cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da comunidade veciñal...”

Para cumprir coas atribucións da resolución existe o regulamento de participación cidadá, que regula os dereitos de participación cidadá e os tamén participativos das entidades cidadás que, sen ánimo de lucro e representando intereses económicos, profesionais, científicos, deportivos, culturais e outros análogos, se constitúan para coadjuvar no obxectivo público de impulso e mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través das organizacións e entidades cidadás, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da actuación municipal. Esa participación xunto coa eficacia e a transparencia na xestión, permítelle a un concello aberto e democrático impulsar unha actuación ao servizo dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progresos socio-económico da cidade.

Esta cooperación atopa o seu marco idóneo na participación nos asuntos políticos e na información, principios que motivan o achegamento entre o cidadán e a administración local na procura dunha máis áxil resposta aos problemas cotiáns e principios que, á súa vez, informan tanto a Carta Europa da Autonomía local como a Constitución de 1978 e tendo en conta a Lei 7/1985, do 2 de abril.

Así, con data 27 de decembro de 1991, aprobouse o Regulamento de Participación Cidadá, vixente establecendo, entre outros:

Art. 1º.- O obxecto é o establecemento das formas, medios e procedementos de

información e participación dos/as veciños/as e entidades cidadás na xestión municipal de conformidade coa lexislación vixente.

Art. 2º.- Os obxectivos que se pretenden acadar... e, que teñen carácter de principios básicos, está o de “fomentar o asociacionismo cidadán” e “garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos barrios e parroquias...”

Art. 11º.- As entidades que figuren no Rexistro municipal de asociacións terán recoñecidos, entre outros, os seguintes dereitos: “Acollerse aos dereitos de iniciativa, información ou a calquera outro dereito recoñecido pola Lei e establecido no presente Regulamento”, e sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido aos/ás veciños/as en xeral, ás entidades a que se refire o art. 5 (necesidade de inscrición no Rexistro municipal de asociacións), teñen dereito a: “...Acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación...”

Ademais, e debido á gran demanda de locais solicitados, polo crecemento exponencial das asociacións inscritas no rexistro da nosa cidade, ano a ano, máis de novecentas actualmente, faise necesario e urxente a disposición dun maior número de locais, para poder desenvolver as súas funcións coa máxima eficacia e acadar, así, os obxectivos de ser das mesmas, polo que solicítase a creación do expediente de xeración de modificación orzamentaria de crédito extraordinario, da aplicación orzamentaria 9240\_4890002 “Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro” con un inicial de 100.000 €.

Con estes antecedentes, e coa finalidade de optimizar o uso de locais cara ao fomento do movemento asociativo e da participación da cidadanía ao dispor de espazos que lles permitan ter un punto de referencia a varios niveis, tanto no puramente administrativo e de uso privativo polas asociacións como para a realización das súas actividades en espazos de uso común que optimizarán o uso das instalacións obxecto de aluguer, faise necesario e urxente, dotar de instalacións de uso compartido ás asociacións solicitantes e inscritas no rexistro municipal de asociacións, para o mellor uso e aproveitamento dos recursos dispoñibles, e poder chegar así a atender as necesidades do maior número posible de asociacións, co cal se atendería máis e en mellores condicións aos cidadáns, compartindo as instalacións, por medio do aluguer de inmobles por parte do Concello.”

Visto o anterior, con data 8 de marzo a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura escrito do interventor xeral da mesma data do 8 de marzo, informando favorablemente a modificación presupostaria solicitada por se axustar o seu contido ao previsto no TRLRFL, ao Real decreto 1463/2007 e RDL 2/2007.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 14 de marzo, ditamina favorablemente a proposta citada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 16/11 por un importe de 100.000 euros, có desglose e aplicación que figura na resolución da Alcaldía-Presidencia do 2 de marzo e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto dos recursos que financian a presente modificación é a seguinte:

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Crédito a minorar</u>
9240.4890002	Subvencións asoc. sen ánimo de lucro	100.000,00
Total orixes financiamento		100.000,00

A aplicación á que se destinará o crédito minorado, de conformidade co anterior, é a seguinte:

<u>Partida/proxecto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a hábil./€</u>
9240.2020000	Aluguer inmobles	100.000,00
Total crédito extraordinario modificación 16/11		100.000,00

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 16/11) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a

partir da súa publicación.

Quinto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Socialista Sr. Rodríguez Díaz:

Esta modificación ten unha sinxela explicación. Na partida orzamentaria que se modifica figuran 100.000 euros para que as entidades locais demandantes alugasen locais individualmente para o desenvolvemento das súas actividades. A proposta que se fai é que sexa o Concello quen alugue para lles dar cabida a esas entidades. Sinalo ademais que alugando dende o Concello sáelles máis barato e cumprimos así coas demandas que nos están a facer numerosas asociacións porque o certo é que se aforran 150.000 euros se comparamos con tal como se facía antes.

Dende o Concello e polo alcalde de Vigo aténdese en primeiro lugar ás asociacións para que un número importante delas teña locais e en segundo lugar cumprimos coa austeridade por mor dun moi importante aforro de 150.000 euros.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil:

Volvemos ó mesmo, Sr. Rodríguez Díaz, están vostedes nerviosos. Teñen pedimentos de locais dende o principio do mandato en que había asociacións que lles reclamaron locais, pero curiosamente, xa é casualidade, lémbrense do local para as asociacións a dous meses das eleccións, o 21 de marzo do ano 2011, cando tiveron catro orzamentos, feito do que presumen vostedes bastante, ademais do Plan E e non se lembraron para nada das asociacións desta cidade que se veñen queixando a cotío.

O único que queren facer vostedes é o que xa lle dixen antes á Sra. Méndez: electoralismo pero cos intereses cidadáns non se fai electoralismo.

Quérolles lembrar que os orzamentos do ano 2011 entraron e vigor o 1 de xaneiro, aprobáronse definitivamente no mes de decembro, antes houbo unha aprobación provisional e vostedes, como non saben xestionar, non levaron ningunha partida para isto.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, se reabre o debate vou ter que dar quenda de réplica. Está a falar de que se non se sabe xestionar. Céntrese polo tanto na súa explicación de voto. O que non pode pasar, Sr. Conde, déixeme que llo diga, é que utilice a explicación de voto para facer un debate. Explique polo tanto o seu voto. Quédanlle corenta segundos.

SR. CONDE GIL: Non estou abrindo ningún debate. Como sempre e como dicía antes, estas actitudes de non querer deixar falar son electoralismo.

### MOBILIDADE

3.8.- (57).- APROBACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PRAZA DE PORTUGAL E APROBACIÓN DO REGULAMENTO XERAL DE RÉXIME INTERIOR REGULADOR DO SERVIZO DO DITO APARCADOIRO. EXPTE. 79773/210.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 16 de marzo pola xefa do Servizo de Seguridade, coa conformidade do xefe de área e máis do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes:

#### I.- NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público: LCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada entre outras pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local: LRBRL.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: LRXPAC.

#### II.- FEITOS:

1.- O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o 28 de agosto de 1972, adjudicou a construción e explotación en réxime de concesión administrativa do aparcadoiro soterrado de vehículos sito na Praza de Portugal a "ESTACIONAMENTOS GALLEGOS, S.A" (EGASA).

2.- O Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria realizada o 3 de marzo de 1995, por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, autorizou a "ESTACIONAMENTOS GALLEGOS, S.A" a constitución dunha hipoteca sobre a



concesión administrativa do aparcadoiro soterrado.

3.- Por acordo plenario do 28 de decembro de 2001 recoñeceuse a “Central Park, Aparcamientos y Servicios Urbanos, S.L” como adxudicataria da concesión por fusión con “Estacionamientos Gallegos, S.A” e posterior cambio de denominación desta a “Interparking Hispania, S.L”.

4.- O Pleno do Concello de Vigo, no acordo plenario do 29 de xullo de 2002, toma coñecemento e acepta a transformación de “Interparking Hispania, S.L” en sociedade anónima, quedando coa denominación de “Interparking Hispania, S.A”, segundo acordos adoptados pola xunta xeral extraordinaria de socios en datas 26 e 28 de novembro de 2001 e que se elevaron a públicos en escritura autorizada pola notaria D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Gabarró Miquel, en data 30.12.2001, baixo o nº 4329 do seu protocolo.

5.- Don José Luis Ortega González, actuando en nome e representación de “Interparking Hispania, S.A”, mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo en data 20.07.2010, con doc. nº 100097988, solicita o recoñecemento da duración da concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal ata o 4 de novembro de 2010, e unha ampliación temporal transitoria nas mesmas condicións da concesión ata a adxudicación definitiva a un novo concesionario.

6.- O concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, mediante orden do 20.09.2010 resolveu iniciar o expediente de contratación nº 78889/210/2010 para adxudicar mediante concesión administrativa a xestión do servizo público do aparcadoiro soterrado de vehículos sito na Praza de Portugal. Unha vez ten sido elaborado o prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, o servizo de Contratación municipal remitiu en data 18 de outubro de 2010 o expediente nº 78889/210 á Asesoría Xurídica Municipal para emitir informe xurídico con relación aos pregos para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local. Pola Asesoría Xurídica Municipal se emite informe desfavorable en data 26.01.2011<sup>1</sup>.

7.- Con data 1 de outubro de 2010, o xefe de Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade emitía informe nos seguintes termos: *“Visto o acordo plenario do 3 de marzo de 1995 e ante a proximidade do vencemento da concesión administrativa do aparcadoiro soterrado de vehículos da Praza de Portugal, considerando que se atopa en tramitación o expediente nº 78889/210 para adxudicar mediante concesión administrativa a xestión do devandito servizo público, informo sobre os prexuízos que ocasionaría o peche do aparcadoiro ó interese xeral da cidade, concretamente todos os derivados para tráfico e a circulación de vehículos de motor considerando a actual escaseza de prazas de aparcadoiro en superficie existentes no contorno, considerablemente reducidas debido ás obras de humanización realizadas”*.

8.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2010, acordaba prorrogar, ao abeiro do previsto no art. 59 do Regulamento de contratación das corporacións locais do 09.01.1953 a concesión administrativa do

---

1 No expediente figura copia do informe que se cita.

aparcadoiro soterrado de vehículos, sito na Praza de Portugal, da que resulta concesionaria "Interparking Hispania, S.A", ata que o novo contratista se faga cargo do servizo sen que en ningún caso poida exceder dita prórroga de seis meses, finalizando, en todo caso, o vindeiro 4 de maio de 2011.

### III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Considerando que neste intre a administración municipal se atopa tramitando o expediente de contratación nº 78889/210/2010 para novamente adxudicar mediante concesión administrativa (por procedemento aberto) a xestión indirecta do servizo público do aparcadoiro soterrado de vehículos sito na Praza de Portugal, e ante o inminente vencemento da prórroga da concesión actual que desenvolve "Interparking Hispania, S.A" que se producirá o vindeiro 4 de maio de 2011, faise preciso adoptar as medidas oportunas para asegurar a continuidade da prestación do servizo público.

Concretamente o xefe de Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade informaba con data 1 de outubro de 2010 sobre os prexuízos que ocasionaría o peche do aparcadoiro ao interese xeral da cidade, concretamente todos os derivados para tráfico e a circulación de vehículos de motor considerando a actual escaseza de prazas de aparcadoiro en superficie existentes no contorno, considerablemente reducidas debido ás obras de humanización realizadas.

Cómpre subsanar as deficiencias observadas pola Asesoría Xurídica municipal no informe de data 26 de xaneiro de 2011, no senso de aprobar polo Pleno da Corporación a determinación da forma de xestión do servizo público do aparcadoiro (art.123.1.k. da LRBRL 7/1985) e mailo regulamento xeral de réxime interior regulador do servizo de dito aparcadoiro (art.123.1.d. da LRBRL 7/1985).

2.- A forma de xestión do servizo público:

O art. 85 da LRBRL 7/1985 establece as formas de xestión dos servizos públicos. Os servizos públicos da competencia local poderán xestionarse mediante algunha das seguintes formas:

A. Xestión directa:

- a) Xestión pola propia entidade local.
- b) Organismo autónomo local.
- c) Entidade pública empresarial local.
- d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.

B. Xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos na Lei de Contratos do sector público. En ningún caso poderán prestarse por xestión indirecta nin mediante sociedade mercantil de capital social exclusivamente local os servizos públicos que impliquen exercicio de autoridade.

En consecuencia, é posible a xestión directa e a indirecta, xa que nos atopamos ante un servizo que cumpre todos os requisitos para que poida ser prestado baixo

as dúas fórmulas.

Cómpre ante o inminente vencemento da concesión actual (que será o vindeiro 4 de maio de 2011), propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación da xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público do aparcadoiro (art.123.1.k. da LRBRL 7/1985) en tanto non se remate a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudique a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

3.- O regulamento xeral de réxime interior regulador do servizo de aparcadoiro soterrado sito na Praza de Portugal:

Faise preciso aprobar o regulamento do servizo antes de proceder á adxudicación da futura concesión administrativa. Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos (art 127.1.a. LRBRL 7/1985) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d LRBRL 7/1985).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL 7/1985, para a aprobación do regulamento xeral de réxime interior regulador do servizo de aparcadoiro soterrado débese seguir o seguinte procedemento: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza ou regulamento, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Visto o anteriormente exposto, a xefa do Servizo de Seguridade propón ao Pleno da Corporación, previa aprobación do proxecto de regulamento de réxime interior, regulador do servizo público do aparcadoiro soterrado da Praza de Portugal pola Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 17 de marzo de 2011, prestou a súa aprobación ao proxecto de regulamento citado.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de marzo, ditamina favorablemente.

CUESTIÓN DE ORDE.- SR. COELLO BUFILL: Cuestión de orde. O Grupo Popular pide que o expediente que nos ocupa se retire da orde do día por grave quebrantamento de forma.

En primeiro lugar non existe no expediente o informe da Intervención que nós solicitamos. Pregámoslle expresamente á Sra. Secretaria que conste en acta.

En segundo lugar no informe da Asesoría Xurídica que figura no expediente aparecen ata nove reparos ou obxeccións que se deben subsanar.

En terceiro lugar no expediente aparecen notas manuscritas con riscados e correccións que a nós nos parece que non deben ir nun expediente.

En consecuencia, dende o meu grupo pídese a retirada do expediente 79773/210.

A PRESIDENCIA: Se está no Pleno é porque pasou os trámites previos oportunos e polo tanto ten que vir asinado por todos os que o conformaron: funcionarios, órganos de control de legalidade, etc. Dado que ven asinado polo daquela secretario en funcións porque non estaba a secretaria, e por todos os órganos legais, procedemos co debate.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Fundamentalmente para aclarar o sentido profundo deste expediente.

En efecto, a Asesoría Xurídica o 26 de xaneiro fixo ás cláusulas administrativas do prego de prescricións técnicas da concesión por xestión indirecta do aparcadoiro da Praza de Portugal unha serie de observacións que tentamos resolver neste Pleno da Corporación ó igual que xa resolvemos a parte que lle correspondía á Xunta de Goberno.

Por non me alongar vou falar das cuestións fundamentais. A primeira, porque supón un atraso na tramitación do expediente, é que se nos esixe un regulamento xeral de réxime interior para o aparcadoiro da Praza de Portugal. En efecto, no meu departamento sorprendeunos esa esixencia da Asesoría Xurídica porque ningún aparcadoiro dos que existen nestes momentos na cidade e dende logo os dous lotes de tres que no seu momento se presentaron para concesión e que están practicamente rematados todos eles, tivo ese requirimento previo. Como somos partidarios da legalidade máis absoluta, entendemos que hai que presentar ese regulamento de servizos que é o que estamos a facer neste Pleno.

Insisto en que un regulamento igual que as ordenanzas require un período de información pública bastante longo, por iso abriremos o período de trinta días para alegacións que das haber, haberá que resolver e terá que vir de novo a este Pleno

para aprobación definitiva o que nos situaría na imperiosa necesidade de resolver o problema dado que a concesión remata o 4 de maio.

Isto supón en primeiro lugar presentar ese regulamento de servizos que está presentado aquí en tempo e forma e coa rapidez imperiosa que require a situación. Tamén, mentres non vai adiante a xestión indirecta que é a que temos proposta para este aparcadoiro, que como saben vostedes ten un prego de condicións que atende fundamentalmente ós usuarios, que é o que nos preocupa. Por iso e entre outras cousas, das 200 prazas resérvanse 40 como mínimo para abonos destinados a residentes, así como hai un 20% de prazas de motocicletas que se han de destinar tamén a abonos de residentes ofrecendo uns prezos que van estar, segundo indica o prego, un 35% por debaixo da media dos abonos da zona dese aparcadoiro.

Repito que como todo ese proceso de xestión indirecta, é dicir unha nova concesión, require un aprazamento e porque poñemos por riba de todo o funcionamento dese aparcadoiro para ben dos usuarios e polo tanto dos cidadáns de Vigo, é polo que ademais propoñemos aquí tamén a xestión directa mentres non se poida resolver a concesión dado que os prazos o impiden e así se comenta fundamentalmente polo regulamento do servizo.

Polo antedito presentamos este expediente que obviamente está perfectamente tramitado e por iso, atendendo ó bo funcionamento e para que sigan en funcionamento absolutamente todos os aparcadoiros da cidade, agardamos que sexa aprobado para poder seguir utilizando ese aparcadoiro na Praza de Portugal.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, teño para vostede dez preguntas. A primeira pregunta: Aprobouse pola Xunta de Goberno Local o expediente que nos ocupa?

Segunda: Que día vence a concesión do aparcadoiro de Praza de Portugal?

Terceira: Que día ten previsto para se facer cargo vostede, como Concello, da xestión directa?

Cuarta: Como ten vostede prevista a transición?

Quinta: Que trámites fixo vostede dende o 19 de outubro de 2010, data na que se prorrogou a concesión do aparcadoiro e se falaba xa deste expediente?

Sexta: Que pasos deu, que informes existen e tramitaron?

Sétima: Ten vostede un estudo da explotación, do que lle vai custar ó Concello a xestión directa? Existe algún estudo económico que os corporativos deban coñecer?

É vostede consciente diso?

Oitava: Que ten previsto para os locais que están dentro da concesión?

Novena: Quen calculou o custe económico das obras? Vanse reclamar ó concesionario? Por que o Concello ten que gastar 509.000 euros, 100 millóns das antigas pesetas, se o concesionario ten que entregalo nas mesmas condicións que o colleu?

Décima: Que vai pasar cos traballadores que prestan servizo na concesionaria?

Algunhas das dez preguntas llas podo contestar sen ningún erro.

Dende o 19 de outubro de 2010 pasaron cinco meses e medio sen que vostede fose quen de mover un só papel. O expediente 78889/210 dános as mesmas argumentacións que vostede utilizou en outubro para aprobar a prórroga. Non o digo eu senón que o manifestan por escrito os servizos técnicos do Concello en notas con riscados e correccións que aparecen no expediente e que lles acabo de mostrar.

Unha desas notas di: “Aquí o problema pode estar en que o tempo que queda é insuficiente para aprobar o prego, pero dende que se está falando deste asunto xa debería estar sancionado”. Iso din os técnicos. Nunha segunda nota dise: “Estase evidenciando unha falta de xestión do asunto alarmante. Parece que nos colleu a todos por sorpresa o termo do prazo da concesión. Fai falla que alguén tome medidas e dea prioridade absoluta ó tema”. Iso está escrito no expediente que lles mostrei hai uns segundos.

A diferenza de vostedes e no mandato de Corina Porro, en menos de seis meses os funcionarios e técnicos municipais participaron e fixeron os pregos de seis aparcadoiros; proxectáronse, licitáronse, adxudicáronse con custe cero para o Concello. Vostedes en cinco meses e medio non foron capaces de completar un expediente. Sr. Concelleiro de Mobilidade, dende o 15.10.2010 ten ese prego que non saíu á luz pública, agás que se estea negociando coas empresas o seu contido porque está vostede acostumado a facer traxes á medida. Sr. Calviño, pregunte vostede en Patrimonio porque o expediente está alí parado dende o mes de xaneiro. Este Regulamento que nos trae como algo novidoso, serve para calquera aparcadoiro de Galicia. Estase aprobando implicitamente unha xestión indirecta que non se someteu ó Pleno. Teríase que aprobar primeiro a xestión indirecta e en segundo lugar e de xeito transitorio a xestión directa. Sabe vostede que quere

aprobar?

O Regulamento non se pode aprobar. Hai nove artigos que teñen reparos ou obxeccións pola Asesoría Xurídica. O informe da Asesoría Xurídica que figura no expediente coloca a esta Corporación diante dun acordo plenario de incumprimento da aprobación previa da forma de xestión indirecta tal e como di a lexislación vixente, taxativamente indícao o informe da Asesoría Xurídica no seu último parágrafo.

Sabendo que no contorno da Praza de Portugal hai máis de mil prazas en rotación e de xestión directa, faga algo para os veciños e residentes das rúas Gravina, Churruca, Uruguai, Rogelio Abalde, Martín Códax, Irmandiños, Cervantes... Nós vimos pedindo que se dea ós residentes. Hai varias fórmulas para destinar os aparcadoiros ós residentes da Praza de Portugal e Porta do Sol, como vimos solicitando. Iremos dicindo varias fórmulas antes das eleccións municipais que irán no programa do Partido Popular, o que seguramente permitirá a un bo número de residentes do contorno que non teñen prazas de aparcadoiro, dispoñer dun bo servizo de garaxe.

Sr. Calviño, non se enfade pero vostede sempre chega tarde.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O importante do asunto é se queremos que funcionen ou non os aparcadoiros ou se queremos que os residentes estean ben atendidos ou non, ó revés do que sucedeu por mor do seu prego de condicións dos dous lotes de tres aparcadoiros nos que non se previu o aluguer de prazas para residentes.

A gran vantaxe do que estamos a facer neste goberno, que por certo é o que se aprobou aquí nun Pleno por maioría, é que establezamos nos pregos de condicións a máxima porcentaxe posible de prazas reservadas para residentes e iso é o que estivemos a facer. Iso é o que estamos a facer e o que se fará unha vez que resolvamos a xestión directa a partir do remate da concesión; é obvio o que estamos a facer con toda rotundidade. Facémolo pensando nos veciños das rúas das que vostede está a falar. Falamos de que os residentes favorecidos serán os dun radio de 300 metros dende o aparcadoiro da Praza de Portugal e iso inclúe todas esas rúas e bastantes máis que van poder alugar as prazas cun prezo do 35% máis baixo da media desa zona. Iso é o que de verdade nos importa resolver, cumprindo ademais un acordo plenario no que dicíamos que se ían atender as necesidades dos

residentes da zona.

Eu sei que vostede pretende que o goberno municipal poña un montón de euros para rematar concesións, pero o que estamos é resolvendo os problemas duns veciños concretos, ó igual que facemos no Casco Vello co aparcadoiro da Porta do Sol porque, non sei se vostede o sabe, pero nos comprometemos a tramitar prazas para residentes. Consequimos trinta prazas para residentes e asegúrolle que ó día de hoxe están cubertas vinte e tres desas trinta prazas a vinte e catro horas, a tempo completo, para residentes do Casco Vello na Porta do Sol. Estamos resolvendo un problema porque aínda hai prazas baleiras para os que teñan ese problema.

Respecto ó fondo do asunto do aparcadoiro. En efecto, nós estamos respectando escrupulosamente a lei, cousa que o Partido Popular non fai, que a Sra. Porro non fai ante declaracións claras de xuíces e de tribunais que lle supoñen pechar unhas obras e que non está cumprindo. Nós somos absolutamente conscientes de que temos que cumprir a lei e por iso vai ser o primeiro aparcadoiro que ten un regulamento de servizos. Regulamento que é o único que nos obriga a aprazar a resolución definitiva da xestión indirecta que é o que estamos a resolver aquí, porque imos aprobar a xestión directa a partir do 4 de maio e logo a xestión indirecta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o regulamento xeral de réxime interior regulador do servizo público do aparcadoiro soterrado sito na Praza de Portugal, co texto que se transcribe ao final deste acordo.



Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días naturais para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro do regulamento xeral de réxime interior regulador do servizo público do aparcadoiro soterrado sito na Praza de Portugal no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

Cuarto.- Aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público do aparcadoiro soterrado sito na Praza de Portugal de Vigo ata tanto non se remate a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudique a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

## **REGULAMENTO XERAL DE RÉXIME INTERIOR DO SERVIZO DO APARCADOIRO SOTERRADO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL DE VIGO**

### **TITULO I. CONSIDERACIÓNS XERAIS.**

#### **ARTIGO 1**

O presente regulamento de réxime interior ten por obxecto regulamentar o réxime de uso, goce, funcionamento e mantemento do devandito aparcadoiro, en réxime de concesión administrativa municipal e suxeito aos termos da mesma.

#### **ARTIGO 2**

Este regulamento é de observación obrigatoria para a empresa concesionaria da explotación do aparcadoiro, para os seus empregados e tamén para os usuarios ou calquera outra persoa que se poida atopar no interior do mesmo ou nos seus accesos, en calquera momento.

A empresa concesionaria da explotación velará polo cumprimento das normas contidas neste regulamento e porá en coñecemento do Concello, titular do servizo público, calquera transgresión do regulamento ou de calquera outra normativa vixente de aplicación.

Os usuarios e outras persoas que se poidan atopar no interior do aparcadoiro ou nos seus accesos haberán de respectar e acatar as indicacións que reciban dos empregados da concesionaria destinadas a velar polo cumprimento deste regulamento e de calquera outra disposición da autoridade competente e das que

fora necesario adoptar puntualmente para manter o servizo público axeitado ás circunstancias.

### **ARTIGO 3.**

No aparcadoiro obxecto da concesión existirá un uso mixto das prazas de aparcadoiro, coexistindo no mesmo prazas de uso exclusivo (prazas de residentes) e prazas de uso indiscriminado (prazas de rotación). O presente regulamento de explotación será de aplicación para todos os usuarios do aparcadoiro independentemente do tipo de praza que ocupen.

As modalidades de uso das prazas de aparcadoiro serán as seguintes:

- a) Usuario residente: É aquel que, cumprindo os requisitos fixados polo Concello de Vigo no correspondente contrato de concesión, adquire o dereito de uso sobre unha praza de aparcadoiro con carácter exclusivo dentro da cota de prazas reservadas contractualmente para o colectivo de residentes. Dentro deste colectivo distínguense, a efectos de prelación na reserva, entre:
  - Residente tipo I: Aquel que vive nun edificio que non conta con dotación de prazas de aparcadoiro privado.
  - Residente tipo II: Os restantes residentes.
- b) Usuario abonado: Trátase dun usuario de rotación que adquire o dereito de uso de larga duración sobre unha praza de aparcamento de rotación, aboando a tarifa correspondente e segundo o horario e período reflectido en contrato asinado.
- c) Usuario de rotación: É aquel que, mediante o pagamento duna tarifa, adquire o dereito de uso temporal dunha praza de aparcadoiro indiscriminada sen carácter exclusivo.

### **ARTIGO 4.**

O horario do servizo do aparcadoiro será permanente, permanecendo aberto 24 horas do día todos os días do ano, agás causa de forza maior. Calquera peche parcial das instalacións por reformas ou mantemento deberá ser previamente notificado ao Concello, aprobado polo mesmo, e deberá prever, no seu caso, o mantemento das prazas destinadas a residentes, modificando se é necesario a distribución das mesmas durante o período provisional de peche parcial para garantir o dereito ao desfrute das prazas.

### **ARTIGO 5**

O aparcadoiro é de carácter público. A utilización das prazas de aparcadoiro atenderá ás seguintes normas:

- a) As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos automóbiles lixeiros (tales como motocicletas e ciclomotores, vehículos de tres rodas,

cuadriciclos de motor, turismos, derivados de turismo, vehículo mixto adaptable, e furgonetas de  $m_{ma} < 3.500$  kg), prohibíndose destinalas a calquera outro fin. As motocicletas e ciclomotores deberán estacionarse nas prazas expresamente destinadas para as mesmas.

b) O acceso ao aparcadoiro implica a dispoñibilidade de prazas libres para o estacionamento do vehículo.

c) As prazas de estacionamento destinadas á rotación atribuiranse aos automóviles pola orde da súa chegada, sen reservas nin preferencias de clase ningunha e sen que poida ser rexeitado ningún vehículo automóbil lixeiro, agás no caso de que a súa admisión implicara perigo ou molestia para os demais usuarios. Exceptúanse as prazas reservadas para minusválidos, que só poderán ser utilizadas por usuarios que xustifiquen tal condición, debendo dispoñer do correspondente distintivo nun lugar visible mentres estea usando dita praza.

d) A distribución das prazas de estacionamento e a situación das instalacións e servizos será a máis axeitada para que, tanto as operacións de entrada e saída do local como as de control e pagamento do estacionamento, se efectúen coa maior comodidade e no menor tempo posible.

e) O uso das prazas de rotación estará suxeito ao pagamento da tarifa correspondente. O cobro do importe total será o exacto consumido e o sistema de cobro devolverá a cantidade sobrance que corresponda.

f) En ningún caso permitirase aos usuarios de rotación e abonados o uso das prazas reservadas a residentes, debendo dispoñer o aparcadoiro dos sistemas de sinalización oportunos.

g) No caso dos usuarios residentes, só poderán ocupar as prazas de aparcadoiro destinadas a este colectivo. Asemade, non poderán utilizar prazas de rotación. Se así o fixeran, terían as mesmas obrigas que os usuarios de rotación, debendo aboar as cantidades que correspondan de acordo coas tarifas aplicables a estes, sen dereito a ningún tipo de desconto.

h) A utilización de máis dunha praza de aparcadoiro por un vehículo ou que impida a utilización doutras prazas, ben sexa polo seu tamaño, pola súa colocación incorrecta ou calquera outra causa, implicará a obrigatoriedade de aboar a tarifa correspondente ás prazas ocupadas.

i) Os usuarios serán responsables dos danos que causen nas instalacións do aparcadoiro ou a outros vehículos ou usuarios por dolo, culpa, neglixencia ou infracción das normas establecidas no presente regulamento ou na lexislación aplicable.

j) Sobre a praza de aparcadoiro non se poderán realizar obras ou instalacións de elementos que modifiquen a súa configuración, distribución ou deseño de proxecto, así como pechamentos de calquera tipo, protectores de praza nin alteracións das marcas e sinalización que puideran ter. De igual modo queda prohibido o uso de

cepos, cadeas, barreiras e outros elementos alleos á praza que impidan o acceso á mesma.

k) As prazas de aparcadoiro non poderán ser modificadas dividíndoas para obter dous o máis prazas, nin agregala a outra para formar unha nova praza, agás aquelas prazas que Concello e concesionaria acorden modificar para uso de aparcadoiro de motocicletas ou aquelas que, estando destinadas a uso de motocicletas, por falta de demanda Concello e concesionaria acorden modificar para uso de turismos.

l) As rúas de circulación, zonas peonís e, en xeral, os elementos comúns do aparcadoiro, serán de uso común e non poderán ser ocupados por vehículos ou partes dos mesmos, debendo estar estes estacionados de xeito correcto dentro da súa praza, sen saírse das marcas que a delimiten. Tampouco poderán ser engadidos a prazas lindadeiras para facer estas máis grandes ou cambialas de forma.

m) O aparcadoiro, tanto de residentes como de rotación, estará en servizo de xeito ininterrompido as vinte e catro horas do día, incluíndo domingos e festivos, sen que poida pechase ao público en ningún momento, agás en casos de grave perigo ou sinistro, ou por interrupcións para executar obras ou outras causas que o xustifiquen, cuxo alcance e duración establecerá o Concello. En caso de peche parcial das instalacións debido a reformas ou mantemento, deberá notificarse con antelación ao Concello e preverse a resituación das prazas reservadas a residentes, en caso de ser afectadas polas obras, debendo sempre manterse dispoñible a dotación de prazas reservadas a este colectivo.

n) Os usuarios residentes e abonados libres disporán dun dispositivo persoal e intransferible de acceso ao aparcadoiro. No caso dos usuarios de rotación, o acceso ao aparcadoiro permitirase unha vez recollido o ticket de control de entrada, que permitirá determinar a data e hora en que se produce, non permitíndose a entrada sen o mesmo.

ñ) O concesionario contratará un servizo limpeza das instalacións do aparcadoiro. Todos os usuarios deberán velar polo bo mantemento do aparcadoiro, e teñen o deber de conservación do bo estado das instalacións evitando calquera deterioro do inmovible. Os usuarios deben poñer en coñecemento do persoal de control e vixilancia do aparcadoiro toda novidade danosa que advirtan sobre as instalacións.

Queda prohibido o verquido de calquera tipo de residuo fora das papeleiras ou puntos de recollida, derrame de líquidos e, en xeral, deben efectuar un correcto uso das instalacións. O persoal do aparcadoiro ostenta a facultade de apercibimento en caso de incumprimento destas obrigas, levando aparellada a resolución do contrato de arrendamento da praza de garaxe en caso de tratarse dunha praza de aparcadoiro de residente ou abonado libre e a expulsión do aparcadoiro en caso de tratarse dunha praza de aparcadoiro de rotación.

o) Todos os usuarios deberán seguir as indicacións que reciban do persoal de control e vixilancia do aparcadoiro, o cal poderá limitar o acceso a determinadas prazas ou modificar as condicións de tráfico do mesmo no caso de darse causas

xustificadas.

p) Todos os usuarios, no momento en que se lles permite o acceso ao aparcadoiro, terán dereito a usar as instalacións comúns do mesmo dispostas para tal fin, accesos peonís, ascensores, servizos, caixeiros automáticos, etc. Poderá autorizarse, por medida de seguridade, o peche dos accesos peonís e de vehículos, non obstante, os peonís poderán utilizarse como saídas de emerxencia. En todo caso, o horario de peche e as condicións do mesmo, serán fixadas polos servizos técnicos correspondentes encargados da inspección da explotación do Concello de Vigo e os accesos pechados deberán sinalizarse debidamente. Asemade, todos os usuarios terán dereito á utilización das instalacións nas debidas condicións de seguridade e a recibir un trato esmerado e educado por parte do persoal do aparcadoiro.

q) Nas oficinas do concesionario existirán unhas follas de reclamacións para os usuarios, debidamente regulamentadas. O concesionario deberá remitir copia ao Concello de Vigo no prazo de 10 días naturais dende que a reclamación se produce, co correspondente informe de alegacións da concesionaria, que servirá de base para a resolución da reclamación. Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá un cartel normalizado indicador da existencia de follas de reclamacións.

r) O servizo estará dotado do persoal necesario para que a súa prestación se efectúe nas debidas condicións de seguridade e eficacia evitando ao usuario calquera incomodidade, perigo ou demora.

s) O cadro de tarifas vixentes estará exposto permanentemente e de xeito que sexa facilmente visible polos usuarios.

t) A concesionaria permitirá, en calquera momento, que o Concello inspeccione o estado de conservación do aparcadoiro e de todas as súas instalacións.

u) Sen prexuízo do procedemento establecido, no aparcadoiro non se permite:

1. O acceso de vehículos de altura ou peso superior ao indicado na sinalización exterior da rampla de entrada.
2. O acceso de vehículos de medidas superiores ás das prazas de aparcadoiro sinaladas.
3. O acceso de persoas que non utilicen os servizos do aparcadoiro, nin a permanencia innecesaria das mesmas unha vez utilizados tales servizos.
4. A entrada de animais de calquera especie, agás animais de compañía debidamente atados.
5. A introdución de materias combustibles, inflamables ou perigosas, agás, naturalmente, o carburante do depósito dos vehículos dos usuarios.
6. A circulación de peóns polas ramplas de acceso de entrada e saída de vehículos, tanto as do exterior, como as de comunicación entre as plantas do aparcadoiro. Os peóns deberán utilizar obrigatoriamente as escaleiras ou ascensores que lles están destinados e cando transiten polo aparcadoiro farano polas zonas habilitadas a tal efecto.
7. Acender fogos e fumar.

8. O acceso ás dependencias privadas sen a debida autorización previa da concesionaria

v) En horas de pouca demanda e, especialmente, durante o horario nocturno poderán establecerse sistemas de peche, control ou seguridade nos accesos de vehículos e peóns, sen prexuízo dos correspondentes mecanismos de comunicación, apertura a distancia e saída libre permanente de persoas.

## **ARTIGO 6**

a) Para poder entrar no aparcadoiro co vehículo, cómpre que o usuario retire o ticket horario que lle expenderá a máquina situada a este efecto na rampla de entrada.

b) No caso de vehículos abonados, ben residentes ou en abono libre, cómpre utilizar a tarxeta de abonado subministrada polo concesionario.

c) Dentro do aparcadoiro e nos seus accesos o usuario deberá respectar estritamente: As normas da Lei de Seguridade Vial e os seus preceptos legais ou regulamentarios complementarios, a sinalización do tráfico tanto vertical como horizontal, a sinalización indicadora de calquera tipo que instale a empresa concesionaria, as indicacións que se fagan por escrito mediante carteis, as indicacións que efectúen verbalmente os empregados do aparcadoiro así como as normas deste Regulamento

d) A velocidade máxima de circulación no interior do aparcadoiro e nas súas ramplas de acceso será de 10 km/h.

e) Non se permitirán os adiantamentos entre vehículos, agás que se trate de adiantar a un vehículo detido e a circulación o permita.

f) A marcha atrás soamente permítese nas manobras necesarias para o estacionamento do vehículo e, con carácter excepcional, en casos de absoluta necesidade.

g) No caso de avaría, o usuario terá que comunicalo aos empregados do aparcadoiro e seguir as instrucións que lle sexan indicadas no caso de que o vehículo entorpeza a circulación normal.

h) Non se permite circular en punto morto polas ramplas de acceso ou interiores entre diferentes plantas, nin tampouco en calquera zona do aparcadoiro onde a pendente o puidera permitir. Non se poderán usar as ramplas para arrancar o motor do vehículo aproveitando a pendente.

## **ARTIGO 7**

O servizo de aparcadoiro non constitúe un contrato de depósito do vehículo nin dos obxectos que puidera haber no seu interior. A empresa concesionaria, nin o Concello se fan responsables de calquera roubo, perda ou danos causados por

terceiros ao vehículo ou ao seu contido.

O condutor e o propietario do vehículo serán responsables de todas as lesións e danos que puideran ocasionar co seu vehículo a persoas, outros vehículos, instalacións, estruturas, etc. no aparcadoiro e nos seus accesos e terán que poñer en coñecemento inmediato dos empregados do aparcadoiro os danos ou lesións que producisen ou presencisen.

Os usuarios causantes de accidentes terán a obriga de subscribir, antes de saír do aparcadoiro, unha declaración na que consten os danos ou prexuízos ocasionados.

## **TÍTULO II. MODALIDADES DE USO DAS PRAZAS DE APARCADOIRO.**

Establécense as seguintes normas particulares atendendo ás distintas modalidades de uso das prazas de aparcadoiro:

### **CAPÍTULO I. PRAZAS RESERVADAS A RESIDENTES EN RÉXIME DE ABONO.**

#### **ARTIGO 8**

O número de prazas destinadas a abonados residentes, nas súas variantes de automóviles e motocicletas, será o establecido no contrato de concesión asinado entre o Concello e a concesionaria.

#### **ARTIGO 9**

Titulares do dereito de solicitude de abono de residente:

a) Terán dereito a solicitar estes abonos, as persoas físicas propietarias ou condutoras habituais de vehículo, que residan de feito e figuren empadroadas na área de influencia fixada no prego de prescricións técnicas da concesión e que acrediten a súa condición cos documentos que esixa o Concello de Vigo.

b) Para os residentes con minusvalía ou con minusválidos ao seu cargo reservarase o número de prazas de estacionamento para residente que determine o prego de prescricións técnicas.

c) Para cada vivenda poderanse solicitar como máximo dous abonos de residente.

#### **ARTIGO 10.**

O contrato de abono de residentes dá dereito á ocupación dunha praza de aparcamento das reservadas a este colectivo por un período de 24 horas diarias, sen outorgarse dereito ningún de reserva ou ocupación preferentel de praza dentro destas.

#### **ARTIGO 11**

a) Solicitudes realizadas durante o período de execución das obras de reforma de

adecuación do aparcadoiro:

Como mínimo tres meses antes da data prevista para a finalización das obras de reforma o Concello de Vigo, a través de anuncio publicado nun dos diarios dos de maior tirada no municipio, no BOP e na súa páxina web, dará publicidade das condicións de adquisición dos abonos de residente e das datas para a presentación das solicitudes. Os residentes que desexen adquirir abonos, solicitaranos no propio aparcadoiro a partir da devandita data, mediante a presentación da instancia, debidamente cumprimentada que se lles facilitará nas dependencias do propio aparcadoiro. A adxudicación das prazas realizarase atendendo aos criterios detallados no artigo 12.

b) Solicitudes realizadas tras finalizar o prazo inicial: Unha vez finalizado o prazo detallado no punto anterior e adxudicados os abonos ata esgotar a oferta, poderán solicitarse directamente no aparcadoiro estes abonos, mantendo o concesionario un rexistro de solicitudes por orden de entrada, e cubríndose as vacantes existentes ou que se xeren atendendo aos criterios detallados no artigo seguinte.

## **ARTIGO 12.**

Previa comprobación dos requisitos establecidos, o número de orde das solicitudes determinarase en función da data de presentación da solicitude. No caso de primeira praza terán preferencia os residentes do tipo I sobre os do tipo II. No caso daquelas vivendas que soliciten dúas prazas, a segunda solicitude incluírase en lista tras finalizar a lista de solicitudes de primeira praza, aplicándose novamente o criterio anterior para determinar o número de orde entre as segundas prazas solicitadas.

Unha vez esgotado o prazo e adxudicada unha praza a todos os residentes solicitantes, adxudicaranse ata o fin de oferta dispoñible as segundas prazas solicitadas por este colectivo por orde de solicitude, sempre que cumpran os requisitos establecidos.

## **ARTIGO 13.**

Realizado o proceso de adxudicación das prazas, a concesionaria notificará, mediante carta certificada con acuse de recibo, aos solicitantes beneficiarios con dereito a abono a necesidade da comparecencia do petionario na súa sede social para formalizar o contrato de abono, establecéndose un prazo máximo de 15 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, entendéndose que renuncia ao seu dereito de non facelo en dito prazo.

## **ARTIGO 14**

Cos solicitantes que reunindo os requisitos non obteñan prazas de estacionamento, e aqueles que presenten a súa solicitude tras finalizar o prazo inicial sen existir prazas libres, confeccionarase unha lista de espera e, no caso de que quedasen prazas libres, estas cubriranse por orden de solicitude de residentes, dando preferencia aos do tipo I.



## **ARTIGO 15.**

O abono da dereito á utilización do aparcadoiro exclusivamente ao vehículo cuxos datos figuren no rexistro de inscrición, non sendo válido para outro vehículo, aínda que fora do mesmo propietario. Se por causas de forza maior (avarías, accidentes, etc.), o cliente tivera a necesidade de utilizar provisionalmente un vehículo diferente ao dado de alta como abonado, terá que comunicalo previamente á concesionaria con xustificación suficiente da causa de forza maior. De non facelo así, terá que satisfacer as estancias de acordo coas tarifas vixentes para os clientes de rotación. No caso de substitución definitiva do vehículo, o cliente comunicarao cunha antelación mínima de 7 días naturais para que a empresa poida actualizar os datos da inscrición e da tarxeta de abono, acreditando en todo caso a propiedade do vehículo polo titular do abono ou un membro da unidade familiar empadroadado na vivenda do mesmo. Non se poderá transferir o abono a terceiros en ningún caso. No caso de desestimento no seu uso, deberá comunicarse ao concesionario para a súa posta a disposición dos usuarios en lista de espera. O uso dos abonos por vehículos distintos aos autorizados será considerado como falta grave e sancionado coa perda do abono.

## **ARTIGO 16.**

Calquera variación dos datos persoais do cliente deberá ser comunicada á empresa concesionaria. No caso de que a variación comporte a perda da condición de residente, o contrato de abono será resolto no prazo dun mes trala notificación ao concesionario dos novos datos.

## **ARTIGO 17.**

A empresa concesionaria entregará aos clientes abonados unha tarxeta codificada que será de uso obrigatorio tanto na entrada como na saída do vehículo abonado. Ao recibir a tarxeta de abonado, o cliente satisfará a cantidade que se fixe en concepto de depósito, que lle será devolta cando se produza a súa baixa, sempre que devolva a tarxeta en perfecto estado de uso. Se por causas non imputables á empresa concesionaria fora preciso entregarlle unha tarxeta nova a un cliente, este aboará a cantidade que a tal efecto se fixe en concepto de custe de substitución.

## **ARTIGO 18.**

A perda o subtracción da tarxeta de abonado terase que comunicar á empresa concesionaria inmediatamente.

## **ARTIGO 19.**

A efectos de control, o cliente colocará, mentres dure o abono, en lugar visible do vehículo, un pequeno adhesivo acreditativo da condición de abonado.

## **ARTIGO 20.**

O abono de residente dá dereito exclusivamente a ocupar unha das prazas reservadas para este colectivo e sinalizadas como tales polo concesionario. Queda prohibida a ocupación das prazas en rotación ou reservadas ao abono libre. No caso de contravir esta prohibición, o usuario deberá aboar as correspondentes tarifas de rotación pola estancia realizada.

#### **ARTIGO 21.**

O pagamento das cotas de abono farase do seguinte xeito:

- a) A primeira cota, máis o depósito da tarxeta do abonado, ao contado no intre de subscribir o abono.
- b) As cotas sucesivas, nas datas e do xeito que se estableza polo concesionario e mailo Concello.

#### **ARTIGO 22.**

O impago de dúas cotas consecutivas na data fixada significará a cancelación automática do dereito de abono. Neste caso, se o vehículo continúa no aparcadoiro, será preciso satisfacer a súa estancia ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

#### **ARTIGO 23.**

A relación contractual que se estableza entre o concesionario e os usuarios entenderase tacitamente prorrogada por períodos sucesivos, agás comunicación en contra por parte do usuario. A baixa no abono terá que comunicarse de forma fidedigna e cunha antelación mínima de quince días naturais. Non se admitirán baixas temporais de ningún tipo no abono. O feito de haber estado abonado e causar baixa non xerará ningún dereito para o caso de que posteriormente se solicite novo abono.

#### **ARTIGO 24.**

A empresa concesionaria queda facultada para rescindir o abono, previo trámite de audiencia ao abonado, no caso de que este incumpra algunha das normas de funcionamento previstas neste regulamento.

#### **ARTIGO 25.**

Establécese o seguinte tipo de abono de alugamento de prazas de aparcadoiro para residentes:

- Abono mensual completo. Dará dereito ao uso dunha praza de garaxe as 24 horas do día por período dun mes.

As tarifas máximas (incluído IVE) a aplicar para este réxime de uso estarán expostas ao público en lugar ben visible.

## **CAPÍTULO II. PRAZAS DE USUARIO ABONADO.**

### **ARTIGO 26.**

O número de prazas destinadas ás distintas modalidades de abono libre será fixado discrecionalmente polo concesionario, co conforme do Concello, dentro da dotación de prazas de rotación do aparcadoiro.

### **ARTIGO 27.**

Poderán establecerse os seguintes tipos de abonos de alugamento de prazas de aparcamento:

- Abono mensual completo. Uso indiscriminado da praza de garaxe as 24 horas do día por período dun mes.
- Abono mensual diúrno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 8:00 horas ás 21:00 horas por período dun mes.
- Abono mensual nocturno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 21:00 horas ás 8:00 horas por período dun mes.

As tarifas máximas (incluído IVE) a aplicar para este réxime de uso estarán expostas ao público en lugar ben visible.

### **ARTIGO 28.**

O cliente abonado facilitará, no intre de producirse a súa admisión, os seus datos persoais e os do vehículo.

### **ARTIGO 29.**

O abono da dereito á utilización do aparcadoiro exclusivamente ao vehículo cuxos datos figuren no rexistro de inscrición e non é válido para outro vehículo, aínda que fora do mesmo propietario, agás autorización expresa do concesionario. Se por causas de forza maior (avarías, accidentes, etc), o cliente tivera a necesidade de utilizar provisionalmente un vehículo diferente ao dado de alta como abonado, terá que solicitar a autorización con antelación necesaria, pois, de non facelo así, terá que satisfacer as estancias de acordo coas tarifas vixentes para os clientes de rotación. No caso de substitución definitiva do vehículo, o cliente comunicarao antes para que a empresa poida actualizar os datos da inscrición e da tarxeta de abono. Calquera variación dos datos persoais do cliente deberá ser comunicada á empresa concesionaria.

### **ARTIGO 30.**

A empresa concesionaria entregará aos clientes abonados unha tarxeta codificada ou elemento equivalente que será de uso obrigatorio tanto na entrada como na

saída do vehículo abonado.

### **ARTIGO 31.**

Ao recibir a tarxeta de abonado, o cliente satisfará a cantidade que se fixe en concepto de depósito, que lle será devolta cando se produza a súa baixa, sempre que devolva a tarxeta en perfecto estado de uso. Se por causas non imputables á empresa concesionaria fora preciso entregarlle unha tarxeta nova a un cliente, este aboará a cantidade que a tal efecto se fixe en concepto de custe de substitución.

### **ARTIGO 32.**

No caso de utilización do aparcadoiro fora dos horarios de abono concertado, deberase satisfacer o tempo excedido, ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

### **ARTIGO 33.**

A non utilización da correspondente tarxeta na entrada ou na saída do aparcadoiro, agás no caso de avarías ou causas xustificadas, que terán que ser comunicadas inmediatamente, comportará o pagamento da estancia que marquen as tarifas vixentes para o usuario en réxime de rotación.

### **ARTIGO 34.**

A perda ou subtracción da tarxeta de abonado terase que comunicar á empresa concesionaria inmediatamente. A efectos de control, a empresa concesionaria esixirá ao cliente a colocación, mentres dure o abono, en lugar visible do vehículo, dun pequeno adhesivo acreditativo da condición de abonado.

### **ARTIGO 35.**

O pagamento das cotas de abono farase do seguinte xeito:

- a) A primeira cota, máis o depósito da tarxeta do abonado, ao contado no intre de subscribir o abono.
- b) As cotas sucesivas, nas datas e do xeito que se estableza polo concesionario e mailo Concello.

### **ARTIGO 36.**

O impago de dúas cotas consecutivas na data fixada significará a cancelación automática do dereito de abono. Neste caso, se o vehículo continúa no aparcadoiro, será preciso satisfacer a súa estancia ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

### **ARTIGO 37.**

A relación contractual que se estableza entre o concesionario e os usuarios entenderase tacitamente prorrogada por períodos sucesivos, agás comunicación en contra por parte do usuario. A baixa no abono terá que comunicarse de forma fidedigna e cunha antelación mínima de quince días naturais. Non se admitirán baixas temporais de ningún tipo no abono. O feito de ter estado abonado e causar baixa no xerará ningún dereito para o caso de que posteriormente se solicite novo abono.

#### **ARTIGO 38.**

A empresa concesionaria queda facultada para rescindir o abono, previo trámite de audiencia ao abonado, no caso de que este incumpra algunha das normas de funcionamento previstas neste regulamento.

### **CAPÍTULO III. PRAZAS DE USUARIO DE ROTACIÓN.**

#### **ARTIGO 39.**

O número de prazas destinadas a rotación será o establecido no contrato de concesión asinado polo Concello e a concesionaria. As tarifas para o sistema de rotación serán as establecidas no contrato de adxudicación da concesión. O importe exacto das tarifas exhibirase mediante panel indicador en cada unha das entradas de vehículos.

#### **ARTIGO 40.**

O usuario deberá satisfacer, antes de que o vehículo poida saír do aparcadoiro, o importe da súa estancia horaria segundo as tarifas vixentes en cada momento.

Unha vez aboado o importe correspondente á estancia do seu vehículo, o usuario deberá abandonar o aparcadoiro no prazo máximo de doce minutos. No caso contrario o concesionario poderá cobrarlle os minutos que excedan do dito tempo ata efectuar a saída.

O usuario deberá estacionar o seu vehículo nunha soa praza, non interferindo nas contiguas. O concesionario poderá tarifar ao usuario que estacione o seu vehículo indebidamente o importe correspondente a tantas prazas como ocupe ou impida o aparcamento doutro vehículo en tales espazos.

#### **ARTIGO 41.**

No caso de perda do ticket, antes ou despois do seu aboamento na caixa, o usuario deberá aboar, en concepto de depósito, o importe correspondente a vinte e catro horas, sempre e cando o vehículo non permanecese no aparcadoiro máis de vinte e catro horas. Unha vez apareza o ticket, procederase a devolver, no seu caso, o importe cobrado en exceso.

#### **ARTIGO 42.**

O concesionario deberá entregar ao usuario o recibo xustificante do pagamento da estancia no aparcadoiro.

### TÍTULO III. OUTRAS INSTALACIÓNS.

#### **ARTIGO 43.**

Dende o punto de vista sanitario, o concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección.

#### **ARTIGO 44.**

O aparcadoiro contará, ao menos, cun recinto destinado a caixa atendido por persoal do aparcadoiro durante as vinte e catro horas do día e durante todos os días do ano. Tanto nos caixeiros manuais como automáticos deberá admitirse o pagamento mediante tarxeta de crédito

#### **ARTIGO 45.**

Queda expresamente prohibida a colocación de carteis publicitarios no interior do aparcadoiro, agás autorización expresa do Concello.

#### **ARTIGO 46.**

Resulta obrigatoria a redacción en galego de calquera aviso ou información escrita que realice a concesionaria.

### **TITULO IV. INSPECCIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME DE EXPLOTACIÓN.**

#### **ARTIGO 47.**

A empresa concesionaria permitirá, en calquera momento, que o Concello poida inspeccionar o estado de conservación do aparcadoiro e de todas as súas instalacións, así como o xeito no que se desenvolve a actividade e presta o servizo, podendo verificar en todo momento se a ocupación del aparcadoiro se corresponde coas cláusulas do prego, obrigándose a empresa concesionaria a facilitar ao Concello os datos de ocupación cando esta así o interese. As posibles indemnizacións a terceiros polos danos que poida producir o funcionamento do servizo, por causa imputada ao concesionario ou ao persoal ao seu servizo, serán asumidas pola empresa concesionaria, agás no suposto de que a responsabilidade dimanara do cumprimento dunha orden directa da administración municipal. A empresa concesionaria velará polo bo orden do servizo, e ditará as instrucións necesarias.

#### **ARTIGO 48.**

O réxime sancionador aplicable ao presente regulamento será o que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

## **ARTIGO 49.**

O presente regulamento estará a disposición do público no aparcadoiro e a subscripción de calquera tipo de contrato de abono suporá a asunción das disposicións nel contidas. Igualmente a recepción do ticket de entrada ao aparcadoiro suporá a admisión do contido deste regulamento de réxime interior.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, logo da publicación do seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, unha vez de tivera transcorrido o prazo de quince días establecido no art. 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3.9.- (58).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA 1ª TRAVESÍA PROVINCIAL POR “JESUSA ALFAU GALVÁN”. EXPTE. 12986/331 (162/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo xefe do Departamento de Cultura con data 9 de marzo de 2011:

“Con data 8 de marzo de 2011 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- Jesusa Alfau Galván (docente e xornalista)

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas, que informa, con data 8 de marzo de 2011, que a denominación “Jesusa Alfau Galván” non existe no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso trátase dunha muller que

realizou unha importante labor no campo da investigación filolóxica e educativa, profesora da Universidade de Wisconsin (Estados Unidos de América) e colaboradora de varios xornais norteamericanos e españois. Publicou a novela Os Débiles en Madrid con tan só 17 anos.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Polo anteriormente exposto, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 14 de marzo, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar Jesusa Alfau Galván (docente e xornalista) ao vial público ata agora denominado como “1ª Travesía da Estrada Provincial”, que comeza no nº 18 da rúa Emilia Pardo Bazán e remata sen saída.

3.10. (59).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA 2ª TRAVESÍA PROVINCIAL POR “Mª VICTORIA DE LA FUENTE ALONSO”. EXPTE. 12985 (161/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo xefe do Departamento de Cultura con data 9 de marzo de 2011:

“Con data 9 de marzo de 2011 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- Mª Victoria de la Fuente Alonso (pintora)



Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas, que informa, con data 9 de marzo de 2011, que a denominación “M<sup>a</sup> Victoria de la Fuente Alonso” non existe no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso trátase dunha dunha pintora viguesa, filla do arquitecto Genaro de la Fuente, que obtivo numerosos premios durante a súa traxectoria profesional entre os que cabe destacar a medalla de ouro de Castelao ou o primeiro premio da Crítica do Ateneo de Madrid; foi membro de honor da Fundación Torre-Pujales Museo de Arte Contemporánea Costa (Corme) e participou activamente nos faladoiros do café Derby de Vigo.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4<sup>o</sup> que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Polo anteriormente exposto, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 14 de marzo, ditamina favorablemente a anterior proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Denominar M<sup>a</sup> Victoria de la Fuente Alonso (pintora) ao vial público ata agora denominado como “2<sup>a</sup> Travesía da Estrada Provincial”, que comeza no nº 20 da rúa Emilia Pardo Bazán e remata sen saída.

3.11. (60).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA 3ª TRAVESÍA. PROVINCIAL POR “JOSEFA ESTARQUE VILA”. EXPTE. 12984 (160/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo xefe do Departamento de Cultura con data 9 de marzo de 2011:

“Con data 9 de marzo de 2011 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

- Josefa Estarque Vila (directora Conservatorio S. Música Vigo 1976-1987)

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas, que informa, con data 8 de marzo de 2011, que a denominación “Josefa Estarque Vila” non existe no rueiro municipal, e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso cabe destacar, dentro do seu gran labor no ensino da música nesta cidade, o pulo e colaboración que aportou para conseguir que os estudos musicais en Vigo fosen elevados á categoría de superiores, e propiciou o traslado do conservatorio á finca de Álvarez na que hoxe está instalado.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Polo anteriormente exposto, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 14 de marzo, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar Josefa Estarque Vila (directora Conservatorio S. Música Vigo 1976-1987) ao vial público ata agora denominado como “3ª Travesía da Estrada Provincial”, que comeza no nº 38 da rúa Emilia Pardo Bazán e remata no nº 5 da 1ª Travesía da Salgueira.

3.12. (61).- ACEPTACIÓN DO LEGADO DE D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO AO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12956 (163/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 8 de marzo de 2011 polo xefe do Departamento de Cultura, coa conformidade do concelleiro delegado:

“A Secretaria Xeral do Pleno achegou ao departamento de Cultura a escritura entregada polo notario de Vigo D. José Luis Lorenzo Areán, de data 17 de febreiro de 2011, relativa ao legado de D Francisco Fernández del Riego de bens con destino á Biblioteca-Museo “Francisco Fernández del Riego”.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural resolveu, con data 25 de febreiro de 2011, iniciar o expediente de aceptación do legado de D. Francisco Fernández del Riego e de agradecemento.

A citada escritura de “aceptación e adxudicación de herdanza e entrega de legados” indica que nos bens deixados polos finados dona Evelina Hervella Nieto e don Francisco Fernández del Riego, de carácter ganancial, inclúen un enxoval doméstico do que forman parte os bens obxecto de legado á biblioteca-museo “Francisco Fernández del Riego”.

Na escritura recóllese que os herdeiros dos finados manifestan que os bens do legado a favor da Biblioteca-Museo “Francisco Fernández del Riego” foron depositados na Casa do Concello de Vigo, polo que consideran feita a entrega do legado, solicitando ao notario que o notifique ao Concello de Vigo para a súa aceptación; establecen a valoración do legado en 15.000 € (que forman parte do enxoval doméstico totalizado en 18.348,38 €).

Por esta xefatura solicitouse informe á técnica superior de Bibliotecas, Marián Vidal Fraile, do Concello de Vigo, adscrita á Casa Galega da Cultura, que no seu escrito do 1 de marzo de 2011, confirma que o depósito do legado está realizado nesas dependencias municipais e que os bens recibidos pola citada técnica coinciden cos números e grupos que figuran nos anexos da escritura.

1.- Con data 21 de xaneiro de 2011, os herdeiros dos finados D. Francisco Fernández del Riego e a súa esposa D<sup>a</sup>. Evelina Hervella Nieto entregaron na Casa Galega da Cultura os bens que conforman o legado con destino á Biblioteca-Museo “Francisco Fernández del Riego”.

2.- O legado recibido está integrado por 132 pezas, de diferente tipoloxía, detalladas nos catro anexos da escritura de “aceptación e adxudicación de herdanza e entrega de legados” subscrita diante do notario de Vigo D. José Luis Lorenzo Areán, de data 17 de febreiro de 2011. O detalle do legado é o seguinte:

- a) “Anexo I. Inventario materiais artísticos”. Total: 20 pezas. Legado ao Museo Francisco Fernández del Riego-Casa Galega da Cultura-Concello de Vigo.
- b) “Anexo II. Inventario obxectos”. Total: 38 pezas. Legado ás coleccións Francisco Fernández del Riego-Casa Galega da Cultura-Concello de Vigo.
- c) “Anexo III. Inventario monografías impresas”. Total: 13 pezas. Legado á biblioteca Francisco Fernández del Riego-Casa Galega da Cultura-Concello de Vigo.
- d) “Anexo IV. Inventario materiais de arquivo”. Total: 61 pezas. Legado ao arquivo Francisco Fernández del Riego-Casa Galega da Cultura-Concello de Vigo.

O legado ten como obxecto a integración dos bens que o conforman na Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego e adscribe cada grupo de obxectos a un destino específico. A biblioteca-museo “Francisco Fernández del Riego”, fora doada por don Francisco Fernández del Riego e a súa esposa dona Evelina Hervella Nieto ao pobo de Vigo, formalizándose en escritura notarial o 25 de abril de 1995 diante do notario D. José Antonio Rodríguez González, do colexio da Coruña; previamente o Pleno da Corporación Municipal de Vigo na sesión do 30 de xaneiro de 1995, por unanimidade, aprobara o convenio de doazón de D. Francisco Fernández del Riego da súa biblioteca, obras de arte, arquivo e outros elementos de interese cultural.”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 14 de marzo, ditamina favorablemente a anterior proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Primeiro.- Aceptar o legado de bens dos finados D Francisco Fernández del Riego e D<sup>a</sup> Evelina Hervella Nieto, con destino á Biblioteca-Museo “Francisco Fernández del Riego”, que se detallan na escritura de “aceptación e adxudicación de herdanza e entrega de legados” formalizada diante do notario D. José Luis Lorenzo Areán con data 17 de febreiro de 2011 e número de protocolo 209.

Segundo.- Destinar o legado recibido o 21 de xaneiro de 2011, na Casa Galega da Cultura, aos Fondos Francisco Fernández del Riego (Museo, Coleccións, Biblioteca, Arquivo).

Terceiro.- Dar traslado á unidade de Patrimonio do Concello de Vigo do presente acordo para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto.- Agradecer a xenerosidade de D Francisco Fernández del Riego e da súa esposa D<sup>a</sup> Evelina Hervella Nieto pola doazón realizada en 1995 ao pobo de Vigo e o legado recibido neste ano 2011; agradecer tamén a colaboración dos herdeiros dos doantes.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formularon.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

5.1.- (62).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á FROTA PESQUEIRA GALEGA DIANTE DA REDUCIÓN DAS COTAS DE CAPTURA. EXPTE. 153/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de

marzo de 2011, número 153/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Os ministros de Pesca da Unión Europea adoptaron medidas sobre as condicións de pesca da nosa frota, nunha recente reunión para fixar os topes autorizados de captura e cotas para as diversas especies neste ano de 2011. Estas medidas poden conducir á inviabilidade e ao desmantelamento dunha parte moi importante do sector pesqueiro galego.

Os acordos foron tomados co voto favorábel do Goberno español que contou, en representación de Galicia e outras partes do Estado, coa Comunidade Autónoma de Extremadura. Unha vez máis, Galicia, potencia pesqueira en Europa, sen voz, sen voto nin veto para facer valer os seus intereses nos foros nos que se toman as decisións que nos afectan. E se este ano tocoulle a Extremadura a nosa representación, o ano pasado foi Castilla-León e o anterior Castilla-La Mancha, e sempre con consecuencias devastadoras para Galicia.

As cotas de captura de especies de maior interese para a frota pesqueira galega reciben, sen apoio dun estudo científico ou de razóns explícitas e fundamentadas, uns recortes absolutamente brutais. É o caso do lirio cunha redución do 93% a respecto do ano 2010, con 824 toneladas a repartir entre os 93 buques que compoñen o que queda da frota de arrastre litoral. Non establece diferenzas entre o norte de Europa e o sur, esquecendo de xeito intencionado que a inmensa maioría das capturas son realizadas por frotas do norte de Europa e destinadas a fariña de peixe.

No caso do Gran Sol, as reducións afectan ao rapante, á cigala e á rabadá; e nas nosas augas ao xurelo e á xarda. E, en relación coa pescada, o incremento obtido é insuficiente, tendo en conta tanto a abundancia no noso litoral, a necesidade da nosa frota pesqueira, tanto de baixura como de arrastre litoral, e a vixencia do “Plano de recuperación da pescada”. Con isto vai ser difícil manter a viabilidade deste sector produtivo este ano de non adoptar medidas urxentes en defensa da frota galega. É posíbel que numerosos barcos pesqueiros teñan que amarrar ou optar polo seu despezamento, aparellando a perda de postos de traballo no mar e indirectos en terra, ademais da degradación das condicións de traballo.

Por outra parte, o Goberno galego incumpriu o acordo unánime do Parlamento de Galicia de setembro pasado, a iniciativa do BNG, relativo á posta en marcha de medidas urxentes para garantir a viabilidade da frota pesqueira galega, diante das restricións e prohibicións de capturas impostas pola Unión Europea. E tamén son decepcionantes as avaliacións do Goberno do Estado e o papel xogado polos seus representantes na reunión de ministros de Pesca da Unión Europea.

Resulta difícil comprender tanta capacidade de encaixe de decisións negativas para con Galicia e a asunción de tanta discriminación, procedan de Madrid ou de Bruxelas, que son a mellor proba da inacción que practica sen complexos o actual goberno do Partido Popular.

Por iso, o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria urxente dun Consello de Ministros da Unión Europea que posibilite o incremento das cotas de pesca asignadas á frota galega para a captura de lirio, xarda, xurelo e pescada, que permita a actividade extractiva normal até o 31 de decembro deste ano, e a presentación de informes científicos e fundados que avalen calquera decisión que se adopte.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a presenza de Galicia neste proceso negociador.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia que garanta medidas socioeconómicas dirixidas a tripulantes e armadores da frota pesqueira galega para o caso de verse afectada pola restrición de capturas, así como para as actividades directamente vinculadas a estes segmentos de frota.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Recentemente os ministros de Pesca da Unión Europea adoptaron medidas sobre as condicións de pesca da nosa frota nunha reunión para fixar os topes autorizados de captura e cotas para as diversas especies no ano 2011. Estas medidas poden conducir directamente á inviabilidade e ó desmantelamento dunha parte moi importante do sector pesqueiro galego. Nunha cidade como a nosa, nunha cidade como Vigo, tan relacionada directamente co mar e tan estreitamente relacionada e dependente do sector pesqueiro, isto pode ser un golpe realmente duro.

Os acordos tomáronse co voto favorable do goberno español que contou en representación de Galicia e doutras partes do Estado coa Comunidade Autónoma de Extremadura. Unha vez máis Galicia, que é realmente unha potencia pesqueira en Europa, non tivo nin voz, nin voto, nin capacidade de veto para facer valer os seus intereses nos foros nos que se toman as decisións que nos afectan. Neste ano tocoulle a Extremadura pero anteriormente tocáralle a Castela-León ou a Castela-A Mancha e sempre con consecuencias devastadoras para Galicia e para Vigo e sen ter nunca posibilidade de facer escoitar a nosa voz.

As cotas de captura de especies de maior interese para a frota pesqueira galega

reciben, sen apoio dun estudo científico ou de razóns explícitas e fundamentadas, uns recortes absolutamente brutais, por exemplo un 93% no caso do lirio. Ademais non establece diferencias entre o norte e o sur de Europa esquecendo de xeito intencionado que a inmensa maioría das capturas realízanse por frota do norte de Europa destinadas á fariña de peixe.

No caso do Gran Sol as reducións afectan ó rapante, á cigala e á rabada e nas nosas augas ó xurelo e á rincha.

En relación coa pescada o incremento obtido é totalmente insuficiente tendo en conta tanto a abundancia no noso litoral, a necesidade da nosa frota pesqueira, tanto de baixura como de arrastre e litoral, e a vixencia do plano de recuperación da pescada.

Realmente vai ser moi difícil manter a viabilidade deste sector produtivo, do sector pesqueiro este ano se non adoptamos medidas urxentes en defensa da frota pesqueira, moitos barcos pequenos van ter que amarrar ou mesmo optar polo seu despezamento, polo seu desmantelamento coa perda de postos de traballo que isto vai supor, tanto directos no mar como indirectos en terra.

Por outra banda o goberno galego incumpriu o acordo unánime do Parlamento de Galicia de setembro pasado ó que se chegou por iniciativa do BNG, relativo á posta en marcha de medidas urxentes para garantir a viabilidade da frota pesqueira galega diante das restricións e prohibicións de capturas impostas pola Unión Europea.

Realmente tamén son decepcionantes as avaliacións do goberno do Estado e o papel xogado polos seus representantes na reunión de ministros de Pesca da Unión Europea.

É bastante difícil de comprender, vendo as consecuencias destes acordos, tanta capacidade de encaixe, de tolerancia, de decisións negativas para con Galicia e como se pode asumir tal discriminación, veña de Madrid ou de Bruxelas. Pensamos que isto é realmente a mellor proba da inacción que practica sen complexos o actual goberno do Partido Popular.

Por iso o Grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita do Pleno da Corporación municipal o seguinte acordo: Instar á Xunta de Galicia a demandar do goberno do Estado a convocatoria urxente dun Consello de Ministros da Unión Europea que posibilite o incremento das cotas de pesca asignadas á frota galega



para a captura de lirio, xarda, xurelo e pescada que permita a actividade extractiva normal ata o 31 de decembro e a presentación de informes científicos e fundados que avalen calquera decisión que se adopten.

Instar á Xunta de Galicia a que, así mesmo, demande do goberno do Estado a presenza de Galicia neste proceso negociador, algo que nos parece fundamental para que o noso país, o noso sector teña voz e capacidade de decisión en acordos que son realmente tan importantes para o futuro e xa para o presente do noso sector pesqueiro. Como punto último: Instar á Xunta de Galicia a que garanta medidas socio-económicas dirixidas a tripulantes e armadores da frota pesqueira galega para o caso de verse afectada pola restrición de capturas, así como para as actividades directamente vinculadas a estes segmentos de frota.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Asistimos agora a unha moción presentada polo Bloque que é unha moción de “quita e pon”, moción que amosa a súa actuación política, póñense xuntos para gobernar e quítanse cando chegan as eleccións. É esta polo tanto unha moción de “quita e pon” porque critican a xestión do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño, que é o responsable da xestión e negociación das cotas e o TAC e o responsable dos recortes da frota pesqueira. Iso crítico pero como é unha moción de “quita e pon” o texto non vai dirixido contra a administración competente, que é unha administración do PSOE, senón contra a administración da Xunta de Galicia para que paguemos os galegos os erros do goberno do Sr. Zapatero.

Non vai dirixida porque o Bloque non se quere enfrontar co goberno do PSOE e, como xa dicíamos nun Pleno pasado, cada vez máis parece que se están convertendo nunha corrente de opinión do Partido Socialista, dentro do Partido Socialista como esquerda Socialista, que critica pero logo sempre vota con eles.

A Unión Europea é a competente para fixar estas cotas de pesca por acordo unánime de todos os ministros de Pesca, entre eles o do goberno Socialista do Sr. Rodríguez Zapatero. É a que fixa os límites de capturas, fixa o TAC, o total admisible de capturas que son os límites de capturas establecidos para as poboacións de peixes que son comercialmente máis importantes. Os TACs se distribúen entre os distintos países da Unión Europea, fíxanse cada ano ou cada dous anos se se trata de especies de augas profundas.

Ademais a Unión Europea, insisto que competente nesta materia, fixa trinta e cinco áreas de pesca dende o mar de Bering ata a zona das Azores e sete consellos consultivos rexionais, cinco por ámbito territorial, un por razón do tipo de especie como son as peláxicas de augas comunitarias e outra de pesca de altura en augas que son extra-comunitarias.

Este ano a negociación por parte do goberno Socialista fíxose con manifesta incapacidade e aprobaron eles tamén recortes porque o acordo adoptouse por unanimidade, que van prexudicar á frota galega. Unha manifesta incapacidade como nos ten demostrado en toda a súa actuación o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

Efectivamente as cotas recórtanse; as cotas de lirio baixaron un 93%, de rapante un 15%, de xarda ou rincha un 13%, de xurelo un 1%, de pescada continua o TAC igual que en augas de Francia e Reino Unido, o peixe sapo continua o TAC nas augas de Irlanda e baixa un 5% en Gran Bretaña e a cigala baixa un 12% en augas de Irlanda e un 15% en Gran Bretaña. Isto é o froito da xestión dun goberno socialista, do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

Que dixo o goberno socialista cando se adoptou este acordo tan prexudicial para a cota pesqueira? Teño aquí unha nota de prensa do Ministerio Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño que di: “Os TACs e cotas de pesca para o 2011 responden ás peticións de España en defensa do sector, o emprego e a sostibilidade”. Os socialistas están de acordo con este recorte, non só o aproban senón mesmo o louvan.

Por iso esta é unha moción de “quita e pon”. Critican pero nin esixen, nin votarán nada en contra do goberno socialista de Madrid que está contento con eses recortes que poden poñer en perigo milleiros de postos de traballo, non só do sector extractivo, aínda que é certo que o sector extractivo non afecta especialmente a Vigo porque a frota de arrastre non se atopa especialmente en Vigo, está sobre todo en Ribeira onde hai trinta e nove unidades, en Celeiro once unidades, en Marín once unidades, en Burela, etc.; en Vigo hai só un buque que se dedica á pesca de arrastre, pero si vai afectar ó sector de transporte e do comercio. Calcúlase que estes recortes, outros máis do goberno de Rodríguez Zapatero, van afectar aproximadamente a 8.000 postos de traballo en Galicia. 8.000 afectados do sector da Pesca, 3.000 polo Decreto do carbón... eses son os regalos que a Galicia

Ile fai o goberno de Rodríguez Zapatero e vostedes, señores do Bloque, teñen cen pactos de goberno cos socialistas en Galicia e tamén gobernaron en Galicia e apoiaron durante cinco anos ao goberno do Sr. Rodríguez Zapatero. O goberno socialista é a única administración responsable nesta negociación e na xestión dos plans das distintas pesqueiras que tamén orixinaron problemas en Galicia.

A Xunta reuniuse coa comisaria de Pesca, explicoulle á ministra como tería que ter negociado, participou nas negociacións previas á reunión do Consello de Ministros ata que a expulsaron, ata que non a deixaron participar e efectivamente a substituíron por Extremadura pero, quen a substituíu, quen lle impediu a Galicia participar? O goberno Socialista que son os seus amigos, os seus aliados e os socios de seu.

Saben vostedes ademais que esta moción incumpre o acordo do Parlamento porque Galicia non ten competencias en materia de frota de arrastre, que está prohibida en augas interiores que é onde ten competencias a Xunta. Por iso é unha moción de “quita e pon”. Protestan pero non votan contra o goberno de Rodríguez Zapatero. Este si que é realmente o problema porque é o acordo adoptado por parte do goberno Socialista de Madrid que votou a favor, os seus socios, os seus aliados e os amigos de seu.

Por todo o antedito presentamos unha emenda que quere esixir o que ten...

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. López-Chaves, rematou o seu tempo. Sra. Veloso, pasamos á súa quenda de tres minutos. Pronúnciese sobre a emenda que lle pasaron por escrito, por favor.

SRA. VELOSO RÍOS: Sobre a emenda que nos fixeron chegar, podemos aceptar os cinco puntos que se nos propoñen, pero os puntos 2 e 3 da nosa moción parécennos irrenunciabes. Aceptaríamos unha moción cos sete puntos.

Falou vostede de mocións de “quita e pon” e creo que o que son de “quita e pon” son os seus argumentos. Vostedes utilizan argumentos de “quita e pon” porque di que agora somos amigos dos socialistas e non votamos en contra e hai quince minutos eramos inimigos irreconciliabes e eramos un goberno dividido e enfrontado. Dende logo que aquí hai un problema de escoitar o que se quere.

En base a que acordos co PSOE vota o PP a favor do Decreto das caixas? Porque son

vostedes os que votan co PSOE en Madrid. Son vostedes os que non defenden os intereses de Galicia.

Por suposto que lle pedimos responsabilidades á administración competente e está perfectamente recollido nesta moción que por suposto o goberno do Estado ten as competencias nestes acordos pero tamén lle pedimos ó goberno da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias que tamén as ten. Outra cousa é que o presidente sexa un incompetente, pero o goberno de Galicia ten competencias e segundo o acordo que se aprobou no Parlamento por unanimidade, que lle lembro que tamén presentou o BNG, permíteselle ó goberno de Galicia artellar entre as dúas administracións un programa de axudas, permíteselle demandarlle ó goberno español a adopción de accións para posibilitar o incremento das posibilidades de pesca inicialmente asignadas á frota galega e ata agora non fixo nada.

Permíteselle pedirlle ó goberno español a presenza de Galicia nas reunións do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea e ata agora non fixo nada porque o PP só critica e fai algo fronte ó goberno español con obxectivos electoralistas. Imos ter que agardar a que falten dous meses para as eleccións autonómicas para que o fagan? Imos ter que agardar para que fagan algo por defender os intereses económicos de Galicia? Imos ter que agardar a que falten dous meses para as eleccións para que voten en contra de decretos en Madrid que prexudican á economía galega?

Mentres sigamos tendo un presidente na Xunta de Galicia como o Sr. Núñez Feijóo, cos ollos postos en Madrid, paréceme que en Galicia estamos bastante perdidos. Ese é realmente o problema, que fronte a decisións que prexudican ó noso país tampouco temos un goberno en Galicia que lle poida valer ó pobo galego. Esa é a realidade.

Por suposto estamos dispostos a aceptar que o Ministerio e o goberno do Estado asuman as súas competencias e garantan uns acordos que sirvan para que o sector pesqueiro galego siga funcionando e siga sendo unha fonte de riqueza para o noso país, pero a Xunta de Galicia tamén ten que asumir as súas competencias.

A PRESIDENCIA: Polo tanto o grupo do Bloque Nacionalista aceptaría unha moción que sería os puntos segundo e terceiro da proposta de seu, máis os puntos primeiro, segundo, terceiro, cuarto e quinto da emenda do Grupo Popular. Non se

acepta.

SR. LÓPEZ FONT: Solicitamos votación separada dos puntos.

Emenda presentada durante o curso do debate, en escrito de data 21 de marzo, polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro:

1.- Mostrar o seu apoio incondicional á flota de arrastre galega, que desenvolve unha actividade económica xeradora de milleiros de empregos na nosa comunidade, ante a decisión da Comisión Europea de reducir nun 93% a cota de capturas do lirio, xa que esta medida provocará que os buques dos países nórdicos, que pescan cantidades moi superiores, acaparen o mercado de lirio e provoquen o amarre da flota galega as finais do mes de xaneiro.

2.- Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a renegociar á alza o TAC do lirio e doutras especies, para adaptala á capacidade extractiva da flota galega e á situación real do stock existente no aumento se aplique integramente nas zonas VIIIc e IXa (Cantábrico Noroeste e Portugal)

3.- Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, como administración competente na xestión desta pesqueira e na petición das costas, para que, de non se facer efectivas as posibilidades expresadas no punto 2, estableza unha liña de axudas aos armadores e tripulantes, así como calquera outras medidas complementarias que estime oportunas, destinadas ao mantemento da flota e dos postos de traballos.

4.- Dirixirse ao Goberno de España para que impulse un estudo actualizado sobre a situación dos recursos pesqueiros no Cantábrico noroeste a través do Instituto Español Oceanográfico, para coñecer a situación real dos stocks das diferente especies que conforman os caladoiros e, desta forma, tomar a decisión sobre a distribución das cotas pesqueiras en base a argumentos científicos.

5.- Dirixirse á xunta de Galicia para que continúe co desenvolvemento da mesa de traballo artellada co concurso do sector para a procura de solucións complementarias e positivas que redunden na operatividade e sostibilidade da flota e dos empregos e movementos económicos dela derivados.

6.- Dar traslado do presente acordo ao Goberno de España, á ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Consellería do Mar da Xunta de Galicia.”

*Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Méndez Piñeiro, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

*A petición do voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, vótanse separadamente os tres puntos da moción*

VOTACIÓN DO PRIMEIRO PUNTO DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria urxente dun Consello de Ministros da Unión Europea que posibilite o incremento das cotas de pesca asignadas á frota galega para a captura de lirio, xarda, xurelo e pescada, que permita a actividade extractiva normal até o 31 de decembro deste ano, e a presentación de informes científicos e fundados que avalen calquera decisión que se adopte.

VOTACIÓN DO SEGUNDO PUNTO DA MOCIÓN: Con nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez.

ACÓRDASE:

Rexeitar o segundo punto da moción que di “Instar á Xunta de Galicia a que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a presenza de Galicia neste proceso negociador”.

VOTACIÓN DO TERCEIRO PUNTO DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos

membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Galicia que garanta medidas socioeconómicas dirixidas a tripulantes e armadores da frota pesqueira galega para o caso de verse afectada pola restrición de capturas, así como para as actividades directamente vinculadas a estes segmentos de frota.

5.2.- (63).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL QUE ATENDAN AS PETICIÓNS DO CONCELLO DE INVESTIMENTOS NA CIDADE. EXPTE. 154/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de marzo de 2011, número 154/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Dende os gobernos da Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra vense realizando unha política de discriminación cara á cidade de Vigo no relativo a investimentos en obra pública.

O alcalde de Vigo solicitou do Sr. Núñez Feijóo e do Sr. Louzán a execución do investimento que lle corresponde a esta cidade polo seu peso demográfico e económico. As peticións concretáronse tanto nas reunións oficiais que se mantiveron, como por comunicacións escritas detallando os investimentos solicitados.

O goberno da Xunta de Galicia non formalizou con este Concello ningún convenio de obras de humanización. Todas as obras finalizadas (Florida, Castrelos, etc.) corresponden ao Goberno da Xunta presidido polo Sr. Touriño.

O goberno da Deputación Provincial de Pontevedra non realizou nin un só

investimento na cidade de Vigo, é dicir 0 euros, a pesar de representar esta cidade o 35% da poboación da provincia de Pontevedra.

O Pleno do Concello adoptou acordos plenarios instando neste sentido sen que ata a data fosen atendidos, o que é mostra dunha clara descortesía institucional, entendendo que esta liña de actuación obedece a unha política moi definida dende ámbitos do Partido Popular de menosprezo á cidade de Vigo.

Por todo isto, solicítase a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que a Xunta de Galicia atenda ás propostas realizadas polo alcalde de Vigo, mediante escritos de datas 01/10/2009 e 20/09/2010, dirixidos ao presidente da Xunta de Galicia, relativos a investimentos na cidade de Vigo.

2º.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra informe a este Concello sobre os investimentos realizados en Vigo, peticións formuladas en reiteradas ocasións, e que asuma as propostas realizadas polo alcalde de Vigo, na primeira reunión realizada no ano 2007 co presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, e que se reiteraron por escrito do alcalde de data 30 de Outubro de 2007 e sucesivos enviados en datas posteriores, sen que se teña ata o momento resposta ningunha.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: A semana pasada presentouse o balance do goberno municipal. Un balance certamente bo de xestión de catro anos no que precisamente se salientaban todas as actuacións que se fixeron na cidade; un balance positivo que transformou totalmente a cidade e que non se coñeceu outro igual en trinta e dous anos de concellos democráticos nesta cidade.

Fronte este balance que presentou o goberno municipal, a actuación das administracións gobernadas polo Partido Popular distínguense xustamente polo contrario, por “ningunear” á cidade de Vigo, por non investir nesta cidade o que lle corresponde. Isto materialízase en tres aspectos moi importantes: a política da Deputación Provincial de Pontevedra, a da Xunta de Galicia e a da Sra. Porro como presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo sendo nomeada polo presidente da Xunta de Galicia.

En canto á Deputación Provincial xa reiteramos neste Pleno que o peso demográfico desta cidade é do 35% da provincia e o investimento que se puido demostrar neste Pleno é de cero euros en actuacións na nosa cidade. Moi pola contra se utiliza á Deputación Provincial de Pontevedra como política “clientelar” e



de apoio á candidata do Partido Popular. Xa a finais de febreiro se incluía publicidade institucional da Deputación Provincial de Pontevedra, en primeiro lugar enganando ós cidadáns con campos de fútbol que xa se construíran no anterior mandato e en segundo lugar con fotos nas que figuraba a Sra. Porro. Isto é coma o que aconteceu novamente esta fin de semana nunha publicidade institucional con fotos da Sra. Porro e estamos diante dunha utilización electoral dos fondos da Deputación mentres que o investimento nesta cidade é de cero euros.

Anunciamos xa que poremos en coñecemento da Xunta Electoral esta actuación da Deputación por se fose constitutiva de falta ou delito.

Coa Xunta de Galicia sucede outro tanto do mesmo. A política do Sr. Núñez Feijóo dende que está no goberno de Galicia foi de cero euros de investimento nesta cidade e todas as políticas tenderon a contestar que non a todo o que se presentou dende o goberno da cidade, todo tivo unha negativa por resposta. Neste sentido quero lembrar que tanto en setembro de 2009, coma en setembro de 2010 o alcalde de Vigo dirixiuse ó presidente da Xunta de Galicia para que temas moi importantes e cruciais para esta cidade se inclúsen nos orzamentos xerais da Xunta. A contestación literalmente foi negativa. Fronte iso o que tivemos foi unha privatización do hospital e como todas as cidades de Galicia tivemos un importante recorte dos dereitos sociais.

En concreto non se atenderon as peticións dos centros de saúde de Bouzas e de Navia; non se atenderon as reformas dos colexios que se pedía no escrito e que están nunha situación absolutamente lamentable; non se atendeu a solicitude de construción urxente dos comedores escolares nuns determinados colexios e tampouco se atendeu a solicitude de mellora e humanización da avenida de Galicia, rúa Arquitecto Gómez Román, rúa Canido, entre outras, fronte á política que desenvolvera o anterior goberno do Sr. Touriño coas humanizacións de Castrelos, Florida e outras actuacións.

Tampouco se atendeu algo tan importante como a demanda de elaboración dun plan de emprego para esta cidade que se reiterou en moitas ocasións e que nós cifrábamos en sete millóns e medio de euros en proporción ó que lle corresponde a esta cidade. Tampouco se atendeu a elaboración dos proxectos dos túneles de Beiramar e Julián Estévez que permanentemente están con convocatorias de concursos pero non se concretaron en actuacións importantes.

É evidente que a política do Partido Popular dende as administracións que dirixe foi de abafar economicamente a esta cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno anterior eu xa expliquei que a Deputación, no problema máis importante que teñen os cidadáns, o problema do desemprego, investía na cidade cero euros porque se dedicaba a facer mocións de censura en Mos, no Porriño ou en Gondomar. Pero iso foi durante o mandato, agora ó final do mandato o Partido Popular dedícase a outra cousa, agora é unha axencia de publicidade e aí teñen catorce páxinas na última semana nos xornais para enganar ós cidadáns de Vigo. Catorce páxinas mentindo porque cando alguén di só unha mentira ó mellor non engana, pero se a di catorce veces nos xornais ó mellor a xente termina crendo.

Miren vostedes se din mentiras que en catorce páxinas na prensa local dise: “En escasamente catro anos a Deputación de Pontevedra construíu nove campos de fútbol”. É mentira e sábeno, por iso todos os días pagan un anuncio por veren se enganan. A Deputación non construíu estes campos de fútbol senón que fixo convenios co Concello de Vigo. Nós poderíamos pagar outras catorce páxinas e aclarar a mentira pero eu prefiro gastar o diñeiro en deporte que en catorce páxinas desmentindo os enganados do Partido Popular.

Teño aquí unha acta da Xunta de Goberno Local do 20 de novembro de 2006 onde di que se destinan 120.000 euros para cada un dos campos de Cabral, Comesaña, Sárdoma e Valladares. Na Xunta de Goberno Local do 11 de xuño de 2007 aparecen 285.000 euros para os campos de fútbol de Bouzas, Teis e Meixoeiro. Sacaron nos xornais catorce páxinas enganando por veren se a xente do deporte cre que a Deputación fixo os campos de fútbol. É falso, foi en convenio co Concello de Vigo. Poderíamos pagar catorce páxinas para desmentir pero sinxelamente prefiro gastalo en deporte.

Logo algo moito máis grave. Resulta que o Partido Popular fai a publicidade e di que o fai a Deputación. Efectivamente na foto vese ó presidente da Deputación, Sr. Louzán, a Oscar Pereiro que fichou polo Coruxo e no centro Corina Porro. Todo o mundo se pregunta en calidade de que aparece na foto porque se é da Deputación, Corina Porro fichou polo o equipo feminino do Coruxo?

Realmente isto é intentar enganar á opinión pública porque os campos de fútbol

fixéronse con convenios co Concello de Vigo. Non sigan pagando páxinas, gastando diñeiro do deporte en publicidade enganosa, realmente é un fraude.

Para rematar lles quero dicir algo máis porque os señores do Partido Popular cada vez que interveño para dicir que a Deputación hoxe non ten sentido, din que é unha contradición porque o BNG está na institución provincial. O BNG é coherente e fai o que ten que facer, está nunha institución mentres esta non se cambie, pero o BNG non está parado. Agardo contar co apoio do Partido Popular no Parlamento do Estado porque o BNG presentou unha proposición non de lei onde se argumenta que realmente as deputacións están fóra do contexto actual porque cando se crearon había un estado centralista. Hoxe coas autonomías e as nacionalidades as deputacións non teñen sentido. Esta é unha proposición non de lei presentada polo BNG no Parlamento do Estado.

Creo que realmente esta Deputación non ten sentido, non inviste para paliar o desemprego, dedícase a facer mocións de censura, a gastar os cartos dos cidadáns en publicidade falsa. Xa está ben que logo veñan vostedes aquí dicir que o Concello de Vigo gasta en publicidade.

Eu creo que o que ten que facer a Deputación é desaparecer xa.

SR. FIGUEROA VILA: Sorprendíame esta moción por teren dous apartados, un para a Xunta de Galicia e outro para a Deputación, pero faltaba un terceiro para a Autoridade Portuaria.

Sr. López Font, “miróuselle o plumeiro”. O problema que teñen vostedes é que o Sr. Alcalde cando foi presidente da Autoridade Portuaria gastou tres millóns e medio de euros en maquetas e agora con aproximadamente eses tres millóns de euros abriuse de verdade Vigo ó mar. Onte pola tarde había milleiros de vigueses e viguesas paseando e mirando o mar, cousa que vostedes non foron capaces de conseguir. Aí están os lores e os afagos dos cidadáns. A pregunta que lle fago á cidadanía e ós medios de comunicación que miraron ese proxecto é, a quen lle fai dano o que se está facendo? Estase restaurando, abrindo Vigo ó mar sen ningún aumento de edificabilidade nin de volume. Estase facendo dunha maneira exemplar, o que pasa é que a vostedes iso dóelles porque o alcalde fai moitas maquetas pero ó final non foi capaz de concretar un proxecto que agora si se concretou.

Pero vou falar da Deputación e da Xunta de Galicia. Voulle facer unha afirmación: a Deputación investiu na cidade de Vigo trinta millóns de euros no último mandato. O problema é que aquí hai unha deputada provincial do Partido Socialista e non intervén, intervén o voceiro e isto é porque o Partido Socialista na Deputación é unha auténtica desfeita, non teñen nin voceiro, levan tres plenos sen falar e auséntanse cando chega o punto de rogos e preguntas. Deben ter moito traballo. Ese é o problema porque saben que a Deputación non vai acadar catorce deputados senón que vai estar en torno ós dezasete deputados, vai aumentar tres deputados máis pola xestión que está a facer.

En canto ó Bloque Nacionalista Galego falan moito pero seguen alí e ademais gobernan na Deputación da Coruña e na de Lugo e con todas as consecuencias. Non é unha contradición, é unha incoherencia, unha hipocrisía política porque negan a unha institución pero teñen representación nela.

Repito que trinta millóns de euros de investimentos da Deputación na cidade de Vigo máis dous proxectos pendentes porque aínda estamos agardando polos terreos do colexio alemán que non nolos cederon e máis polos terreos de Navia para facer un investimento de vinte e cinco máis tres millóns de euros, que o faremos.

Con respecto á Xunta de Galicia. A área metropolitana está desbloqueada malia as críticas do alcalde, de que quería vinte e oito concellos e a carta de municipalidade. Cidade da xustiza: hai quince millóns de euros consignados agardando polos terreos do Concello que non son quen dos ceder e dar vinte millóns de euros consignados nos orzamentos da Xunta; o túnel de Julián Estévez está agardando polo proxecto do Concello de Vigo cando hai consignados doce millóns e medio de euros e aínda non foron capaces de facer o proxecto en tres anos. No PAU de Navia hai nestes momentos noventa millóns de euros investidos. Vivendas das Roteas, tres coma catro millóns de euros. Consorcio do Casco Vello, trinta millóns de euros. Auditorio-Pazo de Congressos, malia de que o alcalde quere dicir que o fixo el, dezaioito millóns e medio de euros. Túnel de Beiramar, o proxecto en licitación, para a redacción do proxecto foron un coma tres millóns de euros. Solo industrial da PLISAN que afecta a Vigo, vinte millóns de euros. Augas de Galicia, no encoro de Eiras fíxose un investimento de máis dun coma tres millóns de euros para obras de abastecemento. Mellora da seguridade Vigo-A Ramallosa, vinte millóns de euros.

Mellora da PO 324 Samil-Canido, que o Sr. López aínda non se decata que xa está adxudicada a obra porque lle pasan os papeis e non se decata. Humanizacións das rúas Manuel Núñez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández, sete coma catro millóns de euros. Centros escolares e novas instalacións: ampliación do colexio Virxe do Rocío, dous coma cinco millóns de euros; Saladino Cortizo, dous millóns de euros; Colexio Altamar, pendente, están aí os afectados e aínda non hai cesión dos terreos; reparacións menores en centros de Vigo, un coma trinta e catro millóns de euros e un coma doce millóns de euros. Ampliación dos comedores escolares, un millón de euros. Hospital de Vigo, catrocentos millóns de euros. Centros de saúde: Navia, tres coma catro millóns de euros de investimento nese centro de saúde; ampliacións centros de Bouzas, un coma tres millóns de euros. Plan de competitividade turística, turismo urbano e ría, dun orzamento de tres coma nove, un coma tres millóns de euros da Xunta de Galicia. Rutas aéreas, un coma dous millóns de euros. Marco-Museo de Arte Contemporánea, trescentos mil euros. Escolas infantís-Parque Tecnolóxico, un coma dous millóns de euros. “Gota de Leche”, seiscentos mil euros. Centros de día: Coia e rúa O Grove, un coma tres millóns de euros. Valladares-Parque Tecnolóxico, un coma tres millóns de euros. Residencia para afectados da Asociación Alento, dous coma oito millóns de euros. Local de ensaio en Valladares, trescentos cincuenta mil euros. Axuda ó emprendedor, catrocentos vinte mil euros. Plan de políticas activas, dez coma oito millóns de euros. Albergue municipal, trescentos mil euros que están sen consignar porque non son capaces. Consellería de Industria e Economía, douscentos vinte millóns de euros en axudas.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que esa é a súa realidade. Necesitaría moito máis tempo porque en relación coa Deputación debería facer vostede o mesmo.

Necesitaría moito tempo para explicar en que se investiron trinta millóns da Deputación nesta cidade porque aquí o único que hai é publicidade en campaña electoral a favor da Sra. Porro. Esa é a realidade, Sr. Figueroa. Non especificou ningunha das actuacións da Deputación nesta cidade.

A Autoridade Portuaria de Vigo debe cumprir a legalidade como calquera cidadán. A xestión da Sra. Porro no Porto de Vigo que é o que importa, é a peor xestión nos últimos dez anos. O mellor momento de xestión do Porto de Vigo foi do Sr.

Caballero cando foi presidente e o peor da Sra. Porro por moito que rían. É máis, o que ten que contabilizar é a cantidade de investimento improdutivo que fixo a Sra. Porro estando no Porto, os quince millóns de euros que se lle fixeron perder a esta cidade pola Autopista do Mar. Como non lle saen en todo ese relatorio, Sr. Figueroa, os quince millóns de euros que perdeu esta cidade por unha Autopista do Mar que deixara o Sr. Caballero como presidente da Autoridade Portuaria? Explíqueme, Sr. Figueroa, por que funciona a Autopista do Mar de Gijón e non a de Vigo.

Vergoña debería darlle a vostede a actuación da Deputación que foi de cero euros nesta cidade e de outras que vostede non foi capaz de especificar.

En canto do relatorio que fixo da Xunta de Galicia é literalmente todo mentira, Sr. Figueroa, porque o hospital non se preocupe que non son catrocentos millóns, son mil douscentos pero entregados ó sector privado. Diga a verdade. O anterior goberno deixou un hospital público e vostedes multiplicárono por tres para llo dar ó sector privado. Pero ademais na sanidade o que fixeron foi poñer en risco a trescentos mil habitantes coa actuación que están a ter no hospital de Povisa.

Mire o que fai o presidente da Xunta de Galicia con esta cidade que di que hoxe ven visitar o hospital de Vigo pero non fai falta, está como cando veu hai uns anos, teñen un campo tal e como estaba daquela, está igual, non fai falta nin vir colocar a primeira pedra porque resulta grotesco que se fale de primeira pedra cando non teñen alleamentos e se fale da visita ó hospital. Esta é a realidade. Aquí é onde teñen a sanidade pública vostede.

Conclúo dicindo que tanto Deputación como Xunta de Galicia non invisten nesta cidade. Esta é unha política que fai o Partido Popular única e exclusivamente para abafar esta cidade.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e

Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial que responda ás peticións de investimentos deste Concello na cidade de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (64).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Ó PRESIDENTE DA XUNTA QUE RATIFIQUE OU DESMINTA DECLARACIÓNS DO REMATE DO PARO. EXPTE. 155/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de marzo de 2011, número 153/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“O Sr. Núñez Feijóo firmou un contrato con Galicia antes das eleccións autonómicas de 2009, onde nas políticas de fomento do emprego definía,as medidas para avanzar cara o pleno emprego.

Entre outras promesas está a de que “...en 45 días terminarei coa crise e o desemprego”.

A realidade é outra, en dous anos de goberno de Núñez Feijóo, Galicia é a Comunidade Autónoma que máis emprego destrúe.

A Xunta de Galicia e Feijóo non saben que facer para frear este deterioro da economía e o aumento de parados.

É posible actuar con medidas eficaces como se demostra en Vigo, a política económica do alcalde, D. Abel Caballero, fai que a taxa do paro estea por debaixo da de Galicia e España.

Por todo o anterior, proponse o seguinte acordo:

Instar a Feijóo que ratifique ou desminta que en 45 días termina co paro e a crise.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dende o Grupo municipal Socialista seguiremos reivindicando que pola Xunta de Galicia se atenda esta cidade e sobre todo nun problema tan grave como é o do desemprego que está azoutando de xeito moi duro en Galicia.

Vemos aquí a falla de políticas do Partido Popular que na campaña electoral manifestaba que unha das súas prioridades era o emprego, mesmo facían un contrato cos cidadáns, saía Feijóo asinando este contrato que dicía textualmente: “Combater o paro como máxima prioridade do goberno e recuperar a senda de recuperación de emprego garantindo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”. Iso é o que prometían para chegar ocupar o poder en Galicia. Agora negan que teñan competencias en emprego, négano porque coa súa falla de xestión, de políticas activas, Galicia é a Comunidade Autónoma que máis emprego está a destruír, a que máis emprego destrúe, en dous anos pasou de seren a que máis emprego creaba a seren a que máis emprego destrúe.

Si se poden facer cousas. Dende o goberno municipal co seu alcalde, Abel Caballero, si se veñen facendo cousas nestes últimos catro anos a favor do emprego na nosa cidade, para mellorar a economía e a situación dos nosos parados e paradas. Si, señores do Partido Popular, si se poden facer cousas.

Aquí se atende a todos pero especialmente a aqueles que o están a pasar peor. Vostedes negan a evidencia sobre eses 148.000 desempregados que teñen en Galicia e non os queren atender, que pasa? Non son cidadáns de seu? Non son galegos e galegas? Non contan? Afástanos? Dende este goberno municipal, dende o Partido Socialista, polo alcalde, Abel Caballero, aténdeselles e dáselles saída.

Malia toda esta crise, Vigo nestes catro últimos anos ten unha diferenza porcentual de tres puntos mellor ca media de Galicia e ca de España porque dan resultado esas políticas ás que me acabo de referir.

Mentres, o que fan vostedes é endebedar á nosa comunidade autónoma que é a comunidade que se endebedou de maneira escandalosa nos últimos anos. Xa escoitamos que non atenden ós sectores produtivos e que teñen a Galicia parada. Hoxe todos saben que o Sr. Feijóo ten Galicia parada e ademais está permanentemente fóra de Galicia, está a outras cousas, a todo menos a atender ós problemas dos galegos e galegas.



Vostedes tiñan moi ocupados ós traballadores e traballadoras de Vigo, pero agora xa teñen tamén moi preocupados ós empresarios de Vigo. Saben o que din de vostedes? Que son un fraude, que Feijóo é un fraude por coma os enganou, como enganou ós galegos e galegas para chegar ocupar o poder.

Se miramos os acontecementos na nosa cidade, e xa o dixen nalgunha intervención anterior, vostedes dan medo. Vostedes pechan centros de traballo e poñen en claro risco outros centros de traballo, en claro risco a traballadores e usuarios como os de Povisa.

O máis triste é que a Sra. Porro que é candidata á Alcaldía mira cara outro lado, nin sabe nin contesta, non sabe nin que lles dicir ós traballadores de Povisa, nin ós usuarios da Seguridade Social que acoden alí. Polo medio Feijóo visitando o novo hospital de Vigo dous anos paralizado, non sei que vai ver, se vai ser o valado ou onde se vai facer o burato para poñer a primeira pedra, pero o certo é que nos teñen parado o hospital, algo tan importante, para o converter nun negocio privado. Vostedes saberán por que fan ese negocio privado, algo terán que ver niso.

De aí que sigamos reivindicando que en Vigo se atenda ós desempregados e desempregadas cos fondos que lles corresponden, que se usen para rebaixar o número de desempregados e desempregadas que é o que veñen demandando todos os días.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Querería empezar dicindo que efectivamente concordo absolutamente coa nosa concelleira, Sra. Veloso, cando dicía que vostedes teñen argumentacións de “quita e pon”.

En primeiro lugar falan aquí de electoralismo. Dicía o Sr. Conde que electoralismo, os únicos que citaron a palabra eleccións e electoralismo foron vostedes en cada unha das súas intervencións. Non sei quen está máis preocupado.

Dicía agora o Sr. Figueroa que que facemos nós na Deputación. Tamén lle contestou o noso concelleiro dicindo que mentres non desaparezan temos que estar nelas. Argumentacións de “quita e pon” porque o outro día o noso voceiro parlamentario, Sr. Aymerich, preguntáballe precisamente ó presidente da Xunta que fan vostedes no Parlamento Galego. Lémbrense que votaron en contra do Título VIII da Constitución que precisamente regula as competencias autonómicas. Efectivamente, argumentacións de “quita e pon”.

Vou repetir unhas das palabras que precisamente citaba o Sr. Aymerich no seu fantástico discurso o outro día por mor do Estado da Nación. Comezaba dicindo o seguinte: “Galicia é hoxe un home en paro. Galicia é hoxe unha familia que non chega a fin de mes. Galicia é hoxe unha muller que cobra o 20% menos ca un home por facer o mesmo traballo. Galicia é hoxe milleiros de mozos e mozas que non atopan o seu futuro en ningún lado. Galicia é hoxe un auténtico desastre”. Estas foron as primeiras palabras que pronunciou o noso voceiro parlamentario, Carlos Aymerich. Pero non son de seu estas palabras. Estas frases pronunciáronse polo Sr. Núñez Feijóo en febreiro de 2009 durante un mitin electoral: “Galicia hoxe é un home en paro. Galicia é unha familia que non chega a fin de mes. Galicia é hoxe unha muller que cobra o 20% menos por facer o mesmo traballo...” Este señor é o mesmo que dicía isto criticando ó goberno bipartito nun mitin en febreiro de 2009 e é o mesmo que dicía que el arranxaría o problema do paro en corenta e cinco días. Esta é a política do Partido Popular: 248.000 parados, as nosas empresas pasando o peor momento da última época económica e, iso si, o Sr. Feijóo dicindo que a culpa é de outros, que toda a culpa é do Sr. Zapatero.

Por suposto que algo de culpa ten o Sr. Zapatero coa súa política laboral coa que nunca estamos de acordo e non votamos, pero ben é certo que o Sr. Núñez Feijóo presentouse a unhas eleccións para ser o presidente de todos os galegos e galegas e o que hoxe a cidadanía lle está esixindo claramente é que exerza como presidente dos galegos e galegas. Eu vou un pouco máis aló, a vostedes, concelleiros e concelleiras do Partido Popular, tamén lles pediría que exerceran como concelleiros e concelleiras do Partido Popular en Vigo, que non veñan aquí exercer como delegados e delegadas da Xunta de Galicia porque vostedes foron elixidos e lexitimamente votados polos vigueses e viguesas, polo tanto exerzan como concelleiros e concelleiras de Vigo e non como delegados da Xunta. Vostedes veñen aquí pedindo vivenda protexida. Un dato: en toda Galicia en dous anos corenta e catro vivendas protexidas foron as que se puxeron en marcha. Vostedes veñen aquí reclamando máis servizos sociais neste Concello cando hai vinte centros de día en toda Galicia sen abrir, construídos e sen abrir, seica porque agardan privatizalos. Vostedes pídenlle austeridade ó goberno municipal e a Xunta de Galicia gasta seis millóns de euros en retirar libros escolares polo sinxelo feito de que están en castelán. Vostedes reclaman maior atención por parte do Concello e resulta que

son cómplices da privatización da nosa sanidade, cómplices da eliminación da protección social que está facendo este goberno da Xunta.

Polo tanto non se trata de electoralismo, nin de que quedan dous meses para as eleccións, trátase de exercer en primeiro lugar como vigués. Decía o Sr. Núñez Feijóo que así o ía facer. Menos mal. En segundo lugar, trátase de exercer única e exclusivamente como representante dos vigueses e das viguesas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Díxenllo en xaneiro e en febreiro e repito en marzo que por moito que intenten botarlle a culpa do que está pasando ó Partido Popular, todo o mundo sabe que quen nos meteu nesta crise e quen nos está levando á ruína económica ós vigueses son os señores Zapatero e Caballero e o que deberían facer é admitir o seu fracaso, asumir a súa responsabilidade e non lle botar a culpa ós demais porque os cidadáns non son parvos.

Sr. Domínguez, debería estar un pouco máis atento ás intervencións dos seus compañeiros porque quen falou de eleccións foi o Sr. López Font. Tampouco debería loar tanto o discurso do seu compañeiro, Carlos Aymerich, no Parlamento de Galicia, non foi tan fantástico cando tivo que retirar as súas palabras que comparaban Galicia con Xapón e falaba de que Feijóo era un tsunami.

Unha mentira repetida un milleiro de veces sempre será mentira. Por iso lle digo, Sr. Rodríguez Díaz, que é absolutamente falso que o presidente Feijóo dixera que en corenta e cinco días ía rematar co paro e coa crise. Móstrenos un recorte de prensa, unha cuña de radio, un corte de TV onde o diga. É absolutamente falso. Vostede mesmo acaba de ler o contrato con Galicia, que eu teño aquí, que se resume en catorce puntos e en ningún deles se di que vai acabar co paro e coa crise en corenta e cinco días, o que di do emprego é que vai combater o paro como máxima prioridade do goberno e recuperar a senda da creación de emprego garantindo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Iso é o que di o contrato con Galicia. O dito, unha mentira repetida un milleiro de veces sempre será mentira.

Xa lle decía no Pleno do mes pasado que non sei como non se lle cae a cara de vergoña ó Partido Socialista cando tenta falar de paro e de emprego. Como se atreven a falar de emprego se Caballero é o alcalde do paro? Dende que Caballero é alcalde hai 12.880 persoas máis sen traballar. Como se atreven a falar de emprego se dende que Caballero é alcalde o paro aumentou en máis dun 72%? Non sei se

cando organizan eses actos en amor e compañía, PSOE-BNG ou BNG-PSOE, que tanto monta monta tanto, dinlle á xente que dende que Caballero é alcalde pecharon máis de 2.000 comercios na cidade e máis de 1.500 autónomos se deron de baixa. Non sei se lles din ós cidadáns neses actos de “autobombo” que é a primeira vez na historia que máis de 30.600 vigueses se erguen cada mañá sen poder ir traballar e a xeración mellor preparada, moitos mozos e mozas téñense que ir de España porque non atopan un futuro no seu país.

Ademais fan agora unha nova campaña publicitaria na que falan dos feitos: “Falan os feitos”. En xuño do ano 2007 en Vigo había 153.000 persoas que cotizaban na Seguridade Social, en marzo de 2011 en Vigo hai 136.000. En xuño de 2007 había 17.800 parados, en marzo de 2011 hai 30.700. “Falan os feitos” e vostedes fracasaron.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dan moitas cifras, Sr. Fidalgo, pero non din que van facer porque vostede mesmo leu o contrato no que se dicía que ían combater o paro como máxima prioridade e Galicia é a comunidade que pasou de seren a que máis emprego creaba a seren, en dous anos que gobernan vostedes e Feijóo, a comunidade que máis emprego destrúe.

Non dixo se lle ían esixir á Xunta de Galicia que invista en Vigo para atender ós parados e paradas desta cidade.

Asumir ese contrato é asumir que teñen competencias en emprego? Porque os 260 millóns de euros que manda o goberno central, o goberno de Zapatero, para que se atenda ós parados e paradas teranos que meter nalgún sitio. A ver se gastan algúns euros aquí nesta cidade. Diso non din vostedes nada.

Os que son os campións do paro son o Partido Popular e Feijóo. Vostedes si que son os campións do paro. Abel Caballero é o campión do emprego e demostrao aquí nesta cidade. Si, señores do Partido Popular, demostrao cos datos que hai nesta cidade, aí está demostrado. Mentres vostedes agardan a que escampe, a ver se cun pouco de propaganda, se con viaxes..., aquí se traballa por esta cidade. O alcalde e este goberno municipal traballan por esta cidade e polos seus veciños e veciñas.

Saben vostedes o que están facendo? Darlles as costas ós vigueses e viguesas e, con iso son vostedes a alternativa? Pretenden ser a alternativa vostedes con todo iso? Con esa bagaxe? Cando dan as costas? Como cando nun conflito como o do

hospital de Povisa dan as costas totalmente, nin se pronuncian, nin atenden ós traballadores, nin ós usuarios dese centro sanitario? A Xunta de Galicia ven arremetendo contra este centro sanitario e vostedes miran cara outro lado.

Repítolle que o de vostedes é pechar centros de traballo e coido que van pechar un máis.

Incrementaron vostedes os impostos, medra o número de parados; incrementa o endebedamento e poñen vostedes novos impostos. Este goberno mantén a atención ós parados e baixa os impostos. Esa é a diferenza. Nós non lles damos as costas ós vigueses e viguesas, atendemos a cada un e a cada unha dos vigueses e viguesas e non lles damos as costas como fan vostedes.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda presentada pero non anunciada na intervención, tiña que ser anunciada nos cinco minutos.

A emenda do Grupo Popular di: “Instar ó alcalde de Vigo e ó presidente Zapatero a cumprir o seu compromiso de acadar o pleno emprego”.

Non se acepta. Procédese á votación do texto tal e como se formulou.

Emenda presentada durante o curso do debate, en escrito de data 21 de marzo, polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias:

Instar ao alcalde de Vigo e ao presidente Zapatero a cumprir o seu compromiso de acadar o pleno emprego.

*Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Rodríguez Díaz, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e

Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando ao presidente da Xunta de Galicia, Sr. Rodríguez Feijóo, a ratificar ou desmentir as súas declaracións sobre o paro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (65).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO MUNICIPAL A TOMAR DIVERSAS MEDIDAS CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. EXPTE. 145/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de marzo de 2011, número 145/1101, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“A celebración, un ano máis, do día internacional das mulleres o 8 de marzo, supón un momento para a reflexión sobre os logros acadados na imparable conquista da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na nosa sociedade e tamén sobre todas aquelas cuestións pendentes sobre as que é preciso un esforzo suplementario neste momento de profunda crise que nos toca vivir.

Na nosa comunidade autónoma a situación das mulleres no mercado laboral ten dado grandes pasos nos pasados vinte anos, pero segue a mostrar unha posición desigual con respecto aos varóns, dándose esta mesma desigualdade noutros ámbitos, como a participación política, social ou cultural.

En boa medida esta situación desigual débese ás grandes dificultades que seguen existindo para conciliar a vida persoal, laboral e familiar, moi particularmente para as mulleres, que son as que continúan desempeñando de xeito maioritario as tarefas de coidado de fillos e fillas e persoas dependentes, un feito este que incide nas súas opcións de incorporación, permanencia ou promoción no mercado laboral, e nas posibilidades de continuar formándose nun mercado de traballo cada vez máis esixente en termos de actualización dos coñecementos.

Esta desigualdade de partida ten importantes consecuencias na imposibilidade de adquirir, por parte de moitas mulleres, a necesaria independencia económica, un feito que adquire trágicas dimensións cando, en determinadas ocasións, limita as posibilidades das mulleres vítimas de violencia sexista de denunciar a súa situación e afastarse do maltratador.

Vivimos uns meses particularmente duros no que se refire á violencia de xénero, que a pesares dos esforzos realizados, segue manifestándose con toda crueza no noso país, un feito que non se pode obviar cando se tenta poñer en evidencia os logros, pero tamén os fracasos, das políticas para conseguir unha sociedade máis igualitaria, onde as persoas, sen diferencias por razón de sexo, poidan desenvolver as súas capacidades e elixir libremente a súa traxectoria persoal e profesional.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia a reforzar as medidas implementadas para optimizar a empregabilidade das mulleres, impedindo que os logros obtidos nos últimos anos na participación igualitaria das mulleres no mercado laboral poidan verse limitados, todo isto dentro do marco establecido na Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015 da Comisión Europea.

2.- Instar ao Goberno Municipal a fortalecer a colaboración inter-institucional coa Xunta de Galicia, para mellorar os servizos e programas de apoio á conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

3.- Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha medidas de cara a unha racionalización dos horarios dos servizos municipais, que permita a todos os veciños e veciñas, atender máis racionalmente ás súas obrigas profesionais e de coidado dos nenos e nenas e persoas dependentes.

4.- Instar ao Goberno Municipal a perfeccionar as medidas postas en marcha cara á prevención da violencia de xénero, dada a importancia que unha axeitada coordinación a nivel municipal ten na detección dos casos de violencia e a atención das mulleres vítimas.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Presentouse unha emenda por parte do Bloque Nacionalista Galego pola que se “Insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de emprego feminino cunha dotación orzamentaria suficiente”. Queríalles informar que dende a Xunta de Galicia se está apoiando, preparando e traballando con respecto a este plan de emprego feminino co que si que apoiaríamos este punto da súa emenda.

Con respecto a engadir no punto dous “a colaboración coa Xunta de Galicia e coa Deputación de Pontevedra”, por suposto que tamén o apoiaríamos, pero o punto cinco non se apoiaría.

Xa que vostede no punto un fala deste plan de emprego feminino, quérolle comentar que se está traballando dende a Xunta de Galicia co Pacto pola Igualdade 2011-2020 baseado na estratexia para a Igualdade 2010-2015 da Comisión Europea.

Dende a Xunta de Galicia estase fomentando o Plan de Igualdade na empresa porque dende o Concello de Vigo non se fixo absolutamente nada; están apoiando os bancos do tempo como medida de conciliación laboral e familiar, algo ausente neste Concello; unha marca galega de excelencia en Igualdade que se debe pular en todas as empresas, un distintivo no que se fomente a igualdade para eliminar ese 17,8% de redución da distinción nos salarios e para que a representación feminina sexa maior nos postos de decisión política e económica.

Exactamente o mesmo co salario da liberdade. Estase traballando para erradicar a violencia de xénero dende a Xunta de Galicia. Tamén se creou a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, algo que se debe ter moi en conta e débese dar a coñecer en toda a nosa Comunidade Autónoma. O Consorcio xestiona o Centro de Emerxencia para mulleres maltratadas na nosa cidade e ademais diso, a Xunta de Galicia puxo en marcha unhas vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual e trata.

Con respecto á Deputación de Pontevedra, exactamente igual que na Xunta de Galicia tomáronse numerosas medidas en materia de igualdade.

Non sei se o sabe, xa que os deputados do Bloque Nacionalista Galego e do PSOE que están aquí non os informan, pero a Deputación de Pontevedra estivo durante doce anos xestionando e apoiando o Centro de Emerxencia de Mulleres Maltratadas para todos os concellos da provincia de Pontevedra ata que vostede, Sra. Veloso, pechou ese centro.

Dende o ano 2003, en colaboración coa Cruz Vermella, tamén dende a Deputación se traballou con mozos e mozas en materia de prevención de condutas violentas. Participaron máis de 12.000 mozos e mozas con este convenio coa Deputación de Pontevedra.

Dende o ano 2007 a Deputación está apoiando ás mulleres embarazadas sen recursos que queren seguir adiante co seu embarazo. Non só se prima ou se apoia o aborto como fai o seu goberno, senón que hai que apoiar, incentivar a aquelas mulleres que queren continuar adiante co seu embarazo.



Dende o ano 2010 a Deputación tamén está axudando a través dun convenio con Cáritas ás familias monoparentais que non dispoñen de recursos económicos. Tamén e dende o mesmo ano a Deputación colabora coa Rede de Mulleres Contra os Malos Tratos. E dende o ano 2005 e durante máis de seis anos a Deputación ten un programa de tele-asistencia móbil polo que se lles proporciona atención a todas as mulleres vítimas de malos tratos que residen en concellos da provincia con menos de 20.000 habitantes, son concellos que teñen moi poucos recursos económicos e onde a violencia de xénero tamén se dá. Ademais diso tamén hai cursos e actividades dentro do Centro Penitenciario de A Lama para mulleres reclusas. Todo isto é o que fixo en materia de Igualdade a Deputación de Pontevedra.

Cremos que son moi importantes todas as iniciativas que se leven a cabo, non só nas campañas para o uso non sexista dos xoguetes ou sinxelamente o apoio a determinadas organizacións afíns en materia de violencia de xénero, ou como reivindicación do Día Internacional da Muller, porque o que vostedes están a facer é apoiar a grupos e organizacións afíns en troques de unírmonos diante dunha causa común. Si que cremos que esa debe ser unha medida que debemos ter en conta.

SRA. VELOSO RÍOS: Xa resulta un pouco canso falar con vostedes de igualdade neste Pleno porque, como con outras palabras como liberdade, democracia, xustiza..., a vostedes éncheselles a boca utilizando a palabra igualdade pero dende logo está claro que non ten o mesmo significado para vostedes que para nós. Iso está moi claro.

Logo o goberno da Xunta aproba a Lei que chamaron vostedes “de apoio á muller embarazada” que máis ben se debería chamar “ser nai por lei”. Non teñen ningunha vergoña en dicir que hai gobernos que priman o aborto. Isto é realmente vergoñento.

Logo tamén aproban no Consello da Xunta o Proxecto de lei de familia que devolve ás mulleres ó lugar do que, segundo vostedes, non debería ter saído. Logo nos contan que aumentan as nosas liberdades, pero como no chiste é ampliándonos a cociña. O problema é que non ten ningunha gracia.

Non ten ningunha gracia por todas as mulleres que loitaron durante toda a súa vida para que hoxe esteamos aquí as que estamos, non ten ningunha gracia por todas

as mulleres que hoxe en día fan terribles esforzos para sacar adiante ás súas familias e para poder traballar e non ten ningunha gracia polo futuro que lles están preparando vostedes ás nosas fillas. Dende logo que a min me preocupa moito e dan máis ben ganas de chorar. Por iso hoxe vou ir directamente ó gran.

A verdade é que me deixou un pouco sen argumentacións. Pareceume bastante curiosa a forma de presentar a súa moción, Sra. García Míguez. Empezou falando da nosa emenda. É curioso. Gracias, aforroume vostede o traballo de presentar a nosa emenda. De todos os xeitos si gustaríame aclarar algunhas cuestións sobre a emenda porque xa que a presentamos nós estaría ben que as argumentacións sobre eses puntos fosen nosas e non de seu porque xa lle digo que aínda que falemos de igualdade as dúas, dende logo non entendemos o mesmo, para nada.

Sobre o Plan de Emprego Feminino vostede di que se están facendo moitas cousas. A verdade é que as mulleres do noso país non se están beneficiando delas, así que nos gustaría saber como e cando se fixeron porque ademais non se reflicten en ningún momento nos orzamentos da Xunta.

No punto dous falaba vostede de que lle parece moi ben que engadamos á Deputación de Pontevedra. É un cambio interesante con respecto ó último Pleno no que rexeitaron vostedes que a Deputación de Pontevedra dese resposta ás solicitudes da Xunta de Galicia para apoiar con financiamento ó Centro de Emerxencia. Isto xa é máis positivo porque no seu momento, no ano 2008, a este Concello negóuselle o apoio económico ó Centro de Emerxencia. Informáraselle á Deputación de Pontevedra de que abría o Centro de Emerxencia e unha rede de pisos tutelados e rexeitóuselle, negóuselle directamente a este Concello a colaboración económica. Agora á Xunta de Galicia tampouco lla concede, seica disque non a pediu oficialmente..., pois haberá que informar á Xunta de Galicia de que non a pediu oficialmente. Pero se agora lle parece ben, benvinda sexa a achega da Deputación de Pontevedra.

Vostede non acepta engadir o punto referido a que as mulleres que cobren un salario da liberdade, que cobren axudas, as poidan cobrar nas mesmas condicións que antes e que agora non sexan axudas residuais para mulleres practicamente en situación de exclusión, pero é deixando fóra das axudas a unha boa parte das mulleres vítimas de violencia de xénero do noso país e lamentámolo. Realmente lamentámolo moito e por suposto, se non se acepta este punto, nós non podemos

aceptar chegar a ningún acordo sobre a moción que vostedes presentan.

De feito non emendamos os puntos tres e catro porque por exemplo, en canto ó punto tres que fala da conciliación dos horarios laborais e familiares, este Concello ten un Plan de Igualdade para os traballadores e traballadoras onde se contempla a posibilidade de conciliar, porque tamén teñen que conciliar os traballadores e traballadoras do Concello e son perfectamente compatibles coa conciliación para o resto da poboación, como se demostra de feito no horario do FIM deste Concello por exemplo.

En canto ás medidas de violencia están perfectamente recollidas na Mesa de Violencia que funciona moi ben e no Plan de Igualdade, ese que está dotado de 1.200.000 euros para aplicar as medidas que recolle, que non é o que custou o Plan, deixen de mentir en cada Pleno, o que pasa é que vostedes non saben facer medidas e presupostalas. Nós preparamos medidas con orzamento para que se leven adiante que é o que se está facendo.

Remato dicindo que non imos aceptar a súa proposta porque en todo caso non podemos asumir que non se cubran as necesidades económicas das mulleres vítimas de violencia de xénero neste país.

SRA. LÓPEZ ATRIO: En relación con esta moción, que xa non é a primeira nin a segunda vez que aparece, quereda lembrar a Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero que o 22 de decembro de 2004 foi ó Pleno do Congreso español e aprobouse por unanimidade. Tamén, como non, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, pola igualdade efectiva de mulleres e homes; a Lei de dependencia, etc. Temos unha chea de leis presentadas por este Sr. Rodríguez Zapatero ó que vostedes tanto recriminan que, afortunadamente e cara ás mulleres, fixo verdadeiras leis de apoio, leis que lle temos que agradecer porque gracias a el somos quen de ter polo menos esas leis.

Si é certo que non todo o mundo as cumpre como debera, pero esta Autonomía como moitas outras conta coa súa propia lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Aclararei logo algúns puntos ó respecto, pero quero dicir agora que isto de estender a rede de servizos de atención a menores de 0 a 3 anos estase a facer na cidade cun custe moi alto pola parte do Concello de Vigo, con catro escolas infantís

existentes máis outras tres para poñer este ano e outras catro previstas.

Pero lles queredría aclarar algo que sempre repiten e coido necesario poñer no seu coñecemento. Cando falan de corenta e dúas escolas infantís de 0 a 3 anos de forma reiterada, lémbrolles que a proposta literal non era escolas infantís de 0 a 3, senón unha aula de 2 a 3 anos nos centros educativos que existen na cidade. Co goberno da Xunta anterior a vostedes, co bipartito, estaba prevista a asistencia de nenos entre 2-3 anos a todos os centros educativos que tiveran espazo, por suposto enviándolles o profesorado e os cuidadores necesarios para que fose viable. Que lles quede claro que non se falou de corenta e dúas escolas infantís, senón que a proposta era de corenta e dúas aulas infantís de 2-3 anos.

Ademais déixolles unhas preguntas ó igual que fixo algún compañeiro de seu antes, con respecto á Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Gustaríame saber que fixo a actual Xunta de Galicia dende o ano 2007, 2008, 2009, 2010 e agora sobre o tratamento da información con respecto á violencia de xénero. Que fixeron coa formación da totalidade dos profesionais? Entendendo por profesionais os de sanidade, servizos sociais, educativos, Forzas e Corpos de Seguridade e operadores e operadoras xurídicos. Que fixeron vostedes no ámbito educativo? Que fixeron con respecto á comunidade escolar, á atención psicolóxica, á atención sanitaria, á intervención da administración en materia de menores? Que fixeron en canto a medidas específicas de ámbito de formación e emprego, de igualdade nas empresas, nas prestacións periódicas? Que fixeron en relación co dereito de acceso á vivenda para mulleres vítimas de violencia de xénero, equipamentos sociais especializados? Como está a creación do centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia? Onde está, díganlo por favor, a rede de información ás mulleres? Onde está a creación do consello escolar de mulleres, a creación do observatorio galego, a creación da comisión interdepartamental de igualdade, o informe sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas, o dereito a atención sanitaria, á atención psicolóxica, á atención xurídica, á asistencia letrada?

Por favor, cando poidan díganme onde están e que fixeron dende a Xunta de Galicia dende marzo de 2009 que levan gobernando, dous anos. Desenvolveron algunha destas propostas que teñen na propia lei? Sería interesante coñecelo. Estamos aquí sen saber aínda como funciona a creación do Consello Galego de Mulleres, o

Observatorio e a Comisión Interdepartamental de Igualdade. Por favor, cóntennos.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sra. López Atrio, móstrolle un papel no que aparecen as promesas electorais do Sr. Alcalde onde pon, se non leo mal: “Corenta e sete escolas infantís e garderías”. Non pon nada dunha aula ou non sei que me estaba explicando. Queda aquí reflectido que é certo o que o Partido Popular ven reivindicando dende que están vostedes no goberno.

En canto á loita, ó traballo contra os malos tratos, dende logo no Concello de Vigo o traballo do Grupo Socialista é totalmente nulo. Non participan en ningunha iniciativa de apoio ás mulleres vítimas de malos tratos, nin reivindicando a loita das mulleres. neste mandato. O seu traballo en materia de violencia de xénero está totalmente ausente. Con todos os cartos que tiveron do Plan E non investiron nin un só euro no Centro de Emerxencia de mulleres maltratadas. E coma iso, calquera iniciativa de emprego, de conciliación..., é que non hai nin unha escola infantil coa que traballar neste tema da conciliación que é fundamental para o emprego.

Cando crearon o Ministerio, que xa eliminaron, xamais no noso país houbo tantas mulleres vítimas de malos tratos, tantas mortas vítimas de malos tratos. Tivérono que eliminar porque carecía de contido e de efectividade ese ministerio.

Sorpréndeme que a Sra. Veloso sempre fala da forma das cousas en troques de iren ó contido. Está preocupada polo continente e non polo contido. Non entendo por que eu non podo debater como queira a miña moción. Vostede presenta unhas emendas que coido que debemos xustificar o por que si ou o por que non. Por que a Deputación de Pontevedra si apoia as iniciativas contra os malos tratos, a favor do emprego, a favor das persoas que non teñen recursos económicos e vostedes non fixeron absolutamente nada.

En materia de emprego en Vigo é moito maior o número de mulleres ca o dos homes. En violencia de xénero pecharon os recursos, reducen os orzamentos, hai oitocentas denuncias por vítimas de violencia de xénero. En canto ás vítimas de trata de mulleres con fins de explotación sexual, non fixeron absolutamente nada. Contra a pobreza o único piso que hai para as mulleres que viven na rúa pechárono.

A PRESIDENCIA: Entendo que non acepta a emenda tal e como se formulou polo Grupo do BNG e polo tanto procedemos á votación da moción nos termos

formulados na proposta do Grupo do Partido Popular.

Emenda presentada durante o curso do debate, en escrito de data 21 de marzo, pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

Substitución do punto 1:

Instar á Xunta de Galicia a elaborar un plan de emprego feminino, con dotación orzamentaria suficiente e que conteña as medidas destinadas a acadar os obxectivos de incrementar o número de mulleres ocupadas, atendendo especificamente á problemática das mozas galegas, corrixir a brecha salarial e reducir a precariedade do emprego feminino.

Engadir no punto 2:

...a colaboración coa Xunta de Galicia e coa Deputación de Pontevedra para mellorar...

Engadir un punto 5:

Reformular a resolución do 14 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se regulan e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de ter gozado con anterioridade das medidas recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Ademais garantirase que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda estea aberto durante todo o ano e fixarase un prazo máximo de 30 días para a resolución e pagamento efectivo das axudas dende o momento da súa solicitude.

*Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. García Míguez, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece

votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do partido Popular, Sra. García Míguez, formulando diversas peticións con motivo da celebración do día internacional da muller, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

### **6.1.- (66).- MOCIÓN DO BNG INSTANDO DECLARAR ZONA DESNUCLEARIZADA AO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 168/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de marzo de 2011, número 168/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Os efectos sísmicos sobre a central nuclear de Fukushima, no norte do Xapón, obrigaron ás autoridades a declarar o estado de “emerxencia de enerxía nuclear”, producíndose fugas radioactivas, a evacuación de máis de 200.000 persoas en case 40 kms. á redonda e continuando latente o risco de fusión atómica e a explosión do propio reactor nuclear que desencadearía un accidente nuclear fatal a nivel mundial.

Traxedias e accidentes coma os ocorridos nas centrais nucleares de Chernóbil, Three Mile Island-Harrisburg en Estados Unidos ou Vandellós-I en Catalunya, que obrigou neste caso ao seu peche definitivo, poñen de manifesto que ningún reactor nuclear é seguro e que a enerxía nuclear carece das garantías ambientais e de seguridade esixíbeis, alén de que non é necesaria para facer fronte ás necesidades enerxéticas de Galicia ou do Estado español.

O pobo galego tense manifestado historicamente contra os intentos de instalar centrais nucleares no noso país. A finais dos anos setenta do século pasado non só se freou a intención de construír unha central en Xove, senón que sentaron as bases para un consenso social contrario a estas instalacións no noso territorio. Foi dende aquela que as ideas e posicións antinucleares se asumiron como maioritarias

na nosa sociedade.

Ademais, hai que lembrar que Galicia ten sufrido un dos máis graves problemas derivados da enerxía nuclear ao acoller fronte ás súas costas, a comezos dos anos 80, un vertedoiro de miles de toneladas de residuos radioactivos que contou coa forte oposición do pobo galego e das súas institucións locais, conseguindo paralizar os vertidos na Fosa Atlántica.

A finais do século pasado estivo presente novamente o debate nuclear cando os intentos de ENRESA de situar un cemiterio nuclear no noso país, mais felizmente desbotado, grazas a unha conciencia cidadá contraria á nuclearización.

Galicia non necesita ningunha central nuclear. O noso país exporta na actualidade máis da terceira parte da electricidade que xera. Os galegos e galegas poderíamos satisfacer as nosas necesidades de electricidade cun baixo impacto ambiental promovendo o aforro e a eficiencia enerxética, desenvolvendo con garantías de respecto ao medio natural as enerxías renovábeis.

A enerxía nuclear non é o futuro, atópase en declive practicamente en todo o mundo e non representa unha enerxía respectuosa co medio ambiente e coa saúde das persoas. As centrais nucleares contaminan en todas as fases e supoñen un risco evidente e contrastado para a saúde das persoas, sobre todo en caso de accidentes. O problema de tratamento dos residuos segue pendente, dado que manteñen a súa radioactividade e perigo durante 250.000 anos.

É falso que a enerxía nuclear sexa un medio máis barato para a produción de enerxía eléctrica. É preciso calcular o custe incluíndo todo o proceso, que vai desde a extracción do uranio, o seu enriquecemento, as propias centrais nucleares, o reprocesamento do combustíbel e a xestión de residuos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar ao noso concello como zona desnuclearizada.
- 2.- Adherírmonos como Corporación municipal ao acordo do Parlamento de Galicia do 6 de setembro de 2006, instando á Xunta de Galicia a que:
  - Se dirixa ao goberno do Estado para que se leven adiante as actuacións necesarias co fin de que Galicia sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado.

O alcance desta declaración implicará:

- A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósitos de almacenamento de residuos nucleares.
- A prohibición de que en Galicia se constrúan centrais nucleares.
- Continuar co impulso de políticas de aforro e eficiencia enerxética, ademais de



incrementar o uso de enerxías renovábeis no noso modelo enerxético.”

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Se ata agora debatemos unha serie de mocións e a verdade é que non conseguimos poñernos de acordo, esta moción pretende facérmonos reflexionar e nós, como BNG, confiamos en que aquí si todos esteamos a prol.

De feito o acontecido en Xapón debe facérmonos reflexionar sobre os perigos da enerxía nuclear. Polo tanto esta moción pretende ser unha reflexión sobre este tema, pero tamén pretendemos que sexa unha toma de posicionamento deste Pleno que dalgún xeito recolla como Corporación o sentir maioritario da sociedade viguesa e galega.

Traxedias e accidentes como os que aconteceron nas centrais nucleares de Chernobil con 600.000 afectados e milleiros de mortos, cativos padecendo cancro, recién nacidos afectados pola radioactividade, e agora con Fukushima, coa evacuación de 200.000 persoas, zona de exclusión a vinte quilómetros, alimentos como o leite, as hortalizas e o peixe contaminados e aínda non se dixo todo ó respecto posto que o reactor nuclear número tres, o máis perigoso porque ten plutonio e uranio, aínda non está descartado que poida haber nel un accidente fatal.

Dende Galicia manifestámonos historicamente na contra dos intentos de instalar nucleares no noso país. Non sei vostedes, pero eu persoalmente lembro que de moza, alá a finais dos anos noventa, unha longa ringleira de persoas protestabamos e pediamos que non se instalara en Xove unha central nuclear. Daquela conseguímolos coa mobilización e tamén co consenso social contrario evidentemente a esta utilización. Dende aquela as ideas se foron asentando na poboación e asumíuse que non queremos nucleares como sentir maioritario do noso país.

Nós, as galegas e os galegos, xa tivemos problemas coa enerxía nuclear. Non sei se lembran vostedes dos vertidos que se facían na fosa atlántica, toneladas e toneladas de residuos radioactivos que estaban alí e que fomos quen de que polo momento non se botaran máis.

Actualmente o noso país exporta un terzo da enerxía que xera. Galicia pode resolver as súas necesidades de enerxía promovendo tal coma está a facer enerxías

alternativas como a eólica, a solar, a eólica-mariña e tamén promovendo a eficiencia enerxética.

Compañeiros e compañeiras, nós sabemos que a enerxía nuclear non é o futuro porque sobre todo non é respectuosa co medio ambiente, nin coa saúde das persoas. Os residuos nucleares teñen problemas para o seu tratamento e teñen unha duración de douscentos cincuenta mil anos, sobre todo o plutonio. Por outra banda tamén é falso que a enerxía nuclear sexa un medio máis barato. Lembren que os únicos que se están a beneficiar do tema da enerxía nuclear son os grandes *lobbys* eléctricos.

Hoxe realízase en Europa unha reunión dos vinte e seis que van analizar a situación de Xapón e o tratamento que se lle vai dar ó tema xaponés. Tamén se vai analizar o grao de preparación das plantas para resistir situacións de emerxencia.

Os residuos nucleares teñen problemas de tratamento e por iso dende o BNG presentouse o outro día no Parlamento unha Proposición non de lei pola que se pedía que se rexeitase a enerxía nuclear en Galicia, proposición idéntica á que se presentou no ano 2006 e aprobouse por unanimidade.

O BNG é coherente co seu posicionamento. Dicimos: Nucleares, non. Gracias.

SR. LÓPEZ FONT: Diante desta moción urxente presentada polo Bloque Nacionalista Galego anuncio que o Grupo municipal Socialista vai votar a favor do texto presentado en coherencia coa política que sempre mantiveron os socialistas en relación coa enerxía nuclear.

Quero lembrar aquí que o gran paro nuclear en España produciuse na época de Felipe González ó fronte do goberno español e polo tanto esta é a mellor proba, o signo inequívoco de como os socialistas enfrontamos sempre en España o tema nuclear. A maiores deste gran paro, tamén se decidiu unha amortización progresiva das instalacións.

Polo tanto estamos en liña co presentado e o noso compromiso é de redución das instalacións nucleares que hai no noso territorio. Continuaremos con ese compromiso. Evidentemente tamén estamos na busca da eficiencia enerxética e coido que este Concello é un claro exemplo porque nas medidas que podemos adoptar de alumeado público, etc., sempre buscamos a eficiencia enerxética e tamén o apoio ás enerxías renovables.

Quero insistir moito na nosa aposta, na aposta do alcalde de Vigo como representante desta cidade, polo coche eléctrico que non deixa de ser unha achega a maiores na conservación do noso medio ambiente.

Polo tanto nós mantemos o noso compromiso de redución progresiva da enerxía nuclear, de apoio ás enerxías renovables e de incrementar a eficiencia enerxética.

SR. FIGUEROA VILA: Nós aceptamos a urxencia da moción da Sra. Méndez, pero ten vostede que recoñecer que agora mesmo é imposible saber cal é a adhesión da Corporación que queremos facer ó Parlamento. Pedíralle que a lea, se a ten aí, porque é un tema moi concreto e moi puntual. Estamos de acordo co fondo e co espírito da moción, pero nos gustaría que nos lese ese acordo do Parlamento porque non o temos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: O que se acordou no Pleno do Parlamento no ano 2006, por acordo maioritario dos setenta e sete, é o contido da moción, o que pon “acordos”. É de data 6 de setembro de 2006, está recollido na moción e votouse por todos os grupos.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos votar a favor desta proposta.

*Deseguido a voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como dicíamos antes, o BNG é coherente co seu posicionamento histórico de rexeitamento deste tipo de enerxía e confiamos en que o sentido tamén impere no resto dos grupos políticos como acaban de manifestar e todos digamos: nucleares, non.

VOTACIÓN DA URXENCIA DA MOCIÓN.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e

régime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia da moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando a declaración do Concello de Vigo como zona desnuclearizada, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## 6.2.- (67).- MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA A AMPLIACIÓN DO CEIP A.R. CASTELAO E MEDIOS PARA EDUCACIÓN ESPECIAL. EXPTE. 165/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de marzo de 2011, número 165/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

- 1.- Necesidade de construción de novos centros educativos de infantil e primaria na cidade de Vigo.
- 2.- Necesidade de atención axeitada ao alumnado con necesidades educativas especiais.

1.- A pesar de dispoñer dun estudo detallado, feito no ano 2008 pola Concillería de Educación desta cidade, que está en poder da Delegación Provincial de Pontevedra e da Xunta de Galicia, así como de máis documentos nos que se manifesta a urxencia da construción de novos centros que substitúan algúns dos existentes, aínda non temos ningunha comunicación oficial nin coñecemento real do que vai facer ao respecto a Consellería de Educación nesta cidade.

2.- Moitas familias que teñen nenos e nenas con necesidades educativas especiais están a reclamar a atención necesaria para a educación dos seus fillos de forma integrada nos centros educativos.

Precisamos unha campaña de concienciación para toda a sociedade en xeral, que permita visibilizar e concienciar a todos da necesidade dunha integración efectiva e real e non só no papel.

Todos temos que ser conscientes de que non cabe facer recortes presupostarios cando se trata do sector da poboación máis vulnerable: nenos e nenas discapacitados.

Tendo en conta os escasos recursos humanos e de medios cos que contan os centros educativos de réxime ordinario, e da falla de servizos que ten a cidade para atender adecuadamente as necesidades de carácter sanitario, educativo, deportivo, de transporte, etc., destes nenos e nenas,

ACORDO:

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Investir na necesaria ampliación do CEIP Daniel Rodríguez Castelao de Navia.

2º.- Destinar os medios materiais e o persoal necesario aos centros educativos que teñan alumnado con necesidades educativas especiais: coidadores, profesorado de apoio, de pedagogía terapéutica, de audición e linguaxe, etc.

Proporcionar aos nenos e nenas e ás súas familias os recursos materiais e humanos que lle faciliten o desenvolvemento educativo, social e familiar.

Crear na cidade de Vigo un equipo multidisciplinar composto por todos os profesionais necesarios (médicos, educadores, psicólogos, fisioterapeutas, etc) para coordinar, valorar, asesorar, informar, facer o seguimento, etc. En definitiva, que teñan os coñecementos e as capacidades necesarias para axudar aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais e ás súas familias.

Crear centros de estimulación temperá de carácter público, en diversos puntos da cidade.

Facer convenios de colaboración entre Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Concello e asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, para atender aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais e conseguir o seu máximo desenvolvemento e autonomía persoal.”

VOTACIÓN DA URXENCIA DA MOCIÓN.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia da moción.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Agardo que esta vez estean dispostos a votar a favor desta moción. Son dous puntos moi importantes e tráioos aquí porque son moi urxentes. A necesidade da construción do novo colexio de Navia non pode agardar, é moi urxente que ese polígono teña un centro educativo coa capacidade necesaria e suficiente para a demanda que ten porque as doce mil persoas que viven alí na actualidade xa non teñen onde levar ós seus fillos se non é trasladándoos en transporte escolar.

Levo tres anos presentándolle á Xunta de Galicia a necesidade da urxencia de construír un centro escolar, de amplialo a polo menos catro liñas, é dicir, tres máis das que ten. De momento ningún caso e hai algúns comentarios que din que non se sabe da urxencia nin da necesidade. Sinxelamente con visitar o espazo sería máis que suficiente para comprender a urxencia da construción.

Os pais están acostumados a pedir o mínimo, non o máximo porque agardan que as institucións lles dean o mínimo que poidan. Neste caso non se trata de construír a cuberta ou ampliar un patio escolar, é ampliar o centro escolar e iso teno que facer a Xunta de Galicia, non abonda con que a Sra. Porro visite o centro para prometer esas pequenas demandas que fan os pais.

Partindo pois da necesidade, pola urxencia do asunto, ofertámoslles un anteproxecto para poder construír o devandito centro. Por suposto que a Xunta de Galicia é a única responsable do facer e a única que pode mellorar, ampliar e facer o que debe con respecto ó centro infantil e de primaria de Navia.

O segundo apartado que me trae aquí é a urxencia de atención a nenos e nenas con necesidades educativas especiais. É moi importante esta demanda porque os pais verdadeiramente se atopan desasistidos, desesperados, desinformados, dende o momento no que nace a criatura non atopan lugar nin espazo onde poidan ser atendidos e informados para que os seus fillos cubran todas as súas necesidades. Non podemos mirar máis tempo cara outro lado, é moi importante porque ademais existe o problema de que en Vigo non hai profesorado especializado ou de reforzo nin centros sanitarios para atender estas demandas.

Ademais a Xunta de Galicia, Consellería de Educación, reduciu de tal xeito o orzamento para atender ás necesidades reais da educación que nos atopamos sen especialistas de audición e linguaxe nos centros educativos e así dous ou tres centros comparten un persoal que debería estar dedicado exclusivamente a cada un

dos centros, atopámonos sen orientadores, os centros teñen que compartir a pedagogía terapéutica. Pero máis grave aínda é que en sanidade, nos centros sanitarios non se atopa a suficiente atención para lles dar información e axudar a estes pais cando o seu fillo ten unha necesidade educativa ou desenvolvemento especial. É terrible esa dor e por iso non se pode mirar cara outro lado.

Recomendo pois a necesidade dun ou máis dun centro segundo as necesidades de Vigo de atención temperá para estas criaturas e para estas familias, dun grupo de especialistas interdisciplinar que as poida axudar e orientar. Isto non pode seguir así. Todos temos a obriga de axudar a estas familias de maneira especial.

Deixarei para os tres minutos restantes a proposta que lles fago nesta moción urxente. Pero por favor, pénseno ben e non deriven a súa responsabilidade. Comprendan que esta petición é das máis importantes que presentamos ó longo destes catro anos de mandato.

SR. LÓPEZ CARREIRA: A Sra. López Atrio preséntanos unha moción cunha ampla proposta de acordo, con dúas partes realmente ben diferenciadas que son dúas propostas plurais absolutamente indiscutibles, que caen de caixón e coas que o BNG está totalmente de acordo, pero que por desgracia van dirixidas a quen leva dous anos facendo oídos xordos a calquera petición a prol do ensino público.

A situación do CEP Rodríguez Castelao, o CEP de Navia, ven de vello. Un colexio cunha capacidade absolutamente insuficiente para acoller ó novo alumnado da zona onde está localizado, un polígono de Navia en crecemento onde a maioría dos veciños e veciñas son pais e nais novos con fillos e fillas en idade escolar, un polígono polo que o BNG si aposta con investimentos de futuro e o polideportivo, campo de fútbol, a futura segunda biblioteca son claros exemplos.

A demanda de ampliación do colexio é unha demanda que vimos facendo dende hai tempo para evitar un problema que xa se vía vir dende hai moito, pero o certo é que topamos cunha Xunta do Partido Popular que é incapaz de se adiantar os acontecementos cunha política preventiva, é incapaz de facer unha política de anticipación e xa nos ten acostumados á improvisación, a que non hai présa. Un Partido Popular que prefire non investir nun colexio público e si facelo nalgún centro privado ou concertado da zona para que se acolla a ese alumnado que non consegue praza no máis que insuficiente sistema público. Porque iso si é o que vai

na liña educativa do Partido Popular.

En canto á segunda proposta de acordo, a que recolle unha serie de peticións sobre alumnado con necesidades educativas especiais, realmente que dicir. É absolutamente contrastable a redución traumática dende que governa o Partido Popular dos e das profesionais que atenden ao alumnado con necesidades educativas especiais, os especialistas en audición e linguaxe, o profesorado de pedagogía terapéutica, o profesorado de apoio ou os coidadores e coidadoras; unha problemática que en moitos casos supera o propio ámbito educativo.

É realmente sangrante o periplo das familias afectadas. Normalmente na escola, onde vostedes eliminan especialistas e recortan sistematicamente medios, é onde se detectan estas alteracións e se esta alteración é grave, precisamos da diagnose do equipo específico de orientación da Xunta dependente da Consellería de Educación e esta Consellería só ten unha persoa para toda a área de Vigo, co que é imposible que atenda todos os casos coa urxencia que realmente se require. Todos e todas sabemos da importancia da diagnose precoz.

Se temos que acudir ó ámbito da sanidade, témonos que dirixir ó Xeral, ó único especialista en neuroloxía pediátrica para toda a área deste centro hospitalario da metade sur da provincia de Pontevedra. Pasaremos engrosar a longa lista de espera de máis dun ano (hai un momento falaba da importancia da diagnose precoz) ó que lle hai que engadir outra espera de entre tres e seis meses para obter a diagnose. A declaración de minusvalía por parte da Xunta é outra espera de entre ano e medio e dous anos.

Unha vez feito todo este tortuoso camiño: xa se detectou o problema, xa temos a diagnose do equipo específico, xa temos a diagnose do neurólogo, agora que? Agora case con seguridade non haberá praza para unha atención especializada. A solución, a única posible en caso de teren medios económicos, é acudir á privada. Con todo isto, tanto na primeira parte da petición como na segunda sempre rematamos nisto: rematar na privada porque na pública non hai medios suficientes. Isto non é casualidade.

Vostedes segan co de sempre, reducindo profesorado, aumentando as ratios, eliminando medios, eliminando complementos específicos e ocupándose unicamente de proxectos estrela, proxectos mediáticos como é o de Abalar que nin tan sequera fan ben. A día de hoxe, cun ano de atraso, os ordenadores están sen



chegar, sen montar por falla de preparación do profesorado ou mesmo porque non hai medios.

Esta política de seu eu só a cualifico como miserable e ruín. Aí atoparan sempre ó BNG de fronte.

SRA. LARRIBA LEIRA: En primeiro lugar rechámame a presentación desta moción, pero máis aínda a xustificación que a Sra. López Atrio fai da súa presentación por urxencia.

Efectivamente, Sra. López Atrio, leva vostede tres anos pedindo isto para o colexio Daniel Rodríguez Castelao de Navia. Eu preguntome que fixo a Xunta do anterior bipartito sobre este tema. Querería saber tamén que fixeron vostedes dende o goberno municipal por axudar ó colexio a mellorar unha infraestrutura que se podería ter artellado de xeito de facilitar un pouco as cousas. Que fixeron vostedes no colexio durante estes catro anos? Nada, e como antonte se fai unha visita por parte do meu Grupo municipal ó colexio, presentan vostedes unha moción de urxencia a última hora do venres, cando o Grupo Socialista ten dúas mocións de educación de bastante contido pendentes de debater que quedan pendentes.

Insisto en que vostedes unha vez máis, falo tanto do PSOE como do BNG, están utilizando este Pleno. En primeiro lugar para traer aquí un debate que deberían facer no Parlamento porque moitos destes temas son para debater no ámbito galego e non local de Vigo. Algún compañeiro dicía antes que estabamos errados e que nos cremos deputados. Non, sabemos perfectamente cal é o noso ámbito de traballo pero vostedes dende hai ano e pico insisten en traer a este Pleno temas que son de debate xeral.

Pero o que é máis grave é que vostedes están insistindo, e a presentación desta moción demostra claramente, e tentan facer do debate educativo un debate político e nel tentan manipular ós pais e nais. Por que logo de tres anos tráenos isto aquí logo de visitaren nós o colexio? Isto significa claramente que vostedes pretenden xustificar aquí o que nin o seu goberno, nin o goberno bipartito fixeron. Vostede saca informes de infraestruturas dos colexios de Vigo que sabe moi ben que elaborou unilateralmente este Concello sen contar para nada cos servizos técnicos da Consellería de Educación, é un informe que realizaron sen contrastar cos informes que xa podería ter nas súas mans a Consellería de Educación á que nin

sequera lle presentaron en tempo e forma, anunciárono durante a campaña e presentáronllo bastante tempo máis tarde, unha vez máis facendo unha utilización política dese informe de infraestruturas.

Vostede expón as necesidades do colexio, fala de ampliación. Digo eu, por que fai oídos xordos ás reivindicacións que se poden estar facendo dende outros colexios da cidade como as do colexio Altamar? Díxolles vostede ós pais deste colexio que se non caben nel ata os poderían derivar a outros colexios da zona que teñen oferta de prazas. Por que agora mira con tan malos ollos que se derivaran neste último ano nenos do colexio Castelao a outros colexios da zona? Por que o ve ben nun colexio e noutro non?

O que está claro é que a administración educativa fixo unha planificación das necesidades educativas da cidade e para todos é evidente e claro que Navia está crecendo e vai crecer nos próximos anos, o que xustifica efectivamente que nun futuro próximo se teña que ampliar e habilitar un novo colexio, cousa que vostedes comprometeron nos xornais e non fixeron nada mentres estivo o goberno bipartito na Xunta.

Á marxe diso, que de momento o colexio está cumprindo as ratios porque os nenos se derivaron a outros colexios da zona que tiñan vacantes, cousa que vostedes xustifican sempre e consideran que antes de manter o que vostedes critican tanto, a escola concertada, é mellor completar as prazas que oferta a pública. Isto que vostedes están a defender continuamente aquí, sen embargo o ven pesimamente, o ven mal e crítico contradicíndose totalmente.

Neste colexio si que a Xunta fixo melloras puntuais no ano e medio que leva a administración do Sr. Núñez Feijóo, pero vostedes, que poden dicir que fixeron para mellorar esta situación? Tiñan previstos un investimentos por exemplo para mellora dos patios escolares para o que destinaron 215.000 euros dos que non investiron nin un euro neste colexio.

SRA. LÓPEZ ATRIO: No ano 2008 a Concellería de Educación desta cidade fixo o estudo de todos e cada un dos centros. Débolle aclarar que a Xunta de Galicia non tiña feito ningún estudo, tampouco da provincia de Pontevedra. A Delegación de Educación nin o fixo nin o fai porque non lle convén, porque Vigo ten sesenta e catro centros públicos de infantil e primaria e vinte institutos e é mellor mirar cara

outro lado que dá moita máis rendibilidade nos votos noutro sitio. Aquí é onde está o problema, levamos corenta anos e vostedes tampouco miran para Vigo, para nada. Nós ocupamos a Xunta catro anos e vostedes os outros restantes, vinte e tantos anos e nunca miraron para Vigo.

En canto do centro de Navia, Sra. Larriba, permítame dicirlle que si empregamos cartos no seu mantemento, si fixemos investimentos ó igual que en todos os demais. Sabe cantos cartos investimos en educación durante estes catro anos? Un millón de euros por ano, cousa que nin en sonos fai a Xunta de Galicia en ningures e menos en Vigo. Un millón de euros cada ano en investimentos nos centros educativos públicos de Vigo.

O colexio de Navia hai que o ampliar, non vale de nada arranxarlle un patio ou poñerlle unha cuberta cando hai que tirar con todo meses despois. E non diga que é igual ca outros colexios; de ningún modo porque ese colexio está situado na oitava cidade de Galicia, é dicir, en tamaño Navia é a oitava cidade de Galicia e polo tanto precisa de todos os servizos dentro dese espazo que ademais está totalmente rodeado por unha circunvalación que fai moi difícil ou case imposible a saída decente deses nenos cara outros centros educativos.

Señores e señoras, non lles queda máis remedio que asumir que hai que ampliar e dotar a Navia de todos os centros e servizos necesarios públicos educativos sobre todo e ante todo porque son máis importantes ca outros moitos.

Non quero perder a oportunidade de lles dicir que teñen vostedes que destinar os medios, material e persoal necesario para os centros educativos que teñen necesidades educativas especiais: coidadores, profesorado de apoio, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. A Xunta de Galicia ten que destinar estes medios segundo o que precisa cada un dos centros, proporcionar ás súas familias e ós nenos os recursos materiais e humanos que lles faciliten o desenvolvemento educativo, social, familiar e sobre todo no que é o tema sanitario no que están totalmente abandonados. Crear na cidade de Vigo equipos multidisciplinares con todos os profesionais necesarios.

SRA. LARRIBA LEIRA: Dende o noso Grupo municipal queremos propoñer unha emenda.

A PRESIDENCIA: A súa quenda pasou e non fixo uso dela para presentar a emenda.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sr. Alcalde, só unha palabra.

A PRESIDENCIA: Non, a súa quenda pasou, Sra. Larriba, tiña que ser antes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. López Atrio, solicitando a ampliación do CEIP Daniel R. Castelao de Navia, así como dotar de medios materiais e persoal para alumnado con necesidades especiais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1.- (68).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas e 28 de febreiro e 21 de marzo de 2011.

1.2.- (69).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de febreiro e 21 de marzo de 2011.

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

## **3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

## **4.- MOCIÓNS.**

4.1.- (70).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO DETERMINAR A LOCALIZACIÓN DA BIBLIOTECA DO ESTADO. EXPTE. 146/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de marzo de 2011, número 146/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“A piques de rematar a presente lexislatura, o grupo municipal do Partido Popular vese na necesidade, unha vez máis, de reclamar ao Alcalde o cumprimento do compromiso contraído cos vigueses de que a cidade conte cunha biblioteca do Estado.

Son xa catro as mocións que os Populares presentamos ante este Pleno en relación

a esta cuestión, sen que Vigo obtivese unha resposta definitiva. Por iso, como voceiros desta demanda cidadá, esiximos do goberno que se determine un emprazamento dispoñible e economicamente viable para o erario municipal, onde situar este equipamento cultural.

Un emprazamento que o Ministerio de Cultura espera desde agosto de 2007, para poder executar os investimentos previstos nos seus orzamentos, que este goberno irresponsablemente insiste en poñer en risco.

Na convicción da importancia que esta infraestrutura terá para a cidade e conscientes do alcance que ten, nun contexto de crise económica, a achega económica comprometida polo goberno central, instamos ao goberno local a que:

Determine a localización onde a Biblioteca do Estado, comprometida polo Ministerio de Cultura, sexa un proxecto realizable.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Nesta moción tamén me quero reiterar no que dixen ó defenderen a moción anterior. Esta moción volve este Pleno por cuarta vez nesta lexislatura, o que non deixa de amosar para o noso Grupo municipal a ineficacia do equipo de goberno nestes catro anos. Coido que este equipo de goberno no tema da biblioteca estatal amosou debilidade, non foi quen de atopar unha localización viable para a biblioteca do Estado á que o alcalde se comprometeu con todos os cidadáns.

Xa debatemos aquí, xa denunciámos diante dos medios de comunicación que en principio perdemos os máis de oito millóns de euros que estaban comprometidos e presupostados polo Ministerio de Cultura nun primeiro momento para a construción dunha biblioteca do Estado en Vigo. As ofertas que se fixeron dende o Concello xamais estiveron suficientemente claras. Aproximadamente ofrecéronse unhas catro ou cinco localizacións diferentes e xamais estiveron o suficientemente claras.

Primeiro ofreceuse unha parcela na Praza do Rei, falouse do colexio Cluny, da Escola de Artes e Oficios, do novo auditorio e sen embargo ningunha desas propostas estaban suficientemente clara ou eran legalmente posibles polo que se foi renunciando e pasando dunha á outra. Agora temos unha última proposta que é a súa localización na Panificadora e esta mesma mañá puidemos ver a presentación dunhas imaxes virtuais moi suxestivas.

Pero ó meu Grupo municipal segue sen lle parecer fiable o que o alcalde está a propoñer nesta nova localización. Dende logo o que nos parece é imposible a curto prazo e hai que ter moi presente que seguimos poñendo en risco investimentos do Ministerio que están presupostadas para este ano, como o estiveron para os dous precedentes.

Dúas son as razóns polas que nos parece que non é posible facer a biblioteca do Estado a curto prazo neste novo lugar. En primeiro lugar por razón do tempo. Temos que dar cumprimento á Lei 9/2006 que obriga á realización dunha avaliación ambiental estratéxica á que está obrigado o Concello por cambiaren as planificacións da Planificadora para un cambio de uso. Esta modificación do Plan Xeral supón a redacción, exposición pública, avaliación ambiental, período de consultas e aprobación definitiva. Calcúlase que este proceso levará polo menos dous anos.

Por outra banda tamén atopamos que é un proxecto pouco fiable por razóns económico-financeiras. Aínda non teñen claro os vigueses canto nos vai custar este proxecto que se propón. En principio o que sabemos é que recuperar a parcela custará máis de nove millóns e medio de euros e isto tendo moita sorte por como se fixo a valoración económica da parcela, tendo en conta que a 150 metros e no mesmo ámbito as valoracións que se fixeron con outros edificios resultaron moi custosas para as arcas municipais. Digamos que esta é unha valoración feita polos técnicos da Xerencia de Urbanismo e dende logo que o prezo que presentan é bastante máis moderado ca o que se presentou para outros edificios nesta lexislatura.

Se esta biblioteca se constrúise na parcela que vostedes mesmos reservaron na Praza do Rei, que se aprobou no Plan Xeral, o custe para as arcas municipais sería de cero porque o compromiso do Ministerio era o de construír o edificio como se fixo nas outras cidades onde se construíu unha biblioteca do Estado. Ademais e como dixen isto se recolleu nos orzamentos estatais.

SR. MARIÑO MENDOZA: A súa intervención é todo un absoluto despropósito. Non teño moi claro se foi o Sr. Martiño quen lle pasou estes datos ou xa directamente os inventou.

En primeiro lugar gustaríame deixar moi clara unha cuestión: Non volvan vostedes

poñer en dúbida os informes técnicos desta Casa. Fixérono xa no seu día e iso vainos custar cincocentos millóns de euros. Por favor, non volvan poñer en dúbida os informes técnicos desta Casa.

Por certo, tampouco votaron vostedes a parcela do Plan Xeral para esa biblioteca. Vostedes tampouco querían aí esa biblioteca. Pero logo da última moción xa nos quedou moi claro cal é a súa consideración polo ensino e polas bibliotecas públicas, quedounos moi claro, vostedes son máis doutra corrente, véselles vir, a verdade é que si.

Di que na proposta do Plan Xeral o custe era de cero, é por que cre que ese solo que está aí é municipal? Acabámonos de decatarse, ó mellor é que xa o ten apalabrado a Sra. Porro, non o sabemos, pero dende logo municipal non é, senón infórmense porque é dun propietario privado.

Falou do custe e a min gustaríame deixarlles unha cousa moi clara. Dende logo o que non vai custar a Panificadora é a barbaridade de edificabilidade que vostedes xeraron aí cando gobernaban. O Sr. Figueroa e a Sra. Porro regaláronlles a dous promotores catorce mil metros cadrados de edificabilidade. Iso é o que teñen que explicar, por que lles regalou nun convenio asinado, en contra de todos os cidadáns desta cidade, catorce mil metros cadrados de edificabilidade, que expliquen iso. Sempre que vostedes votan en contra dunha modificación do Plan é polo mesmo motivo, pola defensa dos intereses duns acordos privados de seu. Por iso están votando en contra e abstivéronse cando se levou a cabo a modificación porque sempre hai acordos privados por detrás. Cada vez que se levanta unha pedra aparece un convenio da Sra. Porro que aumenta a edificabilidade nalgún sitio. Pero o vemos estes días na prensa. Xa vimos nun medio de comunicación que o Sr. Figueroa xa dixo que ía paralizar catrocentos vinte ámbitos desta cidade e, se este Plan leva dous anos segundo os seus cálculos, catrocentos vinte ámbitos dígolles eu canto lles vai levar.

Menos mal que non van gobernar esta cidade, iso témolo que agradecer, menos mal que non van estar porque en tres anos non foron capaces de aprobar un plan xeral.

Ese é o verdadeiro problema do Partido Popular, sempre que votan en contra dunha destas cuestións é porque hai detrás un convenio asinado por D<sup>a</sup> Corina Porro que aumenta edificabilidade a un terreo. Sempre é o mesmo, cometía ilegalidades no



Concello de Vigo e cométeas agora que está na Autoridade Portuaria, pero mesmo é capaz de levar ós conselleiros a inaugurar edificios precintados. Vendo iso xa nolo podemos maxinar todo porque lles digo tamén que a Fase I estaba precintada exactamente igual que a Fase II, dio tamén a resolución e a Sra. Porro saltouse un precinto xudicial. Esa é a maneira de actuar. Cometeu ilegalidades urbanísticas no Concello e séguelas cometendo no Porto. Cando un se equivoca tantas veces non pode ser casualidade, é porque o fai a mantenta e se o fai así terá que explicar por que o fai, por que comete esas irregularidades.

Pero sobre a biblioteca, que coido que é o que nos importa aínda que me queda claro que a vostedes non, gustaríame facer un balance. Neste país existen cincuenta e dúas bibliotecas do Estado. Nos últimos vinte anos construíronse dúas. A min gustaríame saber cantas construíu o goberno do Partido Popular. Cincuenta e dúas sedes, máis de trinta e tres desas sedes teñen máis de cen anos. Estou escoitando ó Sr. López-Chaves falar da de Santiago e direille de que ano é: de 1955, nese ano fundouse a Biblioteca Estatal de Santiago. Por iso, que esta cidade consiga seren sede dunha biblioteca estatal cando ese servizo só o teñen as capitais de provincia e as de comunidade autónoma, son as únicas que teñen biblioteca estatal, agás Orihuela e Gijón que lles vou dicir de que datas son.

Vostedes fan unha diferenza coas illas; por suposto que as illas teñen que ter outra discriminación e Melilla tamén conta con biblioteca. Por suposto que eu si sei iso, Sr. Martiño. Pero as de Gijón e Orihuela son de 1863 e de 1900, para que quede claro. Pero é normal que vostedes lle pidan a este goberno unha biblioteca, porque tamén este goberno foi quen cumpriu coa ampliación do aeroporto, coa depuradora, a aprobación do PXOM, coa autovía ó Porriño, a Pontevedra.

SRA. LARRIBA LEIRA: Para rematar, insistir en que o alcalde tirou por terra, polo menos así o ve o Grupo municipal do Partido Popular, a posibilidade de que Vigo teña esta nova infraestrutura cultural. Pero como vexo que ó Sr. Mariño lle gusta tocar todos os temas e salpicalo todo cando non ten argumentacións, busca abrir outras fronteas de debate para escapar do debate central desta moción que era a biblioteca do Estado, gustaríame que nos explicase, a vostede que se lle enche a boca falando de irregularidades e ilegalidades dos demais, por que houbo esta diferenza de taxación entre o que poden ser as parcelas do que vai ser agora a

pinacoteca e como se valorou a Panificadora.

Estamos a falar de dous inmobles que están a menos de cento cincuenta metros e que están no mesmo ámbito. Lémbrolle que a parcela da pinacoteca non se valorou pola oficina de Planeamento, senón que se contratou a unha empresa privada para que fixera a valoración. O método empregado foi de comparar o valor deses inmobles cos que poden estar situados en rúas como García Barbón, Colón ou Policarpo Sanz. O valor total do inmueble foi ó final dun millón oitocentos vinte e sete mil euros porque no caso da pinacoteca valorouse o metro construído a 1.548 euros/metro edificable, pero na Panificadora non foi igual, a entidade taxadora non se contratou externamente senón que foi a oficina de Planeamento e Xestión como debería ser no primeiro caso. Non se computou a edificabilidade total atribuída á parcela segundo o convenio, senón que se lle aplicou a edificabilidade media do PEPRI Casco Vello, cousa que non se fixo no caso da pinacoteca. O valor total da superficie polo que imos pagar agora á Panificadora é de 9.567.315 euros, mentres que de aplicaren eses criterios á pinacoteca, aforrariámonos unha cantidade moi importante de diñeiro porque a diferenza que nos aforrariámos ascendería a 1.300.000 euros, que iso é o que vostedes teñen que xustificar.

Por que esa diferenza de criterios para valorar os solares da pinacoteca que tamén consideraban patrimonio a conservar, un edificio do que só deixaron a fachada porque o resto do edificio desapareceu? Por esa fachada vostedes valoraron e sen embargo a Panificadora están a valorala cun criterio completamente diferente. Iso é o que vostede ten que explicar e é o que vostede rexeitou explicar neste Pleno dende que comezamos falar deste tema.

*No momento da votación está ausente o alcalde, Sr. Caballero Álvarez. Preside a sesión o tenente de alcalde Sr. Domínguez Olveira.*

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando ao goberno local a determinar a localización da futura biblioteca do Estado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (71).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A MANIFESTAR ONDE ESTÁ O SOLO INDUSTRIAL PROMETIDO. EXPTE. 147/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de marzo de 2011, número 147/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Tristemente a nosa cidade é noticia pola situación de desemprego na que viven moitas familias. Por parte do alcalde, sendo candidato, prometeuse colgar na porta do Concello o cartel do pleno emprego. Do mesmo xeito comprometeuse a creación de solo industrial e a instalación de importantes empresas na mesma.

O certo é que a piques de rematar o mandato, nin un solo metro cadrado de solo industrial desenvolveuse polo Sr. Caballero, o que redunde na falta de melloría e, o que inda peor, o empeoramento da situación de desemprego na nosa cidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que se inste ao Alcalde a dicir onde está o solo industrial prometido na cidade e os investimentos industriais que implicaría.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Áa comezar polo que creo que é máis importante e que lles preocupa os cidadáns que é a situación de desemprego que vivimos na cidade, pero logo da intervención do Sr. Mariño que dixo “...non foi quen en tres anos de aprobar o Plan Xeral”, se non foi así, precisamente foi porque vostedes puxeron o pau nas rodas. Pero hai unha cousa máis grave que é que vostedes o aprobaron en seis meses e non fixeron absolutamente nada, fracasaron co Plan Xeral e vostede resultou seren un gurú, Sr. Mariño Mendoza, coido que é vostede o delegado de Urbanismo: “O resultado máis inmediato (refírese á aprobación do Plan) será a creación de solo industrial”. Isto foi o 26 de agosto de 2008.

Metros cadrados de solo industrial na cidade: cero. Iso si, facer infografías é para vostede bastante fácil polo que se ve, xa as facía antes de seren delegado de área e

agora, como se ve hoxe nalgúns medios de comunicación, as segue a facer. Pero de Liñeiriños, de Recaré, de Matamá-Valladares, de Cruceiro, do Parque Tecnolóxico e Loxístico, de Balaídos, de Sosín, da Garrida, de Ameal, do Polígono Industrial de recuperación da reciclaxe, de Raviso-industrial, de Carrasqueira..., máis de catro millóns de metros cadrados que hai no Plan Xeral, cero.

O Sr. Alcalde dicía o 1 de decembro do ano 2007: “Abel Caballero garante a Citroën 215.000 m<sup>2</sup> de forma inmediata”. Onde están eses metros cadrados? Na imaxinación do Sr. Caballero. Onde están os metros cadrados para Ikea? Porque o Sr. Caballero se reunía cos señores de Ikea e dicía que en poucos meses estaría o solo ó dispor de Ikea e resulta que cando os señores de Ikea saían da reunión dicían que mantiñan o seu interese por Vigo pero que “xa se verá”. Iso é o que dicía ese grupo empresarial. Onde está Leroy Merlín que o alcalde tamén aseguraba que tería 350 empregados e daría carga de traballo a cen empresas da zona?

Co solo industrial e o solo comercial estamos a falar dun tema moi importante porque cando na cidade de Vigo existen 17.000 persoas menos que cotizan dende xuño de 2007, 1.504 autónomos que deixaron de cotizar, 12.000 parados máis na cidade de Vigo e hoxe falamos aquí do tema do emprego, estas son políticas activas para xerar emprego na cidade de Vigo? Vostedes non fixeron absolutamente nada, o único que fixeron foron debuxos e por riba mal feitos.

Por certo, en canto á Sra. Pisano xamais se lles veu aquí ningunha moción instando á Zona Franca e é curioso porque goberna o Partido Socialista en Madrid. Cando se di nos xornais: “Zona Franca agarda que os parques da Zona Franca permitan crear 13.000 empregos”, onde están os 13.000 empregos se temos 12.000 menos? Se vostedes van á política de curto prazo? Ademais Ikea, Leroy Merlín, Hipercor, Eroski, o segundo Decathlón eran 2.030 postos de traballo directo que se imaxinou o Sr. Alcalde na súa cabeza e que non están en ningures. Pero se demostrou que estes entes non só xeran postos de traballo directos, senón tamén indirectos porque xeran emprego tamén no pequeno e no mediano comercio, nos autónomos. Estes son os proxectos que tiñan que facer e non fixeron absolutamente nada novo.

Había unha nova o 14 de decembro de 2007: “O novo centro que proxecta o Corte Inglés en Alcabre xerará máis de 1.000 empregos”. Onde está? Non son capaces de desenvolver nada. Onde está o bosque de guindastres? Sr. Mariño, vostede está un pouco obsesionado co Sr. Martiño e esa frase día el moito. Pero é verdade porque

non hai nin guindastres para vivendas e tampouco para desenvolver solo industrial tan importante para a nosa cidade. Vostedes ó único que se dedican é a atacar á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra, pero non ó máis importante que é facer o seu traballo, xestionar. Non saben xestionar e por iso Vigo ocupa algún dos postos de cola que existen nas estatísticas a nivel nacional na xestión municipal, pola súa incapacidade.

Tivemos un Plan E, hai unha serie de investimentos necesarios para desenvolver estes polígonos industriais que algúns son a custe cero e outros que vostedes non foron quen de desenvolver.

SR. MARIÑO MENDOZA: Como fala deste goberno voulle ler un titular: “Negreira avala a transparencia de Caballero en contraste de Losada”. Resulta que o Partido Popular di aquí: “Vigo como exemplo de procesos limpos de contratación”. Isto dino vostedes pero parece que dependendo de onde estean din unhas ou outras cousas. En primeiro lugar gustárame corríxilo porque non existen catro millóns de metros cadrados de solo e se mete vostede a Liñeiriños que é terciario xa nin lle digo, entón podemos chegar ós vinte e dous. Existen tres millóns e medio de metros cadrados de solo e medio millón de metros cadrados son de licenza directa xa neste Plan Xeral.

Falou tamén do solo destinado a Citröen. Pódolle asegurar que mantemos reunións mensuais cos representantes da empresa e eles son quen nos dirán en que momento quererán dispoñer dese solo. O Plan Xeral que aprobou este goberno, por certo que non vostedes, é o que lle reservou o solo a Citröen para que poida ampliar cando así o crea oportuno e necesario e é Citröen quen vai liderar da man de Zona Franca ese polígono e nestes momentos o que nos di é que agardemos, que xa nos dirá en que momento será necesario.

Este documento do 8 de febreiro de 2010 do que vostedes falan tanto pero que nunca o queren ler ou se o len a verdade é que non lle fan absolutamente ningún caso, deixa moi claro que nesta cidade están iniciados 2.200.000 m<sup>2</sup> de solo industrial. Esta é a realidade, máis do 70% do solo industrial desta cidade estase a desenvolver. A diferenza entre vostedes e nós está en que vostedes deseñan polígonos industriais independentemente do que pensen os veciños e nós estamos consensuando a ampliación do PTL e o parque industrial de Matamá-Valladares cos

veciños da zona, mantemos reunións con eles cada mes e teñen absolutamente toda a documentación ó seu alcance.

Sobre o Plan Xeral que vostedes cuestionan tanto e sobre o que estes días menten, cando non hai nada peor en política logo de se equivocar que mentir, gustaríame lembrar unha frase do Sr. Figueroa no Pleno de aprobación do Plan Xeral: "...pero tamén imos votar porque unha das características fundamentais que tiña este Plan era a busca da seguridade xurídica. Hoxe ese debate está aberto". Agora estes días semella que o Sr. Figueroa, cando saen as sentenzas do Plan Xeral di que non, que o seu problema era a rendibilidade. Pero cando collemos as novas de hoxe xa vemos que non, que vai tocar as edificabilidades e que vai tocar absolutamente todo.

O que queda claro é que esas edificabilidades as fixaron vostedes, o tamaño dos ámbitos fixérono vostedes, están recoñecendo abertamente que se equivocaron, a verdade é o que fan moi ben. Pero non vai vir aquí dármonos leccións de polígonos industriais e volvo lembrarlle que hai 2.200.000 m<sup>2</sup> en marcha e téñeno informado polo director de Planeamento pero non queren facer caso. Vostedes en tres anos cero metros cadrados e, saben porque temos que pasar avaliación ambiental estratéxica? Porque vostedes excluiron ó Plan Xeral de pasala e por iso todos os ámbitos teñen que perder dous anos na súa tramitación, pola súa culpa, pola súa mala xestión, a do Sr. Figueroa e a da Sra. Porro.

Pero fíxense o ben que xestionan vostedes o solo industrial: "A Deputación abre e entrega das parcelas do polígono de Barro-Meis". Iso si, o 70% están baleiras, agora imos ofertando o solo por aí. Isto é a Deputación. Vostedes si que saben xestionar solo, os polígonos de Mos si que é xestionar solo.

Voulles dicir que pasou dende que vostedes están na Xunta de Galicia e na Autoridade Portuaria: "Pao do Supremo á tramitación do Porto seco de Salvaterra". Non hai quen lles gane a vostedes xestionando solo industrial. Ademais explicarlles que as valoracións dos sistemas xerais do Plan Xeral calcúlanse en función da edificabilidade media dos ámbitos adxacentes. Así se fixo na ETEA que é un sistema xeral e así se fai na Panificadora que tamén é un sistema xeral. Pero como vostedes nin votaron, nin miraron o expediente, nin lles preocupa porque no que están é na defensa dos intereses dos propietarios, como sempre o estiveron e así o demostraron nas súas votacións do Plan Xeral, todo isto dálles igual pero dende logo, e vostede debería saber algo disto, Sr. Conde, non é o mesmo valorar un solo

urbano consolidado que un sistema xeral de dotacións. Se non son quen de diferenciar iso están perdendo o tempo aquí.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Pídolle ó Sr. Figueroa que pare un momento de dar voltas dun lado para outro que non é bo. Eu sei que é bo fisicamente, el sabe moito de deportes, pero non é bo sobre todo para o respecto ós demais.

Sinxelamente unha aclaración ó respecto do anterior. Se existe algunha razón nun expediente aprobado hai ano e dous meses por este Concello con todos os informes favorables, traíano aquí e sométano a consideración. Un empeza a estar canso de escoitar determinadas cousas en rumores cara á galería. Fagan vostedes o favor polo menos de seren serios niso. Sometemos iso a discusión cando, onde e como vostedes queiran, pero un empeza a estar canso dalgunhas cousas.

Con respecto a isto, a Xunta de Galicia do bipartito deostado por vostedes tiña un plan, unha estratexia a respecto dos plans e proxectos en solo empresarial. Eses plans e proxectos fóronse executando neses catro anos. Chegados vostedes ó goberno paralizaron absolutamente todo o planeamento neste sentido igual que fixeron en case todo. As obras e servizos que se mantiveron foron as que se privatizaron nun momento posterior. Iso non digo que provocara directamente o paro pero evidentemente axuda, non xerar solo empresarial en Galicia e na comarca de Vigo ten a súa importancia e influencia. A día de hoxe non coñecemos ningunha estratexia do Partido Popular do goberno da Xunta para o Concello de Vigo e o seu *interland*.

Paralizaron o porto seco, non desenvolveron os polígonos empresariais que estaban en marcha e agora imos perder investimentos dos que lles gusta a vostedes falar, investimentos estranxeiros por culpa da súa non operatividade. Non existe traballo nese sentido.

Por certo, existe unha Consellería de Industria, un Instituto Galego da Vivenda e do Solo e unhas empresas chamadas XESTUR; un conselleiro, un director xeral e catro empresas de xestión de solo empresarial. Nos últimos meses non se sabe nada desa xestión e dese planeamento. Diría máis, ata o domingo pasado non sabía nada do conselleiro, agora sei. Por certo, aínda que non está aquí o concelleiro de Deportes, así como a Sra. Porro fichou polo Coruxo, o Sr. Conselleiro fichou como medio volante dereito, por suposto, do Fragoselo. Aí si que están vostedes niso. Para o

outro non nos chaman. Vostedes están postos no goberno seguramente por conta de Deus e para glorificación do apóstolo Santiago, non para outras razóns.

Vostedes están a xogar co pan de todos. O Concello de Vigo ten que estar aberto a promover coa Xunta de Galicia calquera actividade en solo industrial previsto no Plan Xeral, pero o Concello non pode executar por si mesmo este solo como non o fai ningún concello de Galicia. Descoñecemos as promesas do Sr. Alcalde en campaña, pero sei perfectamente das competencias de cada quen, como dixen antes, Consellería de Industria, Instituto Galego da Vivenda e do Solo, XESTUR-Pontevedra.

Ningún goberno de Madrid nos vai sacar de ningunha encrucillada económica. Trataremos de evitar a nosa marxinación pero pouco máis. Pasa neste goberno e tamén co próximo.

Por certo, recoméndolles que controlen as palabras da súa secretaria xeral, Sra. De Cospedal, sobre o AVE a Galicia porque a súa voz inoportuna desvela o programa oculto do Partido Popular cando chegue ó goberno da Xunta.

Señores do Partido Popular, nós confiamos neste país, dedicámoslle moitos momentos e moito traballo dende as administracións nas que estamos. Coidamos importante e fundamental investir en solo empresarial e estamos con vostedes, se queren, preparados para enfocar o futuro. O solo industrial é estratéxico. Díganos cal é o seu plan, que é como queren facer, como queren afrontar este moi grave problema e seguro que terán ó BNG ó seu carón máis aló de insidias ou de calquera outra circunstancia. Nós si sabemos o que queremos e emprazámoslos a vostedes a traballar connosco.

SR. CONDE GIL: Sr. Mariño, ten que facer vostede referencia ó Sr. Negreira porque: "Atendendo ós méritos e circunstancias que concorren na persoa do Excmo. Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez, interpretando o sentir maioritario da cidade da Coruña, se lle nomea fillo adoptivo da cidade en recoñecemento da súa xestión como ministro de Transportes durante cuxo mandato se conseguiu a reforma e ampliación do aeroporto de Alvedro". Pleno ordinario do Concello da Coruña, 17 de abril de 1990. Mentres a Vigo deulle as costas.

Por certo, Sr. Mariño, non fixeron vostedes absolutamente nada máis que infografías, non traballaron polo emprego desta cidade, nin en desenvolver o Plan



Xeral; non traballaron absolutamente para nada. Pero iso si, ademais hai que se remitir ós feitos, o Sr. Caballero cando facía a propaganda electoral de 2007 nin o solo industrial, nin o emprego lle importaban. Logo fixo aquela grandilocuente manifestación de: "Colgarei o cartel do pleno emprego". Non se ve moi ben onde. O Sr. Zapatero o mesmo: "Polo pleno emprego. Motivos para crer". Motivos para crer que desgraciadamente imos cada día máis afundidos neste país.

Falaba vostede antes do Porto. Eu teño aquí o acordo-marco do goberno de Vigo, PSdeG-PSOE-BNG 2007-2011. Resulta que vostedes cando asinan este acordo no que por certo tampouco fala nada de solo industrial, no apartado de infraestruturas e grandes proxectos falan de potenciar o crecemento económico do Porto e da apertura do espazo litoral portuario á cidadanía, pero agora que isto se fixo están vostedes en contra e boicoteáno e o caso é que cada día atopámonos con maiores problemas.

Sr. Álvarez, quérolle lembrar que o goberno bipartito deixou un burato de trece millóns de euros en XESTUR, un pouco menos dos dezaseis millóns de euros que van deixar vostedes aquí en sentenzas. Quérolle lembrar tamén que XESTUR non depende da Consellería de Industria, non sei se o sabe, depende da de Medio Ambiente. Pero á marxe de todo iso dicirlle que a Consellería de Economía e Industria investiu directamente na cidade de Vigo douscentos vinte millóns de euros, cousa que vostedes non fixeron xamais.

Xa que sacou o tema, quizais a miña compañeira foi un pouco suave co tema da Pinacoteca e da Panificadora, só hai unha palabra que o resuma, chámase "*pelotazo*" de vostedes; ningún metro cadrado de solo industrial e moitos "*pelotazos*".

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Non sei a que se está a referir. Coido que hai unha alusión.

A PRESIDENCIA: Xa sabe todo o mundo quen deu o "*pelotazo*", Sr. Álvarez. Non se preocupe que todo o mundo sabe quen deu o "*pelotazo*" na Panificadora.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Coido que hai unha alusión.

A PRESIDENCIA: Todo o mundo sabe quen deu a edificabilidade e un "*pelotazo*" de

dez millóns de euros. Falamos cando queira, Sr. Figueroa.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando á Alcaldía a determinar o solo industrial prometido para a cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.- (72).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A POSTA EN MARCHA DOS PUNTOS LIMPOS ESTABLECIDOS NO PLAN XERAL. EXPTE. 150/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de marzo de 2011, número 150/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Os puntos limpos supoñen unha alternativa para a reciclaxe de residuos especiais que pola súa natureza, volume ou perigo para o medio ambiente, non encaixan dentro dos tipos de residuos que se xeran maioritariamente nos fogares e para os que non hai colectores nas rúas.

Desde o 25 agosto de 2008, data na que entrou en vigor o novo plan xeral, Abel Caballero non foi quen de poñer en marcha o primeiro “punto limpo” na cidade, cando no Plan Xeral se fixan 8 ámbitos para a súa localización, Carrasqueira, Saiáns, Liñeiriños, Cereiro, Ameal, Costa Castrelos e Polígono Industrial de Matamá-Valladares xunto co Polígono Industrial de Reciclaxe de Bembrive.

Debido a esta situación, en Vigo non existe un lugar onde poder depositar metais,

colchóns, voluminosos de madeira, materiais eléctricos, electrodomésticos, aerosois e aceites entre outros.

A situación que acabamos de describir resulta case terceiromundista e a cidade de Vigo non se pode permitir esta situación nin un minuto máis.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación o seguinte acordo:

Instar ao goberno de Abel Caballero a poñer en marcha os puntos limpos que se establecen no Plan xeral da cidade de Vigo.

A comisión informativa de Medio Ambiente, na súa sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Vigo é unha das cidades máis importantes de Galicia, a máis grande, pero segue no século XXI sen ter un punto limpo. Traemos novamente esta moción para solicitar algo que se aprobou nun Pleno por unanimidade e que vostedes non executaron, a fixación dos puntos limpos na cidade. Aquí se aprobou unha moción solicitando que estes puntos limpos se puxeran en marcha o máis axiña posible.

Por esta moción solicitamos que se retomen as actuacións do expediente que vostedes arquivaron na Xerencia de Urbanismo no que se solicitaba a localización dun novo punto limpo. Ese é o expediente que vostedes arquivaron sen ter en conta as necesidades desta cidade. O arquivo do expediente está asinado por Carmen Silva Rego. É dicir, comezaron un expediente para a colocación de puntos limpos e logo pechárono non se sabe por que. Isto é algo incomprendible que habería que explicar.

Pero non queda aí a inoperancia deste goberno. Logo de dous anos da aprobación do Plan Xeral, Abel Caballero non foi quen de poñer en marcha nin un só punto limpo e iso que o Concello o tería bastante fácil porque o teren os puntos limpos situados no Plan Xeral, tan só lle tería que pedir unha axuda á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia xa que esta financiaba o 100% da obra, a totalidade. O único que tería que facer o goberno da cidade sería poñer a disposición os terreos axeitados, terreos que xa puxeron dezanove cidades de Galicia como poden ser Santiago de Compostela, Muros ou A Cañiza.

O Sr. Caballero reunírase co conselleiro de Medio Ambiente quen aínda está

agardando a solicitude para realizar as obras dos puntos limpos nesta cidade. Reuníronse á altura do mes de novembro de 2007 pero aínda así non se fixo nada, só se limitan a dicir que xa está todo feito e que os cidadáns non se decatan. Pero temos queixas cidadáns porque non existen puntos limpos na cidade, en concreto para depositar materiais de pintura que son altamente contaminantes e dos que se xeran grandes cantidades. Isto é o que di unha cidadá que non eu, á parte o escrito ten un número de expediente. Tamén di que hai cidades con menos habitantes que si dispoñen dun e así solicita que haxa puntos limpos na cidade. Hai outra queixa que me parece significativa porque di "É unha vergoña que estes puntos limpos non funcionen na cidade de Vigo mentres que na Coruña existen dous.

Vostedes non queren o diñeiro aínda que llo regalen. Falan moito do investimento da Xunta de Galicia e da Deputación na cidade, pero o caso é que a Xunta quere investir e vostedes non lle presentan o que deben, a adecuación dos terreos, e o que si utilizan son outros lugares da cidade de Vigo como a avenida da Florida para depositar os residuos. Así o demostran as fotografías que teño feitas por unha persoa que denunciou ó Concello; esta persoa expuxo que se está a cometer esta irregularidade xusto ó carón da súa casa. Mentres, o que fan vostedes é mirar cara outro lado, obviando a necesidade deses puntos limpos. Vigo é unha das poucas cidades de España sen puntos limpos. Dos oito puntos limpos que contempla o Plan Xeral non se desenvolveu ningún.

Os cidadáns non confían en vostedes. Esgotóuselles o tempo. Só queda recoñecer a inoperancia da súa xestión e por iso solicito que se inste ó goberno do Sr. Caballero a poñer en marcha os puntos limpos que se establecen no Plan Xeral da cidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Martiño, cando di que Vigo é unha das cidade máis importantes de Galicia acábame de abrir os ollos. Agora sabemos por que a Xunta e a Deputación se esquecen de Vigo porque para elas Vigo non é importante, hai outras cidades que son máis importantes. Agora xa sabemos porque os investimentos aquí son cero.

Hoxe semella que o debate era contra o concelleiro de Urbanismo porque se falou da biblioteca, do solo industrial e agora de que tampouco se desenvolveu o Plan Xeral porque non hai puntos limpos.

Vólvolle formular a mesma pregunta que fixen cando daquela vostedes presentaron

a mesma moción. Se vostedes teñen tanto interese en que exista nesta cidade un punto limpo fixo, por que non crearon vostedes un punto limpo fixo? Estiveron vostedes gobernando nesta cidade tres anos e anteriormente tamén estiveron gobernando, polo tanto se o Partido Popular de Vigo ten tanto interese nun punto limpo fixo, eu quero saber onde está o que creou o Partido Popular.

Nós decidimos optar por un sistema de xestión totalmente diferente de punto limpo móbil en rede. Non optamos porque o individuo colla a súa lavadora e a leve a un sitio da cidade; optamos porque o individuo baixe a lavadora ó seu portal e nós recollémola. Temos un servizo móbil porta a porta a demanda de todos os cidadáns. Iso non existe en ningunha cidade nin de España, nin de Galicia e estamos moi orgullosos deste servizo punto móbil en rede, un servizo de recollida domiciliaria a demanda dos veciños. Imos ó seu domicilio recoller a lavadora, recoller o moble, recoller o colchón; recollémoslle o lavalouzas, a neveira, o forno, os restos de ramas e podas porque sabemos que esta é unha cidade tamén moi rural onde hai moitos restos de material vexetal. Pero tamén con ese obxectivo de traballar en rede e achegar o servizo ó cidadán, non que o cidadán se teña que desprazar, aumentamos tamén os puntos de recollida de residuos perigosos como son as pilas, acumuladores e baterías de móbiles. Vostedes tiñan cero. Saben cantos puntos de recollida temos nós? Seiscentos.

Á parte tamén temos para a construción e para residuos de derrubas, para neumáticos. Tamén este goberno implantou un sistema de recollida en rede para aceites usados de cociña achegándoo ás comunidades e asociacións veciñais. Nestes momentos temos toda a cidade cuberta con este sistema de recollida de aceite usado e, cantos tiñan vostedes? Cero. Cantos litros recollemos o ano pasado por este sistema? 32.000 na comunidade veciñal que hai preto da súa casa e non desprazándose a un punto estraño da cidade.

Pero hai máis. Tamén temos puntos de recollida para residuos perigosos como son as lámpadas de baixo consumo e tubos fluorescentes; sesenta puntos de recollida en convenios con establecementos comerciais para que cada veciño no seu barrio poida depositar a súa lámpada e non ter que se desprazar.

Todos estes sistemas de querer abarcar e achegarse máis ó cidadán en troques de querer que sexa o cidadán quen se desprace, foron acompañados dunha política de limpeza e recollida deses puntos de vertidos incontrolados que estaban repartidos

por todo o termo municipal. Así, dunha cantidade de vertidos mensuais que había cando vostedes deixaron o goberno, arredor duns vinte vertidos mensuais, nós conseguimos reducir este número de vertidos a menos de catro.

Así lle podería demostrar como nos atopamos a cidade porque vostedes si que non dispoñían deste sistema e pódolle amosar como deixamos a cidade en lugares como a Estrada Provincial, na zona da Guía. Lémbrese como estaba a zona da Guía? Como a deixaron vostedes? Porque vostedes non tiñan ese sistema accesible ós veciños.

Pero fixemos moito máis. Creamos esas brigadas de proximidade para que os foxos estean limpos todos os días en todos os puntos da cidade. Lémbrolle que foron vostedes, que foi a Xunta de Galicia cando vostedes gobernaban, quen deixou a esta cidade coas mans cara enriba porque non podía recoller os trastes.

Así mesmo melloramos o sistema de limpeza e borrado de pintadas con vehículos máis eficaces, brigadas limpa-pasquíns, o contorno dos colectores, as distintas estradas de acceso á Guía, ó CUVI; incrementamos a frecuencia da reciclaxe (somos a cidade que máis recicla). Pero tamén temos servizo de porta a porta para cartón para que os veciños non se teñan que desprazar.

Isto é o que xerou que hoxe Vigo sexa a cidade máis limpa de España, premio "Vasoira de platino".

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Quen moito abarca pouco aperta, Sra. Díaz. Está claro que non quero falar do delegado de área porque tería que dicir que non se decata do que pasa na Xerencia. Por iso non comentei nada, non vaia ser que se sinta aludido, pero o que si lle podo dicir é que o Plan Xeral é un fracaso porque nin sequera se puideron desenvolver os puntos limpos.

Sra. Díaz, coido que vostede non sabe o que significan os puntos limpos porque me fala constantemente de limpeza, de podas..., cando o máis importante dos puntos limpos é a recollida selectiva de produtos. Estes produtos non os hai que recoller na casa de ninguén, non sei se o operario sobe á vivenda de alguén, maxino que os recollerán na rúa os correspondentes camións, eses puntos limpos que di vostede rodantes.

Ó día de hoxe non existe un punto limpo onde o cidadán poida levar os seus electrodomésticos e o que é importante é que a cidade de Vigo é unha grande

cidade que precisa un punto limpo que vostedes non fixeron.

Sempre fala da Sra. Porro, parece que teñen vostedes sempre esa palabra na boca. Eu o que lles digo é que Sra. Porro non o puido situar porque o Plan Xeral non estaba aprobado; agora que o está teñen os oito puntos limpos para situar. O que pasa é que obviamente vostedes entenden que o Plan Xeral é un fracaso e non queren desenvolver os puntos limpos, tentan evadir esa realidade e utilizar transportes móbiles.

Teñen claro tamén que a cidadanía xa non lles ve como os encargados de realizar o que prometeron na súa campaña electoral e á vez ven como o desastre ó que están levando vostedes á cidade é tan grande que xa nin sequera cren as súas promesas. O seu tempo esgotouse e en realidade só tratan de revestir todo o que non fixeron e dicir que existe e que está aí, pero non existe nada diso. O único que hai é unha inoperancia na xestión do Sr. Caballero. Non se preocupen vostedes que os puntos limpos farémolos nós.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando a posta en marcha dos puntos limpos que establece o Plan Xeral, co texto que se contén na parte expositiva deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES**

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

#### **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou

fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.